



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 20

Sesión plenaria
24 de setembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección de candidato para a cobertura dunha vacante do Consello Consultivo de Galicia (doc. núm. 8133, 12/CCGD-000001)

Punto 2. Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2022 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021) (doc. núm. 56574, 11/ICON-000015).

Publicación do Ditame e propostas de resolución aprobadas, BOPG nº 85, do 17.09.2024

Punto 3. Texto lexislativo

3.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia (doc. núm. 6646, 12/PL-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49f1, do 10.07.2024

Punto 4. Comparecencia

4.1 9950 (12/CPP-000017)

Do conselleiro do Mar, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

Punto 5. Moción

5.1 11146 (12/MOC-000020)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre os modelos de financiamento da construción das grandes infraestruturas públicas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 9483, publicada no BOPG núm. 73, do 29 de agosto de 2024, e debatida n sesión plenaria do 10 de setembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 18.09.2024

Punto 6. Propositions non de lei

6.1 767 (12/PNP-000066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Carreira Pazos, Iria

Sobre as accións que deben desenvolver, respectivamente, as consellarías con competencias en educación e en sanidade relativas á situación da atención á diversidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024



6.2 3402 (12/PNP-000378)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia en relación coa contratación menor

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

6.3 6108 (12/PNP-000643)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que elabore un estudo dos custos que suporía o rescate e a gratuidade da autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f1, do 26.06.2024

6.4 9285 (12/PNP-000795)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no que concirne ao incremento de prazas de persoal docente en educación primaria e secundaria logo da previsible eliminación da taxa de reposición

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

6.5 10670 (12/PNP-000876)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe poñer en marcha a Xunta de Galicia co fin de promover políticas para xerar un maior valor engadido no sector lácteo galego e afrontar as consecuencias que sofre pola actual crise de prezos

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 81f1, do 11.09.2024

6.6 10753 (12/PNP-000886)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e catorce deputados/as máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central referidas ás medidas que afectan a Sogama adoptadas tras a aprobación da Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 81f1, do 11.09.2024

Punto 7. Interpelacións**7.1 1377 (12/INT-000068)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre o balance das políticas de normalización lingüística

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024



7.2 2985 (12/INT-000201)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e tres deputados/as máis**

Sobre o modelo e as contías do financiamento local executado pola Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

7.3 5103 (12/INT-000306)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Insua Lema, Óscar**

Sobre as novidades na política da Xunta de Galicia respecto dos residuos municipais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

7.4 5504 (12/INT-000329)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**

Sobre a orientación da actual política da Xunta de Galicia en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.06.2024

7.5 10609 (12/INT-000467)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis**

Sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 82, do 12.09.2024

Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**8.1 11329 (12/POPX-000015)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a situación actual da xestión económica respecto do financiamento e da xestión dos fondos públicos en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 18.09.2024

8.2 11330 (12/POPX-000016)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as propostas que prevé defender o Goberno galego para reclamar un financiamento xusto para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 18.09.2024



Punto 9. Preguntas ao Goberno

9.1 7388 (12/POP-000980)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a planificación da estratexia fronte á aparición de especies invasoras que afectan o litoral galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 61, do 06.08.2024

9.2 7417 (12/POP-000995)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre as xestións previstas pola Xunta de Galicia co fin de acadar o traspaso dos medios materiais e persoais para asumir a xestión completa do litoral galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024

9.3 9948 (12/POP-001566)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, José Daniel e Fernández Davila, María Cristina

Sobre a suficiencia da dotación de profesorado do CPIP Cabo da Area, de Laxe, para garantir a atención ao alumnado con necesidades especiais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

9.4 10200 (12/POP-001631)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á mellora da calidade educativa dos centros de ensino do concello de Rianxo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 82, do 12.09.2024

9.5 11306 (12/PUP-000043)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre o prazo en que o Goberno galego pensa abrir os cinco centros de crise 24 horas prometidos hai máis dun ano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 18.09.2024

9.6 9978 (12/POP-001571)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre o eventual incremento do orzamento da convocatoria de axudas coñecidas como *Bono Remuda* para o fomento da remuda xeracional no pequeno comercio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024



9.7 11191 (12/PUP-000040)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis**

Sobre os compromisos do Goberno central en relación cos descontos nas tarifas das autoestradas estatais en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 18.09.2024

9.8 9058 (12/POP-001480)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre o balance do plan desenvolvido pola Xunta de Galicia para a cobertura especial levada a cabo na atención sanitaria durante o verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

9.9 11326 (12/PUP-000044)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as medidas que está a pór en marcha o Goberno galego ante a situación das frotas do cerco e de artes menores derivada da falta de cota de sardiña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 18.09.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia do deputado don Xosé Luís Bará Torres (BNG). (Páx. 12.)

Elección de candidato para a cobertura dunha vacante do Consello Consultivo de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente procede a unha breve explicación do sistema de elección e do procedemento da votación. (Páx. 12.)

A seguir, o señor presidente solicita que a señora vicepresidenta primeira e a vicesecretaria se sitúen onda a urna e que a señora secretaria proceda a realizar o chamamento. (Páx. 12.)

A señora secretaria, Vázquez Mourelle, fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os deputados membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa. (Páx. 13.)

Efectuado o escrutinio para a elección da vacante do Consello Consultivo de Galicia, Andrés Lago Louro é proclamado elixido con 64 votos a favor e 8 votos en branco. (Páx. 13.)

Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2022. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación do Ditame da Comisión: Sr. presidente da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas (Verea Fraiz) (P). (Páx. 13.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e fixación da súa posición: Sra. Espinosa Mangana (S) (Páx. 14.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 15.) e Sra. Sanz Arias (P) (Páx. 17.).

O señor presidente anuncia que, en primeiro lugar, corresponde a votación do ditame.

Votación do ditame aprobado na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2022 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021): aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e 1 abstención. (Páx. 18.)

O señor presidente comunica a votación das propostas de resolución aprobadas pola Comisión; en primeiro lugar, separadamente, a 1 e a 2 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e a continuación a número 16 e a transacción coa 29 do Grupo Parlamentario Socialista. (Páx. 18.)



Votación das propostas de resolución números 1 e 2, do G. P. Popular de Galicia, aprobadas na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2022 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021): *aprobadas por 47 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións.* (Páx. 18.)

O señor presidente anuncia a votación da número 16 e a número 29, transaccionada co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. (Páx. 19.)

Votación da proposta de resolución número 16, do G. P. dos Socialistas de Galicia, e a número 29, transaccionada co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, aprobadas na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2022 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021): *aprobadas por 71 votos a favor, ningún en contra e 1 abstención.* (Páx. 19.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesibilidade de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (López Campos).* (Páx. 19.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 23.) e *Sra. Queixas Zas (BNG)* (Páx. 27.).

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixaren a súa posición: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 31.) e *Sra. Pomar Tojo (P)* (Páx. 34.).

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 38.) e *Sra. Queixas Zas (BNG)* (Páx. 40.).

Votación do texto lexislativo

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e 1 abstención.* (Páx. 42.)

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e 1 abstención.* (Páx. 43.)

Comparecencia do conselleiro do Mar, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez).* (Páx. 43.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Abalde Alonso (S)* (Páx. 50.), *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 53.) e *Sr. Fidalgo Iglesias (P)* (Páx. 57.).

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)* (Páx. 59.).



O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 67.) Nesta rolda interveñen o señor Abalde Alonso (S) (Páx. 67.), a señora Pérez Fernández (BNG) (Páx. 69.), o señor Fidalgo Iglesias (P) (Páx. 71.) e o señor conselleiro do Mar (Villares Bermúdez) (Páx. 73.)

Suspéndese a sesión ás dúas e dez minutos da tarde e retómase ás catro.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre os modelos de financiamento da construción das grandes infraestruturas públicas. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada á moción. (Páx. 75.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 76.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Espinosa Mangana (S). (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 81.) e Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 83.).

A señora Prado Cores (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 85.)

Votación da moción

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre os modelos de financiamento da construción das grandes infraestruturas públicas: rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e 1 abstención. (Páx. 87.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día consistente en que a seguir se van formular dúas preguntas ao conselleiro do Mar.

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a planificación da estratexia fronte á aparición de especies invasoras que afectan o litoral galego. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 88.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez). (Páx. 88.)

Réplica do autor: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez). (Páx. 90.)

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que está a pór en marcha o Goberno galego ante a situación das frotas do cerco e de artes menores derivada da falta de cota de sardiña (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 91.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez). (Páx. 92.)

Réplica da autora: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 93.)



Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro do Mar (Villares Bermúdez)*. (Páx. 94.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández Davila e D^a Iria Carreira Pazos, sobre as accións que deben desenvolver, respectivamente, as consellarías con competencias en educación e en sanidade relativas á situación da atención á diversidade. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 96.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 98.), *Sra. Longueira Castro (S)* (Páx. 99.) e *Sra. Vázquez Suárez (P)* (Páx. 101.).

Nova intervención da señora Fernández Davila (BNG). (Páx. 103.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia en relación coa contratación menor. (Punto sexto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Iglesias Rey (S)*. (Páx. 105.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 108.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 110.) e *Sr. Rodríguez Martínez (P)* (Páx. 112.).

A señora Iglesias Rey (S) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 115.)

O señor García Comesaña (P) solicita a palabra e intervén por alusións. (Páx. 117.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que elabore un estudo dos custos que suporía o rescate e a gratuidade da autoestrada AP-9. (Punto sexto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 117.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Martínez (P)*. (Páx. 118.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 120.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 123.)

O señor Rodríguez Martínez (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 125.)



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no que concirne ao incremento de prazas de persoal docente en educación primaria e secundaria logo da previsible eliminación da taxa de reposición. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Abalde Alonso (S)*. (Páx. 127.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 130.), *Sra. Fernández Davila (BNG)* (Páx. 130.) e *Sra. Vázquez Suárez (P)*. (Páx. 133.)

Nova intervención do señor Abalde Alonso (S). (Páx. 134.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe poñer en marcha a Xunta de Galicia co fin de promover políticas para xerar un maior valor engadido no sector lácteo galego e afrontar as consecuencias que sofre pola actual crise de prezos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández González (BNG)*. (Páx. 136)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Méndez López (S)* (Páx. 139.) e *Sr. Viso Diéguez (P)*. (Páx. 141.)

Nova intervención da señora Fernández González (BNG). (Páx. 143.)

Suspéndese a sesión ás oito e catro minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifica a inasistencia á reunión do día de hoxe o deputado don Xosé Luís Bará Torres.

E, sen máis, entramos xa na orde do día.

Elección de candidato para a cobertura dunha vacante do Consello Consultivo de Galicia

O señor PRESIDENTE: Como punto primeiro, temos a elección de candidato para a cobertura dunha vacante do Consello Consultivo de Galicia.

Todo iso farémolo de acordo co artigo 4.3 e 3.2 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e tras o acordo da Mesa, logo da audiencia da Xunta de Portavoces do 17 de setembro do 2024.

En cumprimento destes artigos, o Consello Consultivo, na súa reunión do 30 de xullo de 2024, acordou iniciar o procedemento de designación dun membro lectivo do Consello Consultivo de Galicia.

Rematado o prazo de presentación de propostas, a Mesa, polo Acordo do 9 de setembro publicado no *Boletín do Parlamento*, admitiu a trámite a proposta do candidato presentada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Substanciada a preceptiva comparecencia do candidato, de acordo co establecido no artigo 3.2 da referida lei, na sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, que se celebrou o 16 de setembro, a Xunta de Portavoces, na reunión do 17 de setembro, acordou a súa inclusión na orde do día desta sesión plenaria.

Para os efectos da elección, confeccionouse a oportuna papeleta, na que consta o nome do candidato e o grupo proponente. A expresión do voto efectuarase do seguinte xeito: votos a favor, introducindo na urna unha papeleta na que conste o nome da persoa proposta, marcando cunha aspa o recadro correspondente; votos en branco, non marcar ningún recadro; e, votos nulos, cando se faga en papeleta diferente ou naquelas nas que se escriba o nome ou nomes doutras persoas, ou conteñan rascaduras ou sinais distintos daqueles que sirvan para concederlle o voto á persoa proposta.

Resultará elixido ou elixida a persoa candidata que obteña a maioría dos tres quintos dos membros da Cámara; é dicir, 45 votos en primeira votación e, se é o caso, maioría absoluta en segunda votación.

Procedemos, polo tanto, xa que creo que todas as súas señorías teñen a papeleta. Comezaremos a votación polo chamamento, que fará a secretaria da Mesa, a señora Vázquez Mourelle.



Rógolle á vicepresidenta primeira e á vicesecretaria —a señora Candia López e a señora Iglesias Rey— que se sitúen onda a urna para a recollida de papeletas.

Entón, cando queira a secretaria, comezamos.

(A señora secretaria, Vázquez Mourelle, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os deputados membros do Goberno e, finalmente, os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Non queda ninguén por votar. Pois, entón, procedemos ao recuento.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: O resultado é o seguinte: votos a favor de don Andrés Lago Louro, 64; votos en branco, 8.

Polo tanto, acadada a maioría dos 3/5, proclámase elixido membro do Consello Consultivo de Galicia don Andrés Lago Louro.

¡Noraboa e moita sorte na súa xestión! *(Aplausos.)*

Agora continuamos coa orde do día, co punto segundo.

Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2022

O señor PRESIDENTE: O ditame aproba a Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2021. É unha proposta e ditame do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, seguido de catro propostas de resolución que se aprobaron na Comisión na sesión do pasado día 13 e que se someten a debate e votación: as propostas de resolución números 1 e 2 do Grupo Parlamentario Popular e a proposta de resolución número 16 e a transacción coa número 29 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra o presidente da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, don Borja Vereá.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIONES CO CONSELLO DE CONTAS (Vereá Fraiz): Bo día.

Presentación do ditame e das propostas de resolución aprobadas pola Comisión non Permanente para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos correspondentes informes de fiscalización do sector público de Galicia, incluído o de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021.



Por acordo da Mesa do Parlamento do 2 de agosto de 2023 admitiuse a trámite o escrito do Consello de Contas de Galicia no que remite a Memoria anual de actividades correspondente ao exercicio de 2022, cos correspondentes informes de fiscalización do sector público de Galicia.

Logo de estudar os citados informes, así como as tres propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular, as 41 presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e as 37 formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a ponencia nomeada para o efecto e reunida o 10 de setembro de 2024 elevoulle á Comisión para as Relacións co Consello de Contas o correspondente informe e as propostas de resolución, verbo do que se pronunciou este órgano en sesión do 13 de setembro.

O ditame da Comisión incorpora a proposta de resolución do Grupo Parlamentario Popular relativa á aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2021.

As restantes propostas de resolución que foron aprobadas en comisión son catro. Das propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular, aprobáronse as números 1 e 2; das propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, aprobouse a número 16 e unha transacción coa número 29.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Establecemos, polo tanto, agora unha rolda dos grupos parlamentarios cun breve turno de intervención, tal e como acordamos na Xunta de Portavoces, de tres minutos por grupo.

Comeza o Grupo Parlamentario Mixto. (*Pausa.*) O señor Ojea declina a súa intervención.

Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Elena Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Bos días, presidente.

Señorías, bos días a todos e a todas.

Como xa trasladamos na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, os socialistas queremos recoñecer o traballo realizado por todo o persoal do Consello de Contas; traballo que realiza con rigorosidade e claridade e que plasma nos correspondentes informes, nas súas conclusións e resolucións e tamén nas recomendacións.

Pero todo apunta a que ao Goberno galego e ao Partido Popular estes informes lles xeran incomodidade, algúns supoñemos que preocupación, e queren despachalos axiña. E isto sucede porque poñen en evidencia a debilidade da xestión do Goberno galego.

Dado o pouco tempo do que dispoñemos, aínda que é certo que foi pactado, limitareime a comentar algunha consideración.



A fiscalización refírese á Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2021 e este traballo perde valor ao ter un gran desfasamento temporal. Resulta inasumible que a Xunta de Galicia continúe negándose a adiantar a rendición da Conta xeral.

O traballo do Consello de Contas tampouco é tido en conta polo Goberno galego. Ano tras ano veñen as mesmas recomendacións porque a Xunta as ignora e non as aplica, cando era o seu deber e responsabilidade, mostrando así unha falta total de respecto á institución e ao seu persoal, debido a que non só incumpren as recomendacións, senón que nin explican os motivos polo que o fan. E non hai nin a mínima intención por parte da Xunta de Galicia de incrementar o debate sobre estes informes e, como consecuencia, de incrementar a transparencia. Despáchanse en dúas comisións ao longo de todo o ano, fronte a moitas comunidades autónomas que as realizan mensualmente. E é fácil concluír que tanto para o Partido Popular como para a Xunta lle conceden nulo valor.

Para finalizar, quero indicar que os socialistas presentamos 38 propostas de resolución. Aceptóusenos unha e obtivemos soamente tres propostas de transacción por parte do Partido Popular. Dúas non puidemos aceptalas porque tentaban desvirtuar a proposta de resolución deste grupo.

Eran propostas que defendían unha maior transparencia e aumentar o control, pero ao Partido Popular e á Xunta de Galicia o traballo do Consello de Contas parécelle un estorbo e todo o que significa maior transparencia resúltalle incómodo. Por iso queren que os informes se convertan nun mero trámite e, se poden tapar as súas conclusións, un tanto mellor.

O noso desexo é que estes informes do Consello de Contas nos sirvan a todos, pero para iso tamén teñen que ter un apoio total por parte dos grupos que conforman esta Cámara.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Espinosa.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

«A verdade pode eclipsarse, pero non extinguirse». Isto escribiuno o historiador romano Tito Livio hai máis de dous mil anos e pode aplicarse perfectamente hoxe —2024— a este debate do Consello de Contas e ao *modus operandi* do Partido Popular. Porque si, o Partido Popular intentou eclipsar a verdade que nos contan estes informes. Intentárono atrasando este debate e sometendo o Parlamento aos seus intereses partidistas, e por iso debatemos estas propostas máis de seis meses despois de se constituír o Parlamento, porque levaba esta comisión, ademais, xa tempo paralizada. De feito, se hoxe temos este debate, é precisamente porque o BNG fixo valer a súa posición reforzada de líderes da oposición e forzamos a convocatoria ao abeiro do artigo 42.1 do Regulamento desta Cámara.



Aínda así, o Partido Popular fixo o posible por que pasase tempo polo medio. E a conclusión é clara: quixo facer iso confiando en que así o peso dos informes, a súa verdade, quedaría diluída. Pensarían que así morrería o conto; que se ía esquecer, que hai un informe sobre o sistema de financiamento, iso que o Partido Popular non quere negociar en Madrid e que nos fai perder máis de mil millóns de euros ao ano. Quixo así que á sombra deses informes nos digan, por exemplo, que as autovías planificadas polo señor Feijóo nos fan perder 44 millóns de euros ao ano que poderían ir para a sanidade ou o ensino e que hai informes que alertan da falta de transparencia e do control público, por exemplo, na empresa privada-pública liderada por Abanca e que a Xunta impulsa a través dela bombas ambientais como Altri.

Son informes que deixan en cueiros a política económica da Xunta, desde o Plan de transporte ás abusivas modificacións orzamentarias, pasando polas derivacións a centros privados na sanidade privada ou pola xestión da débeda; a débeda, iso que tampouco quere negociar o señor Rueda en Madrid.

En definitiva, informes que sinalan que o Consello ve limitado tamén o seu alcance, o alcance do seu traballo, porque a Xunta oculta información.

Todo iso era o que quería tapar o Partido Popular. Debía pensar que entorpecendo o traballo deste Parlamento ía servirille, pero xa di o refraneiro que «cando non queres caldo, sete cuncas». Por iso, desde entón, coñecemos informes aínda máis demoledores, como o informe do Álvaro Cunqueiro, que demostra ese desfasamento, ese sobrecusto de 470 millóns de euros.

A conclusión é clara: cantos máis informes coñecemos, pinga a pinga vemos a gran lameira dos chanchullos do Partido Popular. Iso é o que explica que hoxe vaian vetar as 41 propostas que o Bloque Nacionalista presentou e que vetaran 57 das 58 propostas de recomendacións que fixemos ao Consello. Só admitiron unha; unha na que levamos insistindo dende 2017 e sobre un ámbito que xa investiga a Fiscalía.

En conclusión, señorías, o filibusterismo parlamentario cutre do Partido Popular pode facer que estes debates cheguen tarde, que estes debates sexan opacados no ruído doutros asuntos, pero, desde logo, está claro que desde o Bloque Nacionalista Galego, igual que co noso traballo sacamos adiante con seriedade e contundencia esa comisión de investigación sobre o Álvaro Cunqueiro, Eulen e outros contratos da pandemia, seguiremos insistindo, porque cada día que temos un informe máis do Consello de Contas temos máis evidencias de que hai que seguir destapando esa verdade. E advertímoslles: deixen de intentar eclipsala porque non van conseguir facelo e, se a verdade non se extingue, tampouco as nosas ganas e o noso empeño en que haxa transparencia por fin neste Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Sanz Arias.



A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Os grupos da oposición levan meses dicindo que estamos atrasando os debates dos informes de fiscalización do Consello de Contas. E iso, señora Presas e señora Espinosa, é mentira.

Primeira mentira: vostedes, cando gobernaban, reuniron a Comisión do Consello de Contas con moita menos frecuencia que desde que governa o Partido Popular. En catro anos de Goberno bipartito tan só reuniron esta comisión en catro ocasións e a maiores sen permitir aos grupos da oposición que fixesen propostas ao plan de traballo.

Segunda mentira: ¿atrasar, que debate? ¡Se vostedes levan meses rexistrando iniciativas tanto en pleno como en comisión sobre as materias que recollen os ditos informes de fiscalización! ¿Furtar, que debate? E poño como exemplo este mesmo pleno que comeza agora, no que figuran dúas iniciativas rexistradas relacionadas con estes asuntos; dúas. Ou sexa, ¿cando se retrasou o debate dos contidos dos informes de fiscalización? É máis, dígolles con total seguridade que na data de hoxe, 24 de setembro do 2024, todos —¡todos!— os informes de fiscalización elaborados polo Consello de Contas e susceptibles de debate están tramitados. E xa lles avanzo, señora Presas, que en canto pase o prazo de publicidade preceptivo, tramitaremos a última memoria elaborada para o Consello de Contas, que corresponde ao exercicio 2023, que foi moi recentemente rexistrada nesta Cámara, como sabe. E aí, señora Presas, nese momento, será cando vostede poida debater sobre o informe do Cunqueiro, sobre o informe de financiamento..., e non agora, que non toca, porque non son eses os informes que se recollen na memoria e na conta que hoxe imos aprobar. Así que, señorías, deixen de retorcer a realidade. Porque, no que ao Consello de Contas se refire, vostedes sempre confunden desexos con realidade e a mellor proba diso é a Conta xeral do ano 2021.

E dado que formalmente corresponde ao Pleno desta Cámara a aprobación desta Conta xeral, permítanme que me deteña un momento en debullar as súas principais conclusións.

¿Que di esta Conta xeral? Pois di que Galicia cumpriu; cumpriu un ano máis cos obxectivos de déficit e de débeda que recolle o orzamento. Di que Galicia pechou o ano cun déficit dun 0,15 por cento do PIB, a pesar da situación excepcional derivada da pandemia. Di que Galicia foi capaz de reducir o seu *ratio* débeda/PIB, sendo a terceira comunidade de réxime común con menor indicador neste *ratio*. Di que Galicia acadou unha execución do seu orzamento do 95 por cento, sendo este indicador aínda maior cando se analiza o gasto social, que se executou un 105 por cento. Di que Galicia acadou un aforro bruto de 864 millóns de euros, o que permitiu incrementar o investimento sen necesidade de acudir a endebedamento e di que Galicia foi unha das comunidades que liderou o pago a provedores, porque pagou en 15 días, fronte aos 25 días que paga a media nacional.

En canto ás propostas de resolución, cando o 90 por cento delas son un corta e pega de exercicios anteriores ou cando demandan imposibles, pois, como imaxinarán, non podemos aceptalas. En todo caso, gustaríame poñer en valor que fomos capaces de acadar acordos en dúas propostas: unha relativa ao control das fundacións de investigación sanitarias e outra



relativa á delimitación de competencias municipais. E aprobamos, sen ningún voto en contra, a nosa solicitude para que se fiscalice en todos os concellos que renderon as súas contas no prazo que marca a lei. Por certo, os concellos de Verín, Redondela, A Rúa non renderon en prazo.

Remato xa agradecendo, como sempre, o bo traballo do Consello de Contas, do conselleiro maior e do seu equipo, e agradecendo e felicitando a Consellería de Facenda, ao resto das consellerías e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, porque a Conta xeral que veño de analizar amosa que vivimos nunha Galicia saneada, nunha Galicia con capacidade de investimento e, a pesar do infrafinanciamento que recibimos do Goberno central, nunha Galicia capaz de prestar cada vez uns servizos públicos de maior calidade ao servizo das galegas e dos galegos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos, polo tanto, á votación do ditame e das propostas de resolución. Pechen as portas, por favor.

O primeiro punto é o ditame polo que se aproba a Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2021, proposta de ditame do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Votación do ditame aprobado na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2022 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame.

Votamos as propostas de resolución aprobadas pola Comisión. Sométense a votación por separado, por solicitude do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. En primeiro lugar, votamos as propostas 1 e 2 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e a continuación a número 16 e a transacción coa 29 do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor PRESIDENTE: Votamos, polo tanto, as propostas números 1 e 2 do Grupo Parlamentario Popular.

Votación das propostas de resolución números 1 e 2, do G. P. Popular de Galicia, aprobadas na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos In-



formes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2022 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 47; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a número 16 e a 29, transaccionada co Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da proposta de resolución número 16, do G. P. dos Socialistas de Galicia, e a número 29, transaccionada co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, aprobadas na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2022 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2021).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71; abstencións, 1.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas de resolución.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións deste punto.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, texto lexislativo.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesibilidade de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ao proxecto de lei presentáronse emendas á totalidade, emendas de devolución, unha do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (López Campos): Moitas grazas, presidente.

Señorías, logo do mandato expresado polas urnas nas últimas eleccións autonómicas, é o deber e a responsabilidade dun goberno eficaz e solvente o desenvolvemento de normas e medidas que permitan mellorar a calidade de vida do conxunto da nosa cidadanía, tratando de construír un país mellor onde todos —repito, todos—, independentemente das nosas capacidades, teñamos o noso propio espazo. Nese senso, cómpre destacar que a cultura é hoxe un importante elemento dinamizador da nosa sociedade, tanto dende o punto de vista da



cohesión social, ao contribuír á nosa construción identitaria, como dende un punto de vista máis prosaico, dende o ámbito económico, ao ser o sustento dun gran número de profesionais. Hoxe a nosa cultura representa máis do tres por cento do PIB da nosa economía.

Dende logo, calquera pode ter o seu punto de vista e, por suposto, ter as súas distintas opinións, e neste ámbito podemos discrepar, pero creo que todos coincidimos en que a cultura galega se atopa no día de hoxe nun gran momento, cunha vitalidade que permite que hoxe a nosa cultura sexa dinámica, sexa profesional e sexa competitiva, tanto dentro como fóra das nosas fronteiras. (*Aplausos.*) E si, efectivamente, hoxe podemos afirmar que, grazas ao traballo dun sector preparado, comprometido e entregado, a nosa cultura é un referente do panorama europeo tanto pola súa pluralidade de propostas como pola súa ampla calidade. E nisto coído que estarán todos, señoras e señores deputados, de acordo comigo: cunha cultura tan rica, cunha cultura plural, cunha cultura diversa como a que temos en Galicia, creo que debemos entre todos acadar un necesario consenso para que esta sexa de acceso universal para todas e para todos, sen barreiras físicas, sen barreiras cognitivas, sen barreiras comunicativas, sociais ou territoriais, sen ningún impedimento para que calquera persoa, independentemente da súa situación persoal, poida crear e poida gozar da nosa actividade —extraordinaria actividade— cultural. (*Aplausos.*)

É por iso que, como conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, me fai unha especial ilusión poder presentar neste Parlamento o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia; texto monográfico que brinda ese acceso á cultura dende a perspectiva da inclusión e da accesibilidade. É un texto que aspira dende aquí, dende Galicia, dende o noso Parlamento, a ser unha lei pioneira en Europa. Así pois, con este texto preténdese actualizar o noso ordenamento xurídico para dar resposta ás necesidades da Galicia de hoxe e da Galicia de mañá, a Galicia que queremos e desexamos para as futuras xeracións. É por iso que debemos conciliar a cultura coa realidade das diferenzas que presentan as persoas, especialmente daquelas cuxa situación poida significar un obstáculo no ámbito cultural. Mais tamén lles queremos dar un impulso aos creadores, apoiando o talento e a visibilidade de todas as persoas; tamén daquelas que, por desgraza, puidesen estar invisibilizadas aos ollos da nosa sociedade. E todo isto queremos e debemos facelo de xeito normalizado e sen estereotipos.

A redacción deste texto sobre o que agora debatemos e o que imos debater posteriormente provén dun proceso participativo no que estivo involucrado un bo número de axentes culturais. O noso obxectivo, ao inicio da preparación desta lei, era conseguir primeiro unha lei que fose realmente útil e beneficiosa para aquelas persoas, para todas aquelas ás que vai dirixida, e, en segundo lugar, unha norma que teña verdadeiramente unha garantía de permanencia no tempo. En total, para dar vida a este texto que hoxe debatemos, realizáronse sete xuntanzas nas que participaron máis de 55 entidades, ademais dun acto de presentación o pasado mes de xullo en Ourense. En todos estes actos multitude de axentes implicados no sector cultural puideron realizar todas as súas achegas. Por tanto, estamos a falar dun texto maduro e consensuado, froito do diálogo cun sector que se mostrou moi participativo e con moitas ganas de contribuír á construción dunha cultura máis inclusiva e accesible: a aprobación, en definitiva, dun marco normativo que garanta unha cultura universal e de calidade.



Como xa se ten indicado, este proxecto de lei aspira a eliminar os obstáculos e as barreiras que impiden o acceso e a participación na vida cultural, mais tamén que se garanta a inclusión de todas as persoas como un dereito absolutamente fundamental. Para todo isto partimos de dous postulados básicos: garantir o acceso e fomentar o consumo de produtos e servizos culturais; e, en segundo lugar, dar visibilidade a todo o talento artístico —que non é pouco— que temos neste país de todo aquel que queira participar no sector.

Tendo isto en conta, expóñolles a continuación os que considero que son os seis aspectos máis importantes deste texto.

En primeiro lugar, facilitará a creación e a xeración de produtos culturais desde todas as vertentes, coa contribución de todo tipo de persoas e coa participación de todos os colectivos sociais. Garantirá a participación nas actividades de creación cultural daquelas persoas que puidesen ter máis dificultades para facelo, e, por suposto, buscará tamén unha maior visibilidade da muller.

En segundo lugar, apostará polo impulso da cultura no noso rural, tendo en conta a estrutura e a ordenación do noso territorio. Garantirá o desenvolvemento dunha programación cultural para toda Galicia, dende a cidade máis grande ata a aldea e a vila máis pequena. Así, esta lei obrigará as administracións —poñeranos obrigas a todas e a cada unha das administracións; poñeranos deberes— para examinar as singularidades do noso territorio e garantir que os servizos culturais cheguen a todos os cidadáns, independentemente do lugar no que residan. Tendo en conta a experiencia dalgúns servizos, apostará pola adaptación de formatos para prestar servizos de maneira móbil ou itinerante como modelo de éxito, como puidemos comprobar durante este verán co proxecto iniciado por parte da Consellería como as «furgotecas».

En terceiro lugar, conciliará a cultura coa realidade e os colectivos en risco de exclusión social. Creo que todos coincidimos en que a cultura é un dereito fundamental para todas as persoas, e as administracións debemos e temos a responsabilidade de traballar activamente para garantir ese acceso universal á cultura. Esta lei sentará as bases para poder unir a cultura con todas as persoas, independentemente das súas circunstancias persoais ou dos medios económicos dos que dispoña. Esta norma, en fin, tratará de derrubar esas barreiras que noutrora puideron semellar insalvables.

En cuarto lugar, afondará na redución da fenda dixital. Boa parte da poboación segue experimentando problemas relacionados coas novas tecnoloxías para acceder á cultura. Así pois, desenvolveranse ferramentas dixitais de fácil comprensión, garantindo o fácil acceso a todas as persoas para que as competencias dixitais non sexan un problema á hora de acceder aos distintos servizos culturais. Tendo isto en conta, no texto do proxecto de lei inclúese a importancia de realizar unha avaliación do público destinatario para levar a cabo medidas como, por exemplo, a reserva de entradas para a súa venda en billeteiras físicas.

En quinto lugar, fomentará a participación e o consumo dixital. Partindo da base da mellora no acceso aos contidos virtuais, este texto aspira a que se leve a cabo un maior consumo de produtos dixitais, mellorando fundamentalmente as condicións de accesibilidade. Con estas



ferramentas búscase que aquelas persoas de maior idade e, polo tanto, menos adaptadas ao uso das novas tecnoloxías, poidan consumir estes produtos, intensificando a súa participación nun ámbito cultural que cada vez tamén medra máis na rede.

E, en sexto e último lugar, será unha lei pioneira en Europa. Como xa lles dixen, Galicia aspira con este texto a ter unha lei pioneira no ámbito dos dereitos culturais en Europa, algo que só se pode facer co compromiso e co traballo de todos, incluíndo, por suposto, Goberno e oposición, todas as forzas políticas que están representadas neste Parlamento, (*Aplausos.*) e, por suposto, tamén garantindo unha escoita activa das demandas e achegas formuladas incansablemente polo sector cultural.

Señorías, con este traballo que hoxe iniciamos aspiramos, sen ningún lugar a dúbidas, a converternos nunha referencia en materia de dereitos culturais e nun exemplo que permita tamén, unha vez máis, que outros territorios se fixen en Galicia.

Por outra banda, gustaríame indicar que este proxecto de lei é só unha das medidas, das moitas medidas impulsadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e que xa comezan a dar os seus froitos. Algúns exemplos do modelo que queremos implantar van dende accións máis localizadas, como o proxecto que antes mencionei, das furgotecas, servizo móbil de biblioteca que funciona nos concellos do rural das provincias de Lugo e Ourense, cuns datos realmente positivos, alcanzando máis de quince mil préstamos neste último ano e ofrecendo un amplo programa de actividades de dinamización lectora para todas as idades e en todos os territorios; ata o gran proxecto cultural deste verán, o CulturOn, iniciativa que reúne todas as propostas culturais de Galicia no período estival e que conta con ata trinta actividades diarias en máis de douscentos concellos de Galicia, priorizando fundamentalmente aquelas actividades nos concellos máis dispersos e nos concellos máis pequenos; pasando por outros proxectos que de maneira simultánea seguen tamén o seu curso, como a Rede Adival, iniciativa presentada este mesmo ano e que ten como obxectivo principal a dinamización cultural no rural; esta rede será constituída antes de finalizar este ano 2024 e daremos participación a todas as entidades culturais de Galicia para que poidan participar deste proxecto común.

Tendo todo isto en conta, aspiro a que, coa responsabilidade que os galegos e as galegas entenden que debemos de ter os seus representantes públicos, abordemos con serenidade e con intelixencia este debate. Dende logo podemos discrepar nalgúns puntos, mais debemos abordar este debate de xeito construtivo e cun obxectivo único: mellorar a calidade de vida da cidadanía a través da cultura. E ¿de que maneira? Por suposto, eliminando barreiras que aínda existen, promovendo a participación de toda a cidadanía, impulsando a creación e o acceso ao ámbito cultural, ensanchando fundamentalmente a nosa base cultural e mellorando as expectativas de todas as persoas, sexan cales sexan as súas condicións, independentemente do lugar onde residan.

Por iso, coas mesmas ansias que tiveron con moitos menos recursos os precursores da cultura que hoxe desfrutamos, prégoles que se leve a cabo este debate coa altura de miras apropiada, para construímos xuntos unha cultura máis sólida, para construímos xuntos unha sociedade máis xusta, para construímos xuntos un país mellor. Porque dende o momento



no que este proxecto poida ser aprobado e, polo tanto, converterse en lei, en Galicia, o lugar onde vivas, a situación económica que teñas ou as limitacións físicas e persoais deixarán de ser un impedimento para pasar a ser un dereito que garanta o acceso universal á creación, goce e difusión da cultura galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Coa cultura pasa como coas obras: sabemos todos, todos entendemos de cultura, todos podemos falar e tamén todos podemos falar de obras, e iso non é nada malo, pero, cando un trata de institucionalizar, cando un trata de facer disto unha cuestión de Estado —que é o que creo que debemos facer—, a cuestión revértese e volca doutro lado.

Pero imos comezar esta intervención poñendo énfase sobre dous puntos que, evidentemente, nos traen hoxe aquí, que é que os antecedentes producen —creo eu— un beneficio tan construtivo como inexistente.

Por unha banda, esa tesitura legal é fundamental, que nos fala do artigo 27 da Declaración universal dos dereitos humanos, que garante os dereitos culturais, incluído o dereito a todos e todas a participar libremente na vida cultural, a desfrutar das artes e a compartir os avances científicos e os seus beneficios, así como o artigo 44 da Constitución española, na que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á ciencia e investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral. Como vemos, o papel aguanta todo o que lle poñan. E, por outra parte, e para min está aquí, e para o PSdeG está aquí o interesante, está o intanxible da urxencia e o real da circunstancia que causou a chegada da covid-19, que supuxo, desde o punto de vista da cultura e da ciencia, comezar a falar de xeito institucional da sociedade dos coidados. Foi a primeira vez que este termo foi trasladado á cultura e por ende ao ámbito das institucións culturais. Aquí comeza, e non antes, o que desde as institucións culturais observamos como unha revelación sobre que a cultura na extensión de todo o seu ámbito é un dereito *de facto*, pero que dentro dese paradigma está que o feito definitivo de acoller no seu desenvolvemento, na súa propia actividade cultural, o espazo aos coidados, entendidos estes como un paso cara á accesibilidade e a inclusión; insisto: o espazo dos coidados que trae da man a accesibilidade e a inclusión.

E é entón cando os centros de arte, por exemplo, levan o desenvolvemento dunha nova sociedade coidadora pola que tanto os axentes do sector avogan a que se expanda e mesmo se converta nunha actividade híbrida, na que os migrantes, por exemplo, poñan os seus traballos en comunidade; a arteterapia sexa xa tamén unha cuestión importante dentro do termo cultural; o entramento persoal. As relacións de ida e volta cos colectivos con discapacidade



e a poboación vulnerable son xa parte da programación e da emisión dun puñado de institucións en España, e dun puñadoño pequeno en Galicia tamén.

Houbo en todo este novo modelo moito de posturo, e todos o sabemos. Pode adoptar nomes como conseguir novas audiencias para os eventos culturais, centros que estiman que facer visitas guiadas para enfermos de alzhéimer dúas veces ao ano cumpre a función vertebradora da sociedade de coidados e inclusiva, ou o feito de habilitar e ter en conta o público con escasa mobilidade nunha serie de artiluxios que, mal que ben, e despois de buscalos e dar mil voltas, poden acceder a recintos ateigados de persoas que realmente nunca foron obxecto dunha mínima sensibilización ao respecto.

É curioso como este proxecto de Lei de cultura accesible e inclusiva obvia nos seus antecedentes ese encadre real, que se deu dentro do sistema cultural desde o ano 2019, e que partiu dos propios axentes que programaban, e da man dalgúns artistas, dun sector, señorías, debilitado, depauperado, efémero, precarizado e, en moitas ocasións, levado ao rincón das cuestións menores.

Sen ánimo de ofender —e dígoo realmente— e sabendo que nesta sala se sentan persoas que disfrutan e apoian, por exemplo, o coleccionismo, feito que animo desde aquí a que sirva de apoio ao noso acervo cultural, eu pregúntome, con todo o respecto, como un presidente dun parlamento pode estar orgulloso de conseguir obras de arte pedíndolles rebaixas aos artistas, e ademais dígoo porque escoiteillo en dúas ocasións, tal e como explicou en varios actos públicos. (*Murmurios.*) Buenos días. ¿Como podemos facer en serio unha Lei de cultura accesible e inclusiva se os propios produtores desa cultura entendemos que son materia de trueque? E eu pregúntome se a algún de nós se lle ocorreu ir a unha farmacia e pedir rebaixa no prezo do paracetamol, ou a un avogado negociar o prezo da demanda, ou chegar a unha universidade privada e dicirlles que só temos mil euros para a matrícula e tómalo ou non matriculo o fillo.

O que quero dicir con isto é que nin este proxecto está redactado coa profundidade que require esta sociedade actual e que nace cheo de vaguidades, nas que non somos capaces de vislumbrar o aspecto relacional do mesmo nin de ver como pensa inserirse na propia sociedade. As manifestacións culturais teñen ámbitos efémeros, proxectos inmateriais que teñen que ver máis coa investigación do propio ser humano que da cousificación da obra. A accesibilidade ten que participar dese novo, e non tan novo, modo de entender a cultura, e o seu proxecto de lei nin sequera o contempla.

E iso dígoo polas experiencias que xa tivemos nesta Cámara no anterior período de sesións, unha Cámara que ten a fortuna de promover lexislación e o bochorno de non levalas nunca á práctica, nin tan sequera de apoiar iniciativas que traballen en favor, por exemplo, da sensibilización e pedagogía dos dereitos LGTBIQ+; non quixera recordar aquí a desafortunada intervención do conselleiro de Educación ao respecto do tema. Ou mesmo a Lei Paz Andrade, que supón para Galicia un reto fácil de acadar con obxectivos que están na man de calquera dirección xeral que decida apostar por traballar e cumprir coa propia lei específica.

Ou ¿como podemos validar esta Lei de cultura accesible inclusiva dun proxecto que nin tan sequera foi presentado á Federación Galega de Veciños, que agrupa a maioría das asociacións



veciñais de Galicia?, un medio potente, moi potente, de difusión e de transmisión que nin se contemplou, e non se contemplou basicamente porque a esta lei pásalle como aos produtos culturais: téñena de música de fondo mentres escorren polas mans os fondos europeos ou mesmo nin tan sequera son capaces de executar o propio orzamento.

Porque, á marxe de que no PSdeG queremos unha lei deste tempo que nos toca vivir, a inclusión é unha inclusión da sociedade no seu conxunto, precisamente desa sociedade que o capitalismo salvaxe promulgaba xa hai tempo na famosa frase da señora Thatcher: «*No existe tal cosa como la sociedad, hay hombres y mujeres individuales y hay familias*» — dicía a ilustre política británica —; unha declaración que resume a súa crenza na importancia primordial dos individuos e as familias da sociedade, facendo fincapé na responsabilidade persoal e a autosuficiencia; suxire que o progreso social é o resultado colectivo das accións dos individuos e a forza dos vínculos familiares.

Por incidir tamén noutros aspectos da lei, non atopamos unha calendarización. E, polo que puidemos observar ultimamente cando transaccionamos algunha emenda ou cando propoñemos algunha acción, o feito de darlle o protagonismo ao calendario é algo que non está ben visto por vostedes. Non obstante, atopamos que é o único modo de encadrar os obxectivos, que, por outra banda, como xa dixemos, andan diluídos e etéreos en todo o proxecto.

E, por último, hai dous temas xerais que levantan un feito sospeitoso sobre o propio proxecto: non existe en Galicia un plan de dereitos culturais. Vostede poderá dicir que esta lei será pioneira en Europa; non o discuto, non coñezo en profundidade as leis de accesibilidade cultural europea. Vin algunhas cuestións, pero non lle vou discutir ese feito; se vostedes o repiten, e repetírono hoxe, repetírono máis veces, posiblemente sexa certo, pero en Galicia, para comezar a falar disto, non existe un plan de dereitos culturais, algo que poden vostedes, seguramente, atopar noutras comunidades nada sospeitosas como Canarias ou Navarra. Nin tan sequera hai unha ollada a ese Plan de dereitos culturais que desde o Goberno de España se está a elaborar con total e aberta colaboración.

Eu ánimoos desde aquí a que formen parte dese proxecto que nos abre posibilidades a realidades destas dúas palabras que tanto parecen estimar: accesible e inclusión. Pero disto xa falaremos, posiblemente, no segundo turno.

Porque, realmente, ¿temos que falar agora neste proxecto, é dicir, non o poderíamos ter solventado de forma transversal a través de calquera outra consellería, a través de fondos europeos, da fenda dixital? ¿Realmente temos que falar aquí de produtos dixitais? ¿Ou realmente temos que falar de furgotecas, cando hai concellos neste país que teñen as mellores redes de bibliotecas de España e incluso en competencia con países europeos? Hai moito onde mirar. Por suposto que somos unha poboación dispersa e por suposto que hai un rural, un rural que no día de hoxe non ten absolutamente ningunha arma cultural na que sosterse ou na que ser parte da súa vida.

Entón, se realmente pensamos que isto é un texto moderno; se realmente pensamos que estamos eliminando barreiras, cando as levamos facendo desde os concellos socialistas anos e anos, da man, evidentemente, do sector da discapacidade e doutros sectores; se realmente



este é o plan e esta é a modernidade que nós imos ver aquí ou que nós imos discutir, eu propoñía unha cousa. Eu téñoille moito empeño neste tema, de verdade llo digo. Eu creo que a cultura nos fai mellores, eu creo que a cultura nos salva de moitas cuestións, eu creo que a cultura ademais nos axuda politicamente —aínda que sexa o último que poñemos nun programa cultural, sexa cal sexa o partido ao que queiramos referirnos—, pero a cultura é capaz de salvarnos de moitas situacións ademais evidentes, desa cousa que tanto lles preocupa, que é o produto interior bruto, que está moi ben que sexa así.

Pero realmente deamos un paso onde poñamos unha lei moderna, porque vostedes están a falar aquí dunha sociedade que xa pasou, xa existiu, estamos noutra parada. Estamos en provedores de contidos que teñen serias dificultades para subsistir, teñen serias dificultades para seguir chamándose provedores de contidos, artistas, creadores..., como se lles queira chamar. Non hai un réxime, non están regulados, non hai un plan, van a salto de mata, a salto de subvención, vendo cada ano onde se poden axustar nas bases que sacan as diferentes institucións; proxectos magníficos moitos deles, moitos outros máis que magníficos que por cuestións políticas ou por cuestións de pensamentos avanzados nunca saen a flote, nunca saen adiante.

Entón —vóltolle a repetir—, a min tócame defender isto desde unha postura, evidentemente, que é que eu non creo no que fixeron. Eu creo que isto foi feito cunha consultora, algúns colectivos que se consultaron, chispún, tira para adiante; é a miña sensación. Porque isto de verdade é que non pode ser, que algo no que se leva traballando en diferentes sectores, como é o da accesibilidade e a inclusión e outros como é o da cultura, teña esta característica tan paupérrima. Non pode ser, ten que ser outra cousa, porque somos outra cousa, porque os cen mil xoves que expulsamos de aquí desde o ano 2008 —moitos deles artistas— xa están noutra cousa.

Porque cando falamos de accesibilidade, da fenda dixital, evidentemente, é que isto é urxente, non é que teña que entrar nunha lei, é que isto xa é como o que tiñamos que ter xa auga quente na casa, non temos que ir ao pozo buscala, non temos que facer a traída e a acometida.

Entón, eu quixera salvar isto por algún lado, pero non podo; non vexo ningún sustento de onde facelo real. E, ademais —volto dicirlle—, pídoo con moitísima ilusión, porque realmente é un dos temas que me apaixona e sobre o que persoalmente teño traballado, pero realmente creo que é unha cuestión pobre. E non o digo por vostede, que acaba de chegar. Vostede terá un equipo e o seu equipo haberá de encargarse a quen encargou estas cuestións. Eu non o sei, porque eu desgraciadamente non goberno, pero, se o fixera, seguramente buscaría os mellores e falaría con todo o mundo e miraría como se está facendo en España, un plan onde os dereitos culturais están sendo consensuados con todos e cada un dos axentes culturais e, por suposto, da sociedade. E isto —sentíndoo moito— a min déixame, ben, un pouco baleira e un pouco orfa. Pero, ben, todo ten solución menos a morte, así que espere-mos que poidamos solucionar algo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Eu só un matiz a esa expresión que vostede utilizou sobre o das rebaixas que o presidente do Parlamento pode pedir nas obras de arte. Imos ver, iso non é mérito ningún, iso pode pedilo, eu pídoos en nome da institución. O que realmente é mérito é que os artistas fagan esa rebaixa, porque os artistas a través desa rebaixa expresan o seu compromiso cun pobo a través do Parlamento. (*Murmurios.*) E iso, si, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si, iso é así, e por iso hai que seguir así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) No Parlamento, porque é onde están as obras de arte. Eu creo que iso, ¡home!, dicir que por que non se lles vai pedir unha rebaixa, pídeselles porque esta é a primeira institución da Comunidade Autónoma e é un orgullo que tamén aquí estean cadros dos artistas, e por iso o fan, moi xenerosamente. E nada máis.

Continuamos.

Correspóndelle, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, á señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Moi bo día, señorías.

Moitas grazas, presidente.

Non podemos falar neste pleno de cultura e de cultura inclusiva sen mencionar hoxe o noso orgullo polas recentes concesións dos premios nacionais de cultura que concede o ministerio á ilustradora Bea Lema e á poeta Chus Pato, dúas autoras galegas, que a través das páxinas de *O corpo de Cristo* e *Sonora* son quen de incluír un tema tabú como é a doenza mental desde a perspectiva dunha nena e de incluír o galego como lingua propia de expresión poética que desde hai séculos vén dando forma visíbel e audíbel á nosa forma de ser e de estar no mundo como cultura galega. Parabéns ás dúas autoras. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, está comezando esta nova lexislatura e no BNG entendemos que hoxe é unha moi boa oportunidade para que a sociedade galega coñeza, por unha banda, os proxectos de goberno do Partido Popular en materia de cultura e, pola outra, o proxecto de goberno alternativo co que nos comprometemos desde o BNG desde a responsabilidade de liderar a oposición, que é o que nos encomendaron os galegos e as galegas.

É tempo de saber se vostede, como conselleiro, se conforma con ser un conselleiro continuísta, que quere facer seguidismo da política cultural das lexislaturas anteriores, ou se de verdade ten un perfil propio, un perfil político propio, capaz de saír do marco e de afrontar os retos pendentes e os novos. É esta hoxe, ademais, a primeira oportunidade para saber se a cultura galega ten só un novo conselleiro ou se ten un proxecto político que atenda ás demandas, que sexa coñecedor do inmenso capital creativo que temos e sobre todo capaz de dar unha resposta á altura.

Imos facer memoria.

Comeza vostede esta lexislatura do mesmo xeito que comezou a lexislatura anterior —a primeira na que eu participo nesta Cámara—, coa aprobación dunha lei. Naquel momento o conselleiro de Cultura anterior, o señor Román Rodríguez, fíxoo coa tramitación da Lei de



museos, unha lei —dixémolo no BNG na tramitación— que nacía baleira de contido, descoñectada das novas correntes da museoloxía, que a condenaba á prehistoria museística antes de nacer. E tan na prehistoria debía estar e segue estando ese documento, tan pioneira era que en toda a lexislatura, en catro anos, non tivo nin o máis mínimo desenvolvemento legal.

O mesmo conselleiro, o señor Rodríguez, despediu a lexislatura pasada, no derradeiro pleno do mes de decembro, co debate de totalidade deste Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesíbel de Galiza, que hoxe vostede volve traer a esta Cámara pola vía rápida. Será que é tan pouco pioneiro que xa corre o risco de caducar. Como era de agardar, volve presentalo vostede como unha lei pioneira en España, no resto de Europa e —eu creo que xa estamos a piques de botar por fóra— incluso da galaxia; xa era pioneira hai máis de dous anos cando empezaron a anunciálo en notas de prensa.

E a primeira pregunta que nos facemos é: se segue a ser tan pioneiro e ninguén fixo aínda caso del, ningunha administración mirou para el, desde logo dá moito para pensar seguiralles a man do pioneiro.

Repítele vostede o guión de comezo e de final da lexislatura anterior. Empeza a ser moi previsíbel con tanto corta e pega, propio dun alumno pouco motivado ou dun mestre pouco referente. Empeza vostede, en definitiva, dunha forma pouco orixinal, que é o mesmo que dicir sen un proxecto político propio para a cultura do noso país, para liderar politicamente a cultura galega, que é o que lle corresponde como conselleiro.

Vostede acepta hoxe o mandato de volver traer aquí, de segunda volta —como un segundo prato—, o Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesíbel de Galiza, nove meses despois do primeiro debate de totalidade, interrompida a tramitación pola disolución da Cámara e a convocatoria de eleccións. Vostede podía optar por someter o texto deste proxecto de lei a unha nova reflexión, a un contraste, a unha consideración das múltiples alegacións presentadas e desatendidas, e devolver aquí, no tempo que se precisase, un novo texto, novo e novidoso de verdade.

Falaba vostede de que quere ser parte dun goberno eficaz e solvente. De selo, tería optado por esta vía. No entanto, vostede escolleu volver presentar o mesmo texto de hai nove meses, sen revisar o fondo; sen incorporar as múltiples alegacións desatendidas, tanto por parte dos órganos de asesoramento do Goberno da Xunta como das moitas entidades do terceiro sector e, por suposto, tampouco as da oposición. Presenta un texto sen nin sequera darlle unha lectura para corrixir as faltas de ortografía. Máis que un texto maduro —como di vostede— parece un texto bastante reseso.

Permítame unha pregunta, por certo, señor conselleiro: ¿vostede leu en profundidade este Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesíbel de Galiza?, ¿vostede leuno a fondo? ¿Ou é que vostede fai como o seu estimado amigo, o señor presidente Rueda, que fala do informe do Consello da Cultura Galega sobre a afectación de Altri en relación co país sen sequera telo lido? ¿Vostede leuno ou fai como o señor Rueda?

Por certo, gustaríame saber —aínda non o escoitamos pronunciarse— que opina vostede da análise que fan nese informe do Consello da Cultura galega as profesoras Rebeca Blanco



e Teresa Nieto sobre a altísima afectación da macrocelulosa de Altri sobre o patrimonio cultural, nomeadamente sobre o Camiño de Santiago. ¿Tamén pensa como a súa compañeira do Consello de Goberno, a conselleira de Medio Ambiente, que son simplemente opinións e, desde logo, non voces autorizadas? ¿Ou é que a partir de agora a cultura inclusiva do Goberno do Partido Popular vai de incluír o patrimonio cultural e o patrimonio da humanidade no atrezo dunha macrocelulosa? ¿A partir de agora os peregrinos, os camiñantes, van ter un Camiño de Santiago con vistas a unha macrocelulosa patentada polo Partido Popular?

Nós, desde logo, lemos con moita atención o informe do Consello da Cultura Galega e volvemos ler, con responsabilidade e atención, este Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesíbel. E recoñezo que comezamos a lelo coa esperanza de que, nove meses despois da tramitación anterior, comprobaríamos que vostede hoxe aquí defendería un texto novo e novidoso en materia tan sensíbel e importante para Galiza como é a cultura, a cultura para nós, no BNG, con maiúsculas, basilar ademais na configuración constitucional de Galiza como nacionalidade histórica.

Mais o certo é que nada mudou desde o debate de totalidade que mantivemos no pleno do 4 de decembro de 2023. Volve tramitar o mesmo texto, que consta dos mesmos vinte e un artigos e as mesmas cinco disposicións finais, polo que nós no BNG temos que volver defender a nosa emenda de totalidade e pedirilles que retiren esta proposta para traballar noutra que de verdade sexa eficaz e eficiente para alcanzar eses obxectivos de inclusión e de accesibilidade que din vostedes perseguir.

Nós sustentamos a nosa emenda á totalidade en cinco razóns: un texto incoherente, inconcreto, irrelevante, intrascendente e ineficaz.

Incoherente, en primeiro lugar, na forma. Xa o sinala o Consello Económico e Social ao se apoiar este texto nunha exposición de motivos cuxa lonxitude é desproporcionadamente longa en comparación coa extensión dedicada ao articulado. En definitiva, e en praxe popular, máis palla para o palleiro.

Incoherente tamén no fondo, porque abrangue a inclusión dunha forma paternalista, sinalando unha desiderata destinada a colectivos vulnerábeis, cando o tratamento da diversidade debe responder sempre a un enfoque integral e transversal, do mesmo xeito que o tratamento da cultura.

Incoherente, aínda máis cando o propio articulado deste proxecto de lei se contradí coa memoria xustificativa. O artigo 1 di que esta lei ten por obxecto promover as condicións e remover os obstáculos que impidan ou dificulten que a participación na vida cultural sexa efectiva, inclusiva e accesíbel para todas as persoas, con especial atención a aquelas nas que concorre algún factor de risco e exclusión social. Non obstante, a memoria xustificativa que o acompaña di: «A lei que se promove non é unha lei en materia de accesibilidade, tampouco é unha lei en materia de inclusión social, é unha lei en materia de cultura». Señor conselleiro, en definitiva, ¿que é isto?, ¿de que se trata?, ¿que están buscando exactamente?



En segundo lugar, esta emenda á totalidade defendémola por ser incoherente o texto. Porque, para levar este proxecto no seu encabezado o termo «cultura», resulta que é este o sector que estivo á marxe da tramitación, non sendo practicamente consultado nin informado. Chegamos agora, nove meses despois da primeira tramitación parlamentaria, sen que coñezan este texto final do que vostedes inician a tramitación agora. ¿Como vai ser unha Lei de cultura inclusiva se nin sequera se inclúe a opinión, a formación e a experiencia das axentes da cultura?

En concreto, é o terceiro argumento que sustenta esta emenda á totalidade do Grupo Parlamentario do BNG. En concreto, porque estamos ante unha desiderata, é dicir, un conxunto de desexos, de lugares comúns que, para alén da súa enunciación, non conlevan medidas concretas para a súa posta en práctica. O Consello Económico e Social explicitao. Non fai referencia a un plan de acción, estratexia, medios e persoal necesarios, horizonte temporal ou prazos para acadar os obxectivos propostos.

Nace unha outra lei sen expectativa, nace outra lei da nada cultural.

Irrelevante —dicíamos tamén—, porque, en primeiro, lugar non asume ningún compromiso orzamentario, preciso sempre para facer calquera lei, e máxime en casos que teñen a ver con colectivos con dificultades.

Eficiente para a Administración será. A vostedes serviralles para sumar a aprobación dunha lei máis. Pero, desde logo, para os usuarios, non, porque non vai supoñer nada novo a partir do día seguinte da súa aprobación.

Este é o momento para comprometerse coa cultura, incorporando a obrigatoriedade de chegar até o 2 por cento de investimento nos orzamentos da Xunta de Galiza para a cultura, como xa fai unha lei si certamente pioneira como é a lei canaria.

E eu teño que lembrar que o Goberno do Partido Popular no que é pioneiro é en racanear aos axentes culturais, aos sectores e ás comunidades culturais. Aínda no día de hoxe apenas lle dedica no seu orzamento un escasísimo 0,8 por cento, cando a cultura, como vostede recordou, está a representar xa máis do 3 por cento do PIB. O retorno por parte do Goberno do Partido Popular é un exíguo 0,8 por cento.

A cultura e a inclusión precisan vontade de apoio, vontade política de apoio, precisan proxecto, precisan planificación e precisan diñeiro.

Vostedes, con este texto, non comprometen a actuación das institucións públicas e dos axentes privados para atinxir eses obxectivos de inclusión social que din propugnar. O seu contido é máis propio dun texto programático, dun preámbulo, dun plan para unha materia, máis do que un texto propiamente legal.

Intranscendente —dicíamos tamén—, porque ao día seguinte —e creo que isto é o máis doloroso— de ser publicado no *DOG* non vai acontecer absolutamente nada. Estamos ante unha nova lei da palabrería do Partido Popular. Non garante ningún dereito que non estea xa protexido pola Lei de inclusión ou de accesibilidade.



E, finalmente, en quinto lugar, ineficaz, porque non é un instrumento adecuado para abordar a situación que se pretende superar, como é a función correctora dos desequilibrios e desigualdades que impiden garantir a cultura como un dereito para todas as persoas. Porque disto se trata, de dereitos culturais. Tardará como mínimo dous anos en poderen activarse as dúas únicas actuacións que regula este proxecto de lei. Ese é o prazo que se contempla para elaborar un plan de accesibilidade e de inclusión cultural e crear un observatorio da cultura inclusiva e accesíbel de Galiza. Dous anos para as dúas únicas accións; agardar dous anos para analizar, estudar, avaliar e empezar a concretar aínda algunha acción. ¿De verdade vostede pensa que isto é un goberno responsábel e que dá respostas ás necesidades da sociedade? ¿Que fixeron ao longo de quince anos de goberno? ¿Aínda estamos así? De verdade, ¿aínda ten vostede a capacidade de presentarse aquí con este proxecto de lei?

Esta lei non é pioneira absolutamente de nada, e iso é o triste. Este proxecto de lei é unha autoemenda á totalidade da política cultural do Partido Popular dos últimos quince anos.

Finalizo xa, e vouno facer coas palabras de quen traballa todos os días a pé de obra para favorecer a inclusión cultural con persoas predeterminadas á exclusión por razón de discapacidade. E faino con entrega xenerosa e profesional, como é por exemplo a Asociación Proxecto Máscaras, da Coruña: non é preciso legislar máis, é preciso revisar e eliminar o que hai de excluínate na lexislación vixente. É o que nos din.

Señor conselleiro, escoite, dialogue, reflexione, non teña medo a rectificar e evite que esta sexa a súa primeira oportunidade perdida, que tamén será unha oportunidade perdida para a cultura galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Ben, como a portavoz do Bloque nomeou unha amiga de moitos anos, á que hai moito tempo que non vexo, pero que nos seguimos tendo aprecio seguramente, mando un saúdo a Chus Pato; e xa que lle perdín a pista hai moitos anos, polo menos a través deste medio poderlle dar unha felicitación por ese premio. Amiga, que fomos compañeiros de traballo durante algúns anos, alégrome moito dese novo premio.

Gustaríame facer unha reflexión, porque dá a impresión de que, cando falamos das persoas con algún tipo de privación sensorial ou con dificultades de mobilidade, etc., etc., parece que falamos — non sei se alguén o dixo xa — dun xeito paternalista ou dun xeito condescendente. E a min gustaríame facer a reflexión de que en realidade enormes impulsos da cultura occidental, da ciencia e das artes débense a persoas con nomes e apelidos, en moitos casos moi coñecidos, que ao mellor como consecuencia precisamente das súas limitacións e do seu ámbito de superalas impulsaron maneiras de traballar, maneiras de investigar, maneiras



de escribir, maneiras de pintar, maneiras de realizar actividades culturais que logo entregaron á sociedade.

Os exemplos son infinitos. Por exemplo, véñense agora á cabeza aquela famosa Helen Keller, unha rapaza xorda e cega practicamente de nacemento que aprendeu a comunicarse mediante un método de falar a través das mans, como todos vostedes recordan, e que despois lle entregou á sociedade grandes obras (literatura, ensaio, etc.), obras que teríamos perdido e o talento desa persoa de non ter tido a posibilidade de comunicarse.

Pero os exemplos son infinitos. Temos —non sei— escritores cegos como Borges; temos músicos, pianistas tamén cegos; temos a Django Reinhardt, guitarrista ao que lle faltaban varios dedos dunha man, como consecuencia dun incendio, e, precisamente, en base á súa limitación compuxo unhas obras —digamos— adaptadas á capacidade que lle restaba e que son unhas verdadeiras marabillas.

Temos persoas —falabamos de que con independencia do lugar onde viven e das circunstancias adversas nas que poden vivir para crear— que escribiron obras mestras en campos de concentración, escribindo en papeis que eran envoltorios de caramelos escondidos dos gardas, como foi por exemplo Victor Klemperer. Temos a Miguel Hernández, un gran poeta español que elevou o nivel da poesía servindo de rapaz coidando ovellas e chibas entre as penedas das serras de Orihuela.

Os exemplos —como digo—, podíamolos seguir ampliando, porque son moitísimos. O propio Isaac Newton, que era un enfermizo permanente case de nacemento, que case non podía moverse. Din os psicólogos que moitas veces precisamente mediante o mecanismo de sublimación superan as súas dificultades e conseguen crear precisamente para darlles sentido ás súas vidas.

Etcétera.

Quero dicir con isto que ao mellor lles debemos máis, a sociedade —digamos—, ás persoas con menos limitacións ou con poucas limitacións, que en realidade todos estamos limitados; ou sexa, desde a óptica dos paxaros todos temos unha dificultade de mobilidade porque non podemos voar. É dicir, iso sempre é moi relativo. De feito, todos os avances que temos tido sempre son para superar as propias limitacións físicas ou psíquicas, sensoriais, etc., que temos os seres humanos.

E quería dicir con isto que lles debemos moito a esas persoas con dificultades de mobilidade, con dificultades para ver, con dificultades para escribir. Do mesmo Goya, ao final da súa vida, coñecerán todos vostedes un famoso debuxo no que vai apoiado en dous caxatos e di: «aínda aprendo, aínda creo arte».

Ben, quero dicir con isto que lles debemos moito a todas as persoas que crearon ciencia, que crearon arte, que crearon literatura, que crearon música; poderíamos ampliar os exemplos ata o infinito. Seguramente, se fixésemos unha especie de ponderación, ao mellor aportaron máis ao avance das artes e das ciencias esa clase de persoas que outras persoas que non



tiñan —digamos— esa clase de limitacións e ao mellor vivían a súa vida dun xeito pois máis trivial e máis acomodado sen pensar ao mellor na creación.

Entón, a ver se aprendemos a lección, e realmente é fundamental que esas persoas non teñan que superar o que superaron noutros tempos. A sociedade debe darlles facilidades, como a calquera outra persoa, para poder expresar a súa creatividade, para poder crear, para poder entregarnos o froito do seu traballo artístico, científico, etc., e ao mesmo tempo para que poidan consumilo, ou sexa, para que poidan nutrirse do saber e da arte da sociedade, aínda que teñan —digamos— limitadas as súas capacidades perceptuais.

Ou sexa, debemos desenvolver sempre eses sistemas para que eles, para que todos nós, porque —xa digo— todos somos nunha medida ou noutra discapacitados, todos somos dalgunha maneira, porque todos temos limitacións físicas e todos temos limitacións psíquicas e todos temos todo tipo de limitacións, porque non somos seres de luz que poidamos viaxar a través do espazo e velo todo; todos temos limitacións e —xa digo— precisamente ao mellor gran parte da evolución do ser humano é a historia da superación das limitacións, ¿non?

Ben, que haxa unha lei xa é síntoma dunha sensibilidade cara a esa débeda que eu entendo que temos cara a esa xente. A lei pode ser mellor, pode ser peor. Decía a señora portavoz do Partido Socialista que todo ten remedio menos a morte; o señor Winston Churchill engadía: a morte e os impostos.

¿Que pode ser mellorable? Probablemente. Pero, como digo, o feito de que exista xa é síntoma dunha sensibilidade que seguramente vai ter que ser ampliada e que seguramente en vez de tratar eses colectivos —por chamalos dalgunha maneira—.... A min non me gusta moito falar de colectivos, porque sempre me gusta falar de persoas. Parece que polo feito de —non sei— compartir unha determinada deficiencia pois haxa que metelos aí nunha especie de segmento social. Non. Eu prefiro sempre falar de persoas que de colectivos, porque poden ser persoas que, aínda que compartan unha determinada por exemplo deficiencia perceptual, pois poden ser totalmente diferentes e ter as súas propias visións do mundo noutros aspectos. Ou sexa, englobalos nunha palabra como a de colectivos a min a veces fáiseme difícil, sempre prefiro falar de persoas que de colectivos.

En relación coa postura, non a imos rexeitar; ímonos abster, nesa filosofía de que sempre se pode mellorar, pero entendemos que o feito de que haxa unha lei xa é un primeiro paso para o recoñecemento do labor desas persoas e a obrigaición que temos de facilitarlles o consumo de cultura, o consumo de saber desde as administracións públicas e de empezar a poder valorar tamén o seu traballo. E sempre pensando que todo se pode mellorar a raíz do correspondente *feedback* que no futuro se extraia, sempre en aplicación da lei, seguramente se poden facer aportacións e melloras no futuro.

Nada máis, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Grupo Parlamentario Popular, señora Pomar.



A señora POMAR TOJO: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señor conselleiro.

Bo día, señorías.

A diversidade, lonxe de ser un elemento inibidor ou obstaculizador, debe ser un elemento facilitador e multiplicador para a cultura. En realidade, podemos ser quen de afirmar que sen cultura non hai diversidade e sen diversidade non hai cultura. O proceso creativo xorde precisamente de contextos caracterizados pola versatilidade, a fluidez e a orixinalidade. Aínda máis, a diversidade resulta ser alentadora para o devandito proceso, ao igual que o é tamén para a propia cohesión social, como apuntaba hai un anaco o conselleiro.

O Goberno galego decidiu hai meses xa elaborar unha norma que facilitase o acceso e a participación efectiva á cultura de todas as persoas, pero, así mesmo, que puxera en valor todas as manifestacións culturais procedentes de calquera comunidade, grupo ou persoa en situación de desvantaxe.

A convocatoria de eleccións e a disolución desta Cámara supuxo unha parada na tramitación desta lei, pero non por iso un menor convencemento sobre a súa necesidade e prioridade para a sociedade galega. É por iso que estamos de novo aquí debatendo este proxecto de lei, apoiando, sen dúbida, a súa tramitación parlamentaria, unha lei que agora se ve promovida e reforzada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de nova creación e con claras e explícitas competencias na materia cultural. Faino, evidentemente, dende a mirada inclusiva e apostando pola diversidade como oportunidade exponencial para o enriquecemento cultural de Galicia.

Falar de diversidade e inclusión na terceira década do século XXI dista moito do que representaba a finais do século XX, cando ambos os dous termos comezaban a ser utilizados. Moito mudou, afortunadamente, dende aqueles anos de transición, a nosa sociedade é totalmente diferente, e moito mudou o que incluimos baixo ese paraugas conceptual da diversidade.

Pois ben, debatemos hoxe unha lei pioneira, e insistimos, a pesar do que se dixo aquí esta mañá: unha lei pioneira, como sinalaba o conselleiro, xa que é a primeira vez que unha lei regula o dereito de acceso á cultura dende a perspectiva da inclusión e da accesibilidade, sendo estes os principios básicos sobre os que se sustenta o seu contido.

Pero, lonxe de quedar nesta concepción de exclusividade cultural, busca propiciar a máxima participación na vida cultural nun diagrama de dobre fluxo, dende o punto de vista do acceso e desfrute dos produtos e servizos culturais, pero, o que aínda é máis importante, dende o punto de vista da produción e da creación.

Son destinatarias desta lei todas as persoas que configuramos a sociedade galega, punto que non é baladí, porque en si mesmo é toda unha declaración de intencións. E non debe semellar anecdótico. É moi importante que todas as galegas e os galegos sintamos que somos parte implicada desta norma. Só así entenderemos que a súa aplicación é plena. *(Aplausos.)*



Porén, como pode parecer lóxico, esta lei presta especial atención a aquelas persoas cuxa situación de desvantaxe impide ou dificulta os procesos de creación cultural. E permítanme que engada un matiz: o proceso de creación comeza coa exposición a estímulos inspiradores. Polo tanto, é importante ter a oportunidade desta exposición, sexa cal sexa a nosa condición.

Retomo: especial atención tamén ás persoas con dificultades para acceder aos produtos e servizos culturais, e, lonxe de pensar unicamente no acceso físico, estase a falar da accesibilidade en todas as modalidades que poida acoller o termo. A regulación que se quere pór en marcha pretende ofrecer un amplo marco a partir do cal sexa natural a participación cultural efectiva, afectiva e produtiva de todas as persoas, con especial atención ás que se atopan nun contexto de especial vulnerabilidade, polas súas dificultades ou riscos de exclusión.

Pero o que aínda resulta máis novidoso é que pretende tamén visibilizar e apoiar os talentos das persoas e colectivos que presentan as condicións mencionadas, que desafortunadamente camiñan da man en moitas ocasións. Todas e todos coñecemos historias nas que, ante unha situación difícil e complexa, unha válvula de escape ten sido a expresión creativa en calquera das súas formas. Pero é precisamente esta condición de dificultade ou complexidade a que provoca que ese resultado non chegue endexamais a ser recoñecido e desfrutado por un público ou premiado.

O Goberno galego, a través desta norma, asume con coñecemento de causa o papel de fomentar a creación cultural e de promocionar e visibilizar o talento dos creadores e creadoras que poidan resultar case invisibles á sociedade. E faino baixo a convicción de que todas as diferenzas e todas as capacidades enriquecen.

Así mesmo, as programacións culturais públicas estarán pensadas e adaptadas a todo tipo de públicos, facilitando, de ser preciso, recursos e ferramentas que permitan o pleno acceso e o gozo da actividade. En canto ás programacións culturais que veñan de iniciativas privadas, a Xunta promoverá a adaptación de todo tipo de públicos a todas as actividades que se realicen.

E, pasando xa a comentar as emendas dos grupos parlamentarios emendantes, comezando polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Longueira, eu si vou falar das emendas do Grupo Socialista. Tras a lectura minuciosa das mesmas, permítanme que lles diga que están vostedes para falar de demora, de atraso, de espera e de dilación; están vostedes —insisto— para falar de todo isto. Teñen o xefe de filas en Madrid que ousa ningunear o poder lexislativo, que ousa intervir os medios de comunicación, que oculta tramas escuras e que, namentres intenta por todos os medios ter contentos os seus socios do independentismo catalán, demora todo o que ten que ver con Galicia.

¿Queren que falemos de demoras? Demora na débeda correspondente á Lei de dependencia, demora nos fondos europeos e os cartos correspondentes aos PERTE, demora absoluta nas infraestruturas, demora no financiamento para desenvolver a nova Lei de universidades. E, en canto aos orzamentos do Estado, nin sequera demoran en aprobalos, é que nin os teñen presentado; ben, agora parece ser que hai un aprazamento do pleno do teito de gasto, porque teñen que negociar cos independentistas cataláns. *(Aplausos.)*



¿Saben que pasa, señorías? Que isto xa non é unha demora, é un absoluto parón. Temos un goberno central que está ocupado en manter no poder o intervencionista Sánchez e non en gobernar nin en facilitar aos gobernos autonómicos.

Vostedes saben, señorías, que non hai no día de hoxe ningún anteproxecto de lei estatal destas características. Falan vostedes de vaguidades nas emendas, falou agora tamén a súa señoría Longueira de vaguidades. Para vaguidades, o do ministro Urtasun. ¿Foron vostedes quen de escoitar con espírito crítico as últimas intervencións do ministro de Cultura? Falan vostedes de vaguidades no texto lexislativo que hoxe debatemos.

Señorías do Partido Socialista de Galicia, vaguidades as deste socio que teñen vostedes no Goberno, que, enchido de intelectualismo progre, dá leccións de liberdade namentres defende a proposta mordaza de Sánchez para calar os medios de comunicación non afíns que molestan o Politburó. Atrévase a afirmar nunha das súas últimas roldas de prensa que sen liberdade non hai cultura. Pois esperemos que Galicia quede fóra do intervencionismo centralista do presidente Sánchez e que, grazas á marxe que permite o autonomismo, siga a ser unha comunidade referencia na axenda de moderación, de estabilidade e de sentidiño.

A verdade é que deberían agradecer que este anteproxecto teña chegado ao Parlamento de Galicia, porque xa podemos esperar por unha lei estatal. Señorías, o Executivo de Sánchez subestima o poder lexislativo e por iso se limita a presentar iniciativas que seguen unha dinámica de acción-reacción en función das ameazas que van intuindo. Un goberno que, a pesar de ter comendo da súa man todas as institucións do Estado, fai augas xa por todas partes. Por iso, en lugar de presentar un proxecto de lei do que xurda un plan, unha estratexia ou un conxunto de accións, empezan a casa polo tellado e pretenden que o plan xere unha futura lei. Pois nós facemos as cousas con seriedade e con lóxica. *(Aplausos.)*

Miren, señorías, entendemos o debate, entendemos as liñas de converxencia e as de diverxencia, pero non falen vostedes de devolver unha norma que saben que é necesaria, baseándose, entre outros argumentos, na falla de consulta. Non é certo que a lei arrinque dunha petición dos colectivos do terceiro sector. Non lle consta tal petición á Consellería de Cultura. A iniciativa foi concibida pola propia consellería e presentada ás entidades do terceiro sector, que valoraron positivamente que un departamento como Cultura, alleo á xestión de políticas sociais, tivese a sensibilidade de legislar sobre o acceso á cultura dende a ollada da vulnerabilidade.

A lei, como saben, foi froito do diálogo con asociacións e colectivos —dicíao o conselleiro—, máis de cincuenta entidades. Por iso non é certo que non se coñeza a situación de partida. E vostedes saben, como o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que o Plan de inclusión e accesibilidade pretende estudar a concreción dos feitos e definilos en detalle para poder propoñer solucións concretas. ¿Saben o que pasa? Que vostedes están afeitos a que o seu Goberno de España propoña plans e obvie as leis. Vostedes, que non consultan nin cos seus socios as decisións de maior calado social, veñen aquí e dan leccións de consenso.

Un ministro que para presentar o Plan de dereitos culturais fala precisamente de restrinxir dereitos de expresión, pretendendo a imposición dun rexistro de medios e o condiciona-



mento da publicidade institucional, cando, para máis inri, o Consello de Transparencia vén de suspender o 60 por cento dos entes estatais por ocultación de datos.

Menos sorprendente é aínda o documento rexistrado polo Grupo Nacionalista. ¿Sabem por que? Porque xa estamos afeitos ao seu non como carta de presentación, fale do que se fale. Señorras e señores do BNG, vostedes anunciaron, cando estaban en plena operación de branqueo de imaxe, a elaboración dunha lei integral da cultura para actualizar o mapa público e garantir o dereito ao acceso á cultura. Entendemos que era unha sorte de feitizo na que estaban inmersos cando xa tiñan ata repartidas as carteiras autonómicas case con nomes e apelidos. Tamén entendemos que no día de hoxe aínda están asumindo que seguen, vinte anos despois, sen sentarse na bancada azul.

Por iso nós volvemos apoiar este proxecto de lei, que retoma de novo un goberno autonómico do Partido Popular. (*Aplausos.*) E no día de hoxe dígolles algo: este é o único proxecto de lei que se ten presentado, e non só iso, senón que é un bo proxecto de lei, aberto a xestións, a negociación, a consenso, pero cunha excelente base e un articulado actualizado aos tempos e ás demandas sociais, e —insisto— consensuado con colectivos, asociacións e entidades. ¿Ou é que estas entidades non lles merecen credibilidade? Un proxecto que superou os trámites preceptivos e que foi aprobado polo Consello da Xunta.

Falan vostedes de oportunidade perdida. Miren, oportunidades as que perdería Galicia se gobernasen vostedes. E ¿sabem por que, señorías? Porque vostedes eríxense nos grandes defensores da inclusividade, pero acaban de reprobar unha concelleira en Muxía por facilitar o desbloqueio do goberno municipal. E ¿sabem por que? Porque a vostedes impórtalles máis o seu sectarismo comunista que os muxiáns (*Aplausos.*), a pesar de admitir unha xestión despótica e pouco democrática do alcalde.

Teñen vostedes sempre que negar a maior e poñerse de costas a todo o que fai a Xunta do Partido Popular. Miren, falan de paternalismo no ton. Pero se vostedes son os que con esa supremacía moral perdoan a vida todo o tempo, debilitando a sociedade galega, apropiándose da lingua, da cultura, das causas sociais. Lonxe de ter reflexionado e de ter buscado puntos de encontro, repiten o mesmo esquema de disensión e de negativismo.

Miren, vostedes afirman que é necesario artellar unha lei como a que presenta hoxe o Goberno galego, pero van votar en contra dela. Señorías, se aló polo mes de decembro de 2023 vostedes non quedaban en bo lugar porque chegaban cos deberes sen facer, seguen no día de hoxe sen ter esa suposta proposta. Convidámoslos a que cambien de posicionamento, faciliten este proxecto de lei e aporten achegas nun debate sosegado e receptivo.

A verdade é que lles fago este convite sen moitas expectativas, tanto ao grupo do Bloque Nacionalista Galego como aos socialistas galegos. Pero pensen que, votando en contra, están votando en contra de que Galicia teña unha lei que garanta o acceso universal á cultura e a oportunidade para que todas as galegas e os galegos formen parte dela como suxeitos activos e creadores. Non cabe en ningún caso cuestionar unha lei que, sen excluír a ninguén nin ningún ámbito cultural, ten como obxectivo regular o acceso á cultura para todas as persoas, cun articulado que se redacta coas lentes dos que teñen máis problemas neste acceso.



E imos insistir en algo que deben entender ben: o que regula a norma non son os dereitos culturais, regulados xa noutras leis, senón a remoción dos obstáculos que dificultan o exercicio dos mesmos na creación e no desfrute cultural.

Vostedes, ademais de non ser fieis á realidade falando de ausencia de diálogo social previo, tamén fan constar a ausencia de mecanismos de seguimento. Respecto desta cuestión, saben que a lei prevé un órgano como é o Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia e compromete prazos concretos para cuestións tan importantes como a posta en marcha do citado observatorio ou a elaboración do Plan de accesibilidade e inclusión cultural.

Remato xa, señorías, e retomo a idea base que sustenta o voto a favor do Grupo Popular: esta lei é un texto pioneiro, que trata por primeira vez o acceso á cultura dende a perspectiva da inclusión e o acceso universal. Parabenzamos o conselleiro e a consellería e a todo o seu equipo. Estamos seguras e seguros de que esta lei suporá o impulso á creación e o acceso á cultura de todas as galegas e os galegos, con independencia das súas condicións persoais, sociais ou territoriais, especialmente aquelas con maiores dificultades de acceso e máis vulnerables.

Remato cun desiderátum moi acaído do fotógrafo francés e artista da rúa Jean René: «desexo que defendas o que che importa, dándolle a volta ao mundo desde dentro cara a fóra». Porque, como Jean René di, «a arte, no senso máis amplo da palabra, pode cambiar o mundo».

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pomar.

Réplica, Grupo Parlamentario Socialista, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Moitas grazas.

Grazas, en primeiro lugar, á señora Pomar polas súas palabras, sempre tan acaídas, acertadas e centradas no tema, moi centrado todo, moi ben feitoño.

Eu sinto que teñamos que voltar ao mesmo, ao que lles dicía antes, porque, de verdade que llelo digo, con bondade profesional. Quero dicir: a min é un tema no que, especialmente, ademais nos últimos anos da miña profesión, traballei, é algo que con pequenos colectivos de diferentes lugares de España en cultura traballamos e no que acadamos cuestións moi interesantes ao redor disto. Facer unha lei de cultura accesible e inclusiva non é unha cuestión fácil se un non ten un perfecto coñecemento do que está a falar. Primeiro, a cultura, que, como dicía eu antes, de cultura sabemos todos, pero ben, imos dalo por salvado. Pero, segundo, por todas as consecuencias que supón a accesibilidade e a inclusión na sociedade.

Eu sinto que teñamos que mesturar neste tema cuestións concisas do ámbito de asuntos sociais co ámbito da cultura, pero xa argumentei —como dicía anteriormente— que a accesibilidade, a cultura e a inclusión é un tema que se vertebra en España directamente con posterioridade á covid-19. E aí teñen vostedes —e dígoos tamén con toda a humildade— un



tema onde reflexionar, onde indagar, se queremos facer de verdade unha lei, porque —vanme permitir, e tamén dende o respecto— isto é un estado de ánimo, o que vostedes presentan. Non é un corpus para unha lei como debería ser ou como queremos que sexa, pioneira ou de primeira liña.

Isto é un estado de ánimo, e isto non se pode permitir, porque hai moito tempo que hai xentes da cultura, xentes da accesibilidade, xentes da inclusión que levan traballando nisto con cuestións moi de matiz, porque isto é matiz, pero é unha cuestión de matiz, de saber onde chega para arrancar con toda esta cuestión. E é aí —como dicía eu—, con posterioridade á covid-19, cando os axentes culturais incorporaron nos seus discursos nas súas actividades ese novo paradigma social: a sociedade dos coidados, e despois aquí ábrese un amplo abano, que vai atinxir a Lei de dependencia.

Pero, xa sen abrir ese abano, hai xa máis, dende a covid, que se fala da sociedade dos coidados. Fálase en historia, fálase en arte, fálase en socioloxía, fálase en antropoloxía. É un tema que está aí e que liga intrinsecamente coa accesibilidade e coa inclusión. E dígo e pño na mesa para que se saiba, para que se faga, para que se faga algo onde a lei vai ir moi por detrás do que se está facendo xa na sociedade de forma case libre.

É unha concepción ampla —dicíamos— que a sociedade vela polos individuos vulnerables e os reforza a través dun sistema cultural. E eu voules recomendar aquí unha cuestión: hai unha publicación feita por un galego, chámase *Habla del cuerpo social*, está escrita en castelán, fíxo Manuel Olveira, foi director do CGAC en Santiago e foi director do Musac en León. Foi un estudo revelador a partir dun arquivo que recolle durante todo o que foi ese período da covid; recolleuno pola rúa, recolleuno nos comercios, recolleuno cos colectivos, recolleuno nos colexios, e fixo un arquivo que hoxe está depositado no Musac de León, e sobre o que se fala desa nova sociedade de coidados accesible e inclusiva. É dicir, é un material de traballo marabilloso.

Pño un exemplo: na Fundación Seoane fixemos no seu momento un proxecto, que era *Escóitasmé?*, dende o primeiro día do encerro, por mor da covid-19. Primeiro foi unha actividade que se fixo con colectivos migrantes, aumentouse a poboación que acudía, viñeron nenos e nenas ás actividades, acabaron estando alí curadores, profesionais de arte, acabaron estando alí colectivos que teñen que ver co terceiro sector. E *Escóitasmé?* realizouse —digo— na Fundación Seoane dende o primeiro día de confinamento, ata converterse primeiro nunha publicación, despois nun documental e despois nunha exposición. E mesmo o CA2M de Madrid, da man de Manuel Segade, que hoxe é o director do Museo Reina Sofía, deu unha cobertura real e efectiva a toda a comunidade artística vulnerable, tendo en conta estas dúas premisas: accesibilidade e inclusión.

¿Que quero dicir con isto? Este é un tema non quero dicir complexo, porque dicir que sexa complexo significa que ninguén pode facelo, pero que ten a súa complexidade, e que para ter a súa complexidade ten que ter unha serie de razoamentos e de improntas, e non o ten. Eu síntoo moito, de verdade. Encantárame que o seu proxecto de lei o tivera, pero non o ten. Iso é un proxecto que xa pasou, que xa non fai falta. Claro que fai falta solventar a brecha dixital, ¿como non vai facer falta? Pero, chico, isto xa cae de man. Ou facer contidos dixitais, ou implicarse no rural dunha forma —digamos— ata creativa e planificada, claro que si.



Pero a realidade é que isto hoxe xa pasou, o que vostedes veñen presentar hoxe aquí xa non ten validez. E é unha lástima, porque é moi necesario e porque si poderíamos e si teríamos detrás non só os colectivos que precisan desa lei de forma urxente, senón os que son os provedores dos contidos, que son os artistas, e que estarían marabillados de poder estar aquí falando disto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

Remato, presidente.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Entón, neste paradigma de accións que poden ser extrapolables a calquera outra acción artística atópase a esencia desa accesibilidade e cultura de inclusión. E para o PSdeG esta é a máxima pola que hai que acceder a este proxecto de lei.

Porque eu preguntome se, despois dos datos de onte que nos ofrecía o XXV Ditame do Observatorio Estatal da Dependencia, onde a inclusión e a accesibilidade son ferramentas transversais dos mesmos, podemos dar algunha credibilidade ao proxecto de lei. Xa llelo dixemos aquí. Sinto falar de dependencia, pero vai ligado a isto. Agacharon os cartos que tiñan destinados, mentres o plan de choque de España aportaba máis de 47 millóns a Galicia. E agocharon aquí o 6,4 por cento de gasto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: ...mentres o Goberno incrementara a partida o 138 por cento.

Sinto non poder crer nisto, síntoo profundamente, pero tamén llelo digo coa mesma bonhomía profesional: estamos ao seu dispor se nalgún momento isto se pode retomar e encauzar dalgunha maneira. Porque nós desbotemos isto non quere dicir que non sexa necesario, simplemente é que xa pasou o tempo disto que presentan hoxe aquí.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas de novo, presidente.

Señora Pomar, con todos os respectos, eu son das que creo que a autocompracencia nunca é boa compañeira; a autocrítica si (*Aplausos.*) que é a mellor ferramenta que podemos ter, se realmente entendemos que queremos avanzar. E non o digo eu, xa o di ademais no seu ditame o propio Consello Económico e Social, que lles recomenda que na redacción desta lei deberían evitar os triunfalismos; deberían, polo tanto, tomar nota e aplicar a lección.

O que realmente se ve con este proxecto de lei —insisto— é o mesmo, exactamente o mesmo que hai nove meses, cando podían, por suposto, reiniciar o procedemento de tramitación e



entregar un texto verdadeiramente novo e novidoso. O que aquí presentan é outra vez propaganda. O Partido Popular o que fai sistematicamente é propaganda, non fai política cultural. Por iso, a partir do día seguinte en que se aprobe esta lei, non vai empezar a pasar nada e non vai pasar nada como mínimo durante dous anos. Por iso é propaganda, pero non é política cultural.

E parece que non leron —non sei se o señor conselleiro, igual o responde agora no seu peche—, pero igual a señora Pomar non leu todo o que é o expediente, toda a documentación, que é bastante grosa, que acompaña este proxecto de lei.

Polo tanto, vou recordar algunhas das alegacións que foron totalmente desatendidas. Por exemplo, o Consello da Cultura Galega incide, reitera a ausencia de concreción, a falta de asunción de compromisos, de prazos de execución e orzamentarios. En absoluto asumiron estas recomendacións do Consello da Cultura Galega. Xa sabemos o proceso de deslexitimación institucional ao que está sometendo o Partido Popular a unha institución estatutaria como é o Consello da Cultura Galega.

Ou, por exemplo, a Secretaría Xeral de Igualdade, que lles pide modificar o artigo 12 para atender ás discriminacións das mulleres, e non o fixeron. O que si fixeron foi acabar rapidamente, eliminar directamente a Secretaría Xeral de Igualdade do organigrama da Xunta de Galiza (*Aplausos.*); supoño que isto o aproba, señora Pomar, ou señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude.

E tampouco atenderon á inmensa maioría das alegacións das entidades do terceiro sector. Desde logo, nós entendemos que deberían de ter sido incorporadas. Por exemplo, falan de previsións xerais insuficientes, que non xeran efectividade por si mesmas respecto dos dereitos culturais das persoas con discapacidade, ou como non integra ningunha medida de acción positiva nalgo tan importante como é o sistema educativo e a relación de ensino-aprendizaxe.

Tan sorprendente como indigna nos resultou a lectura da seguinte observación: «Non existe no eido cultural en Galiza unha análise concreta sobre a situación das persoas con discapacidade no eido cultural, o que reduce as oportunidades de abordar políticas públicas que sexan efectivas.» Volvo reiterar a pregunta que fixen na miña primeira intervención: ¿de verdade en quince anos de goberno de maioría absoluta o Partido Popular non tivo tempo, realmente, para atender á cultura como un dereito para o conxunto da sociedade?, ¿non tivo tempo de poñer fin a desigualdades e desequilibrios? Isto merece unha explicación.

A emenda á totalidade do BNG está sustentada, por suposto, na lectura de todo o expediente de tramitación deste proxecto de lei, mais tamén nos informes que acompañan, e que vostedes desatenderon. No BNG actuamos con humildade, con honestidade, con rigor, con compromiso e con diálogo cos sectores culturais, con todos, non excluimos a ningún, e, por suposto, coas entidades que representan o terceiro sector social.

Cómpre abordar a inclusión na cultura, si, de todas as persoas, para todas as persoas nas que concorre algún risco de exclusión. Mais este proxecto de lei vostede ten que saber, señor



conselleiro, que non significa ningún avance. Esta lei non é unha resposta de garantías. A aplicación desta norma fai depender da vontade do Executivo, é dicir, da discreción, a decisión de desenvolver os principios que a regulan.

A cidadanía precisa e exige compromisos. A cidadanía e os sectores culturais saben que no BNG si que nos comprometemos a elaborar unha lei galega integral de dereitos culturais, e tamén está sabendo que a estamos facendo, porque estamos facéndoa con eles. A min agrádame que a señora deputada do Partido Popular, a señora Pomar, teña tanta ansia de ler ese documento, pero non se preocupe, que chegará, e vai ser, ademais, unha lei verdadeiramente transversal e capaz de superar todo tipo de desigualdade e de discriminación; unha lei para os galegos e as galegas do século XXI e á altura, por suposto, da normativa cultural desenvolvida en moitos países, ou mesmo no Estado español, como son as leis de Navarra e de Canarias, que lles recomendo que vaian lendo se de verdade queren empezar a ser pioneiros en algo.

Porque a cultura galega non precisa máis artefactos lexislativos que constrúan illas solitarias e excluíntes, senón un grande arquipélago de dereitos culturais garantidos por lei, sostidos na forza da creación, no tecido social participativo e na rede cultural, pensando sempre desde, con e para a comunidade. Porque a cultura é un dereito e temos a obriga de facérmolo efectivo por lei de forma transversal, global e, por suposto, integral. Esa é a nosa palabra e é a palabra de lei do BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación deste texto lexislativo.

Pechen as portas, por favor.

Votación do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando as emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

En primeiro lugar, a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.



O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Rexeitadas as emendas á totalidade, este proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

Rematou aquí a votación.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, que é o de comparecencia.

Abran as portas para que poida entrar o conselleiro.

Comparecencia do conselleiro do Mar, por petición propia, para informar sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para iso ten a palabra o conselleiro do Mar, don Alfonso Villares Bermúdez.

Cando queira.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señor presidente, señorías, moi bos días a todos.

Comparezo hoxe ante esta cámara para dar conta do rumbo que vai tomar a Consellería do Mar nesta nova travesía, que, xa iniciada en 2024, nos vai levar ata o 2028, e agardo que sexa positiva para o noso sector marítimo-pesqueiro.

Veño darlles conta como representantes de todos os galegos desta aposta renovada que desde este goberno e desde o grupo político que o sustenta temos para o noso mar. Unha aposta renovada; renovada porque conta coa garantía do traballo feito durante as catro lexislaturas previas e porque conta co aval da confianza maioritaria entregada nas urnas pola sociedade galega ao presidente Rueda para seguir a desenvolvelo. Un modelo de traballo no que a produtividade e a competitividade son o único camiño cara á sustentabilidade do que, o como e o porqué da actividade da nosa frota, é dicir, o seu futuro, o noso futuro.

En definitiva, gobernamos coa confianza e coa seguridade de que o facemos enarborando a bandeira da sustentabilidade, porque o que resulta evidente é que se alguén sabe de verde e



azul é Galicia e a súa xente, que é a quen máis lle interesa coidar e protexer o mar. Unha experiencia que nos dita a obriga de dotarnos ano a ano de máis e mellores capacidades para atender o sector co fin de asegurar as liñas de traballo que imos marcando cun único e grande obxectivo, que é poñer en valor o labor das nosas xentes do mar e garantir que poidan seguir a vivir con dignidade da súa actividade. *(Aplausos.)*

Nese camiño ten moito que ver a nosa forma de facer as cousas. Algúns chámanlle «cogobernanza», outros chámanlle «proximidade», nós falamos de «traballar man a man», de «contacto continuo», de «diálogo fluído», porque á hora de abordarmos a xestión e a ordenación da actividade non podemos entendela sen que os verdadeiros protagonistas, os destinatarios das nosas decisións, tomen partida, e eses son as mulleres e os homes que viven do mar e os seus representantes. Ao contrario do que ocorre noutras institucións, como o Goberno central ou a propia Comisión Europea, aquí entendemos e impulsamos o papel que xogan todos os elos da longa cadea mar-industria galega, especialmente as confrarías de pescadores, e contamos ademais co Consello Galego de Pesca como voceiro das inquedanzas e necesidades do sector. En cada contacto que tiveron con cada un recollín todas e cada unha das dificultades polas que atravesan, constatando os seus problemas, que sempre os hai; pero se hai un que se repite e afecta en todos os niveis a nosa cadea ese é o impacto que están a ter os cambios, as afectacións climáticas nas nosas augas e recursos e tamén na ordenación da nosa xestión e políticas.

É por iso que esta será a cuestión sobre a que versará a miña comparecencia hoxe nesta cámara. Este é un impacto que nos últimos anos, ademais, estamos a estudar con todo o coitado e o rigor posible da man da comunidade científica galega. Por un lado, enfrontámonos a fenómenos naturais como tormentas ou mareas vermellas e especies invasoras, motivos todos da alteración da produción e da dificultade da rexeneración dos bancos marisqueiros. E, por outro lado, seguimos mirando atentos á Unión Europea, ao novo comisario de Pesca, á reforma da Política pesqueira común, así como todas as consecuencias derivadas das últimas decisións adoptadas por un comisario que estivo a condenar unha das frotas máis responsables e respectuosas co estado dos recursos que existe, como é a nosa. *(Aplausos.)*

Señor presidente, señorías, entro en materia. Sei que ninguén dubida da importancia da actividade marisqueira para Galicia e sei tamén que son coñecedores das derivadas que os fenómenos naturais deixan nas nosas costas, nas nosas terras e nas nosas rías; sei que saben dos males que carrexan para os nosos recursos e traballadores do mar os cambios no clima, nas correntes, na temperatura ou nas salinidade da auga, e sei tamén que saben como estes afectan o noso ecosistema e a dispoñibilidade de nutrientes.

Sabendo todo isto, entenderán por que hai uns meses adoptamos xunto co sector a decisión de impulsarmos o Plan de competitividade e sustentibilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025. Se lembran, xa no mes de febreiro anticipamos que unha das liñas estratéxicas desta consellería era poñer en valor e reactivar o sector marisqueiro como elemento tractor da nosa economía. ¿E por que? Porque a resposta ao tecido produtivo e a toda a cadea de valor que xera o sector marítimo-pesqueiro é unha máxima para nós, igual que o é o cumprir coa palabra dada, con propostas reais e executables. Entrado o mes de maio, avancei a súa motivación, estrutura e contido nesta cámara, e do mesmo xeito o está a facer o meu equipo,



no marco das sesións da Comisión 8ª. No mes de xullo, tras a celebración dos comicios autonómicos e nos primeiros cen días de goberno desde o arranque desta nova lexislatura baixo o liderado do presidente Rueda, presentamos publicamente o Plan do marisqueo de Galicia. E hoxe, comezado o curso político, volvo dar conta del co ánimo de que coñezan os avances achegados.

O plan é froito dos meses de traballo nos que estivemos a traballar co sector, representado polas federacións de confrarías de pescadores nun exercicio de deseño, por un lado, coordinado coas necesidades que iamos detectando e, por outro lado, complementado cos seus apoios e as propostas que nos ían trasladando. Un plan adaptable e, polo tanto, vivo e colaborativo, sempre ao servizo do sector. Pois é en función do estado dos recursos e dos datos científicos e técnicos dispoñibles en cada momento que o plan se irá adaptando ás necesidades detectadas polos propios técnicos ou ben ás trasladadas polo sector ou ben ás aconselladas pola información científica dispoñible. ¿Isto que nos vai permitir? Pois termos un plan flexible e da máxima eficiencia posible en cada momento e sempre acorde aos ditados do persoal científico, biolóxico e mariño. O contrario, atendendo a un tempo concreto, non sería operativo á hora de enfocar a rexeneración dos bancos marisqueiros, dado que a súa situación —como saben— pode variar por infinidade de motivos naturais ou ambientais, razón pola que é desexable un plan que se poida adaptar. (*Aplausos.*)

O noso plantexamento foi a flexibilidade e o de manter este plan como unha ferramenta de traballo viva, e esa é a nosa realidade. Unha realidade pola que mobilizamos máis de cento vinte e sete millóns de euros a curto e medio prazo, e para o que estamos a empregar todas as ferramentas económicas ao noso alcance, tanto fondos propios como aqueles que permite a Unión Europea para estes casos, baixo o cumprimento dos requisitos establecidos para o seu uso. Un importe destinado como obxectivos, primeiro, a recuperar a produtividade dos bancos marisqueiros e, segundo, a garantir a sustentabilidade, a competitividade e a rendibilidade do sector. En definitiva, o seu futuro, o noso futuro.

Estamos en situación de poder facer xa un balance do plan. Entre as necesidades detectadas ata o de agora publicamos diversas ordes de axuda e puxemos en marcha diferentes liñas de traballo, atendemos os mariscadores afectados pola paralización da actividade extractiva nos bancos marisqueiros e demos cobertura ás necesidades tanto dos colectivos como das súas entidades. Habilitamos tamén liñas de axuda para fornecer a actividade das entidades destes colectivos mediante a mellora dos seus equipamentos e infraestruturas e o apoio á diversificación das actividades e a formación como vía de mellora. E desenvolvemos ademais medidas de apoio económico para contribuír a conservar e restaurar a biodiversidade e os ecosistemas mariños, coa vixilancia dos bancos marisqueiros e asistencia técnica; a protexer e recuperar a biodiversidade e os ecosistemas mariños —falamos da recollida do lixo mariño—, ou a planificar, adecuar e mellorar as zonas de produción, como exemplo, a rexeneración de bancos danados.

A súa importante contía e variada tipoloxía permítenos cubrir distintas necesidades, podendo así adaptarnos ás particularidades que poidan xurdir en cada situación e podendo o sector ademais atender adecuadamente as necesidades que teñan en cada momento. Isto resulta clave para a sustentabilidade do sector, xa que as necesidades non son sempre as mes-



mas e as axudas ao teren unha natureza diversa e flexible permiten dar resposta a esas variacións.

Estas liñas e as vindeiras son unha grande oportunidade para afrontar os retos que se presenten a curto e a longo prazo, e son un apoio fundamental para o desenvolvemento do sector. Polo tanto, estamos ante un plan co que nese exercicio de deseño continuo para a mellora da actividade co sector asumimos, por un lado, a responsabilidade de analizar a situación actual con base nun traballo coordinado e a conciencia sobre o terreo, e implicando aos distintos axentes, e, por outro lado, identificamos os problemas de fondo, poñendo solucións enriba da mesa, partindo dunha xestión compartida co sector e a comunidade científica, da que falarei na quenda de réplica.

Non quero rematar este tempo que lle dedico ao Plan do marisqueo de Galicia sen reiterar o necesario da implicación do Goberno central. Desde a responsabilidade e o compromiso que o cargo de conselleiro do Mar leva consigo volvo alzar a voz en defensa de tantas e tantas familias que viven do noso mar ante o silencio do Executivo nacional. Un executivo que non declarou as rías de Galicia como zonas afectadas gravemente por unha situación de emerxencia derivada dunha situación meteorolóxica adversa, como si o fixo con outras comunidades na mesma situación que a nosa. ¿Por que?, ¿por que, señorías? Vostedes seguro que teñen a resposta. Vostedes que, ademais, veñen reclamando aquí o que ás veces non reclaman en Madrid, comprometidos ás veces demasiado cunhas cores dos seus partidos políticos, mais non coa color do mar de Galicia.

Señorías, seguimos agardando unha resposta que nin uns nin outros solicitaron ao Goberno central. E é que o silencio do Goberno central nos levou a perder a posibilidade de axudar moitas familias; familias que non puideron dispoñer de axudas creadas a propósito para compensar as perdas económicas derivadas da mortalidade severa da poboación de bivalvos ou cubrir a diminución dos seus ingresos pola baixa produción rexistrada nos moluscos ou ben por eximir as súas cotas á Seguridade Social. Non me cansarei de pedir o que é de noso, o mesmo trato para os mariscadores galegos que para o resto dos cidadáns españois.

Señorías, é moi fácil escoitar o que estaban a facer outros e atopar motivos para criticar calquera acción ou sinalar os seus posibles defectos. Pero neste caso, como en moitos outros, a realidade é que o noso sector só conta co apoio da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) A Xunta de Galicia é a única administración que puxo xa á disposición do sector, no marco deste plan, máis de cincuenta millóns de euros, cun compromiso de gasto de máis de catro millóns de euros para dar cobertura a proxectos de mellora da resiliencia da produción marisqueira. É dicir, estamos empregando todos os fondos posibles para ofrecer axudas e así intentar reverter esta situación o máis axiña posible, cumprindo o compromiso que asumimos co sector, en contraposición coa nula implicación do Goberno central.

Polo tanto, coa posta en marcha do Plan de competitividade e sustentabilidade do marisqueo de Galicia 2024-2025 asumimos a responsabilidade de afrontar a situación actual e futura con base nun traballo coordinado co sector e da man do coñecemento científico.



E mentres isto é o que acontecía portas para dentro neste ano, portas para fóra estivemos ademais moi atentos ao que acontecía no corazón da Unión Europea. Sen dúbida, dadas as últimas novas, estamos ante un presaxio de cambio, e esperamos que bo, que tanto tempo, ademais, levabamos pedindo no marco político para a pesca e a acuicultura comunitarias, para garantir e protexer tanto o benestar dos actores sociais que o compoñen como da súa autonomía estratéxica.

Durante a última lexislatura, o comisario europeo de Pesca estivo a tomar decisións sen base nun coñecemento profundo da realidade social, ambiental e económica pesqueira; principalmente no campo normativo, no que prevaleceu un eido ambiental por enriba do social e económico, poñendo en risco o futuro das nosas comunidades pesqueiras. Un comisario europeo que unificou baixo un modelo político, que hoxe podemos definir como erróneo, as áreas de xestión de medio ambiente, océanos e pesca; un modelo que se esqueceu dos traballadores do mar, que foron afastados do centro da elaboración das políticas da Unión Europea nos últimos anos.

Galicia fixo todo canto estivo nas súas mans para que esta forma de facer política se revertese, buscando aliados para que a política pesqueira fose acorde á realidade do sector e que as súas propostas fosen escoitadas e tidas en conta nas decisións que adoptasen as institucións comunitarias. Defendemos e practicamos desde o minuto un o diálogo en lugar de enfoques verticais. E é por iso que avogamos pola creación dunha carteira independente sobre pesca, nunha Comisión Europea que está a piques de constituírse formalmente.

¿E por que? Porque o sector leva moitos anos sentíndose desatendido polo corazón de Europa. Hai unha década que carecemos dunha comisaría propia tras o fin do mandato do señor Durão Barroso. Non axudou posteriormente a señora Damanaki, cuxa actividade foi tachada por algunhas organizacións de pescadores e armadores de «radicalismo ecolóxico». Tampouco o señor Vella, con quen a pesca se veu relegada a un terceiro plano político, lexislativo e semántico. E, por desgraza, moito cambiou, pero a peor, coa chegada do señor Sinkevičius, un comisario que pertence ao Grupo dos Verdes dentro da Comisión Europea.

Tras a celebración das eleccións europeas do pasado mes de xuño, nas que resultou gañadora a señora Von der Leyen, a pesca vai recuperar exclusividade e voz facendo efectivo o cumprimento dunha promesa política que anunciou en Galicia en plena campaña, cando asegurou que habería un comisario de Pesca a tempo completo se vencía nesas comicios. E é por iso que a comezos dun novo curso político e dunha nova lexislatura europea Galicia se congratula e moito.

Con todo, aínda que recuperar exclusividade e voz é importante, aspiramos a máis. Galicia aspira a que a pesca sexa unha das batallas centrais do bloque comunitario e a que a produción primaria de alimentos e a soberanía alimentaria sexan elevadas na axenda da Comisión, ocupando un lugar destacado na súa estrutura e tendo en conta que esta axenda prioriza a redución de dependencias de terceiros países.

Parece que a travesía está a tomar o rumbo correcto baixo a premisa de demostrar que Europa vai garantir, por un lado, que o sector siga sendo sustentable, competitivo e resiliente; por



outro lado, a manter a igualdade de condicións para a cadea pesqueira europea e protexer a súa propia soberanía alimentaria e a subministración segura dos alimentos locais de calidade.

Isto pode traer o cambio que todos estamos a esperar. Confiamos na sensibilidade cara ao sector do señor Kadis e que ofrezca o peso que lles corresponden aos asuntos pesqueiros na Comisión. Non son poucos os retos aos que se vai enfrontar ao comezo desta nova lexislatura.

A señora Von der Leyen fixo pública unha carta co que será o mandato do novo comisario. Entre as súas encomendas gustaríanos referirnos ás que máis interese suscitan no que será o desenvolvemento futuro do sector: por un lado, a contribución ao plan de adaptación ao cambio climático, que se ben é unha ferramenta importante, non está reflectida como imprescindible; o aproveitamento de todo o potencial da planificación espacial marítima, ao que estaremos tamén atentos para coñecer o plano que se vai primar, e a protección do trinta por cento dos espazos mariños e a creación de novas zonas protexidas, cuestión que imos seguir moi de cerca.

Por outra banda, quero mencionar aquelas que están aliñadas cos posicionamentos que veu marcando Galicia e que vemos con moi bos ollos: por un lado, o papel da soberanía alimentaria das comunidades costeiras como claves do mandato, tendo en conta a competitividade presente e non só a sustentabilidade; por outro lado, a consecución dun *level playing field* e a necesidade de protexer os produtos europeos da notable actividade de competencia desleal, especialmente no eido do mar, e, por outro lado, a revisión da política pesqueira común, en termos de axudar os estados membros a manteren a súa competitividade e sustentabilidade soamente, motivo polo que se fai necesario equilibrar a avaliación en termos económicos, ambientais e sociais e que sería a base para ter unha visión do sector cara ao ano 2040.

Respecto deste último punto, Galicia segue avanzando na súa travesía. A última escala foi a resposta á convocatoria de datos lanzada pola Comisión Europea para avaliar a eficacia e eficiencia da Política pesqueira común; un exercicio que constitúe o primeiro paso dunha avaliación exhaustiva que examinará se logrou os seus obxectivos.

Galicia contribúe coa súa experiencia sobre a aplicación do regulamento a facer unha valoración do seu rendemento baseada en datos contrastados. O paquete de medidas sobre pesca e océanos adoptados en febreiro do ano 2023, no que se informaba sobre a aplicación da Política pesqueira común ata a data, é a base desta convocatoria, da que demos conta nesta cámara en marzo deste ano. Podemos cumprir as nosas aportacións en dous bloques:

Por un lado, sobre a eficacia e a eficiencia da Política pesqueira común para alcanzar os seus obxectivos e a proporcionalidade dos custos en relación cos beneficios. Galicia considera que o conxunto de propostas lexislativas e non lexislativas da Comisión Europea seguen ancoradas en medidas que conducen á progresiva deterioración na pesca. Esta esqueceuse de adoptar aquelas medidas que favorecesen a convivencia e o equilibrio entre o medio mariño, os recursos dispoñibles, as capacidades de pesca e as poboacións dependentes da pesca. E seguimos a precisar, por tanto, asegurar o nivel adecuado a aqueles que dependen das actividades da pesca costeira, tendo en conta os aspectos socioeconómicos e considerando, ¿como non?, as particularidades rexionais.



E, por outro lado, sobre a pertinencia das necesidades actuais, a coherencia a nivel interno e externo e o valor engadido da Política pesqueira común. Galicia considera que a Política pesqueira común necesita recuperar o equilibrio entre os obxectivos ambientais, sociais e económicos. E seguimos a precisar que se poña en valor a realidade do sector conforme obxectivos realistas e que se defina un enfoque estratéxico e socioeconómico antes de emprender medidas que afecten a pesca. Para que isto se produza é necesario realizar unha análise antes que estableza o custo e beneficio de toda medida de regulación, co que evitar un excesivo intrusismo dos poderes públicos, o que entorpece unha asignación eficiente dos recursos e podería, ademais, pasar por alto o impacto socioeconómico.

Con todo e á luz da revisión en curso da Política pesqueira común, continuaremos o camiño emprendido hai anos para poñer en valor o traballo realizado e facer valer as pretensións de Galicia para o novo período.

Co ditame do Consello Galego de Pesca sobre a estratexia de Galicia na defensa dos seus intereses ante a revisión da Política pesqueira común e co informe sobre o impacto no sector pesqueiro do conxunto de propostas lexislativas e non lexislativas da Comisión Europea na man, manteremos novos contactos coas autoridades pesqueiras de rexións como a Bretaña francesa, Dinamarca e Irlanda, entre outras, para alcanzar posicionamentos conxuntos con vistas a amplialos a outras rexións pesqueiras europeas, e informaremos de todas as xestións realizadas aos representantes políticos no Senado, o Congreso dos Deputados, o Parlamento de Galicia, a Reper, o Comité das Rexións e a Eurocámara co fin de que adopten as actuacións que estimen oportunas.

Concluindo: a Comisión Europea ten a responsabilidade de crear as condicións onde as actividades de pesca sexan ambientalmente sustentables no longo prazo, xestionadas de maneira que sexan coherentes con obxectivos que beneficien a economía, a sociedade e o emprego, e que contribúan á dispoñibilidade de subministración de alimentos. Todo iso baseado na mellor información científica e nas avaliacións de impacto. *(Aplausos.)*

Señor presidente, señorías, vou rematando. Se hai algo que pretendo que quede claro nesta primeira comparecencia da duodécima lexislatura é que somos e seremos sempre aliados dos nosos homes e mulleres do mar nese cometido común de preservar os recursos e garantir a pesca e o marisqueo para o día de mañá. Quero darlle desde aquí as grazas a todos e cada un deles, porque é un privilexio, como galego e máximo representante do sector na nosa terra, poder escoitalos e atendelos. Grazas a eles son case xa un mariñeiro máis, que, coma eles, vogarei cara a adiante por moi turbulentas que ás veces se tornen as augas. Un mariñeiro máis que sofre os devires do noso mar e que hoxe ten unha lembranza especial para aqueles que nos deixaron tras unha nova traxedia en mar a fóra, derivada dunha forte tempestade que provocou o naufraxio do palangreiro *Argos Georgia* nas augas do suroeste das Malvinas. E desde aquí o meu agarimo ás familias. *(Aplausos.)*

Eles foron e son o exemplo que nos dan as forzas necesarias para poñer todos os nosos recursos ao servizo dun sector que non ten parangón en España, Europa e no resto do mundo, e non só falo da súa dimensión, senón tamén que falo da súa calidade humana e profesional.



É por iso que renovo o meu compromiso de loitar para impedir calquera novo ataque contra o seu medio de vida e de que eu e mais o meu equipo redobraremos o noso esforzo para contribuír a que os seus sacrificios se vexan compensados e redunden na mellora da súa calidade de vida. Un compromiso no que invito as súas señorías a unirse, coas portas sempre abertas. Ofrezco a man tendida ao diálogo e á colaboración como fixen sempre, xa que todas as mans son poucas para achegar solucións a un sector que precisa estar máis unido que nunca e que nós, ademais, fagamos o propio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Ten en primeiro lugar a palabra o voceiro do Grupo Mixto, quen rexeita intervir.

E pasamos ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra don Julio Ernesto Abalde Alonso, por un tempo de dez minutos:

O señor ABALDE ALONSO: Bos días, presidenta, vicepresidenta mellor dito, deputados e deputadas. Bos días, conselleiro.

Eu viña aquí esta mañá esperando recibir unha morea —como se facía nalgunhas comisións— de iniciativas puntuais que nos explicasen en que consiste ese marabilloso plan, pero en toda a súa intervención, máis alá de protestar pola actuación do Goberno central e poñerlle deberes á Comisión Europea, non hai absolutamente ningunha medida que vaia aplicar o seu goberno como consecuencia das súas competencias, que son competencias exclusivas nalgúns dos sectores.

¿Que lle imos transmitir ao sector cando está pedindo axuda e apoio para poder sobrevivir? ¿Que lle imos dicir da intervención e das liñas xerais de actuación da consellería? De toda a súa intervención, grandes palabras: renovada; despois de catorce anos, xa era hora, pero continuísta. O malo é iso, que é continuísta.

Produtividade e competitividade. Claro, é que queremos que o noso sector mariñeiro e mariscador sexa produtivo-competitivo. Pero ¿como? ¿Que van facer para que iso sexa así?

Sustentable. Neste momento creo que absolutamente todos os sectores teñen que ser sustentables; sobre todo, o máis importante: para conseguir que vivan con dignidade da súa actividade.

¿Que está facendo a Consellería para que o sector marisqueiro, por exemplo, poida vivir con dignidade da súa actividade? Porque os bancos están pechados, as axudas non existen, non chegan simplemente, por un problema absolutamente burocrático.



¿E onde está ese plan? Porque xa falamos moito do plan, pero o único que temos dese plan é unha presentación en prensa e unha presentación que fixo o conselleiro tamén en prensa ¿Onde está ese plan? Por suposto, que todos os plans son vivos, ¡faltaría máis!, todos os proxectos son vivos, pero a partir dunha prerredacción, dunhas ideas e, sobre todo, duns fondos.

¿Onde están asignados os fondos a cada unha das axudas? O único que temos coñecemento na Comisión 8ª é dun plan de investigacións mariñas dotado con dez millóns de euros. Aí si que había un plan perfectamente establecido, elaborado polo CETAC.

E di vostede que temos que utilizar os científicos e os técnicos; por certo, técnicos da consellería magníficos, tanto no CIMA como no CETAC como no Centro de Seguimento das Mareas Vermellas.

Por certo, falando de mareas vermellas, ¿que pasa?, ¿apareceron agora?, ¿non hai mareas vermellas desde sempre? O INTAC, ¿para que se montou ese centro? Para o seguimento de mareas vermellas, porque é un proceso natural que sucede sempre. O único que hai que ter son mecanismos para dar resposta cando pasan as mareas vermellas. ¿Que se fai nese caso? No caso do sector do mexillón está claramente establecido, pero no caso doutras cuestións non o está.

Di vostede que se vai basear no coñecemento científico. Ata hai uns meses dicían que o único problema que había no sector marisqueiro era as altas pluviometrías a finais do ano 2023. Agora xa se deron de conta, como dicíamos os grupos da oposición desde o principio desta lexislatura e desde antes, que non é só iso, que hai máis, que hai problemas biolóxicos, que hai problemas de contaminación, que hai problemas de cambio climático. Agora xa descubriron que iso é así. Entón, agora empezan a reaccionar e acaban de firmar un convenio —co que eu estou absolutamente de acordo—, que é que a ciencia ten que estar presente, que vai dar resultados a finais do ano 2026.

¿E que levan facendo ata agora? Porque o plan que se nos acaba de presentar é un plan 2024-2025, e estamos na metade dese plan. ¿Que levan feito ata agora?, ¿que liñas de axuda desenvolveron para as actividades e concederon directamente?

Do único que temos dato é dese marabilloso plan que sacaron antes das eleccións, porque había que conseguir apoio electoral, onde sabemos que ían destinar catro millóns e medio de euros aproximadamente para beneficiar setecentos mariscadores e mariscadoras. E dese plan só se gastaron dous millóns e pico, ¿por que? Porque soamente puideron acceder a el catro mil persoas. Cando se saca unha convocatoria, haberá que saber cal é a poboación obxectivo desa convocatoria e se os criterios que se establecen permiten que a maioría desa poboación poida obter as axudas. Diso estanse queixando neste momento os representantes dos traballadores do sector, do que falarei despois.

Polo tanto, iso é simplemente un mal —digamos— deseño desas axudas. E, polo tanto, se hai diñeiro, ponse á disposición do sector e se o sector non pode acceder a ese diñeiro, e accede tarde, mal e arrastro, mal imos.



Polo tanto, creo que é importante que aquí se nos diga que é o que vai facer, independentemente, por certo, das negociacións dentro da Unión Europea, que, por suposto, contará co apoio do deputado Nicolás González Casares, deputado socialista que está na Comisión de Pesca, e ten aí un aliado.

Seguindo por ese feito, as negociacións na Unión Europea teñen que ser en colaboración co Goberno central. Sería bo que por parte da consellería se entrase nunha senda de colaboración, de diálogo e de traballo conxunto co Goberno central, porque é o que tamén vai intervir na Unión Europea e na Comisión Europea. Polo tanto, creo que é preferible, desde o punto de vista estratéxico, ir pola colaboración e polo diálogo e non polo enfrontamento radical, que non agocha máis que simplemente delegar as funcións que cada un ten, buscando responsables externos, responsables para a falta de decisións e de traballo conxunto.

Creo que Galicia ten un sector pesqueiro do primeiro lugar do mundo e ten que facer valer a súa voz en Europa. Iso está claro; aí contará co apoio e coa axuda dos Socialistas de Galicia, pero vostede ten que facer o seu traballo, porque iso son deberes doutros. Vostede ten que facer o seu traballo, e o seu traballo é tratar de conseguir a recuperación e a sustentabilidade do sector, que depende exclusivamente da consellería. Iso é o que ten que facer. E o que ten que facer é con base nunha estratexia clara, definida, que non vemos por ningún lado, de actuación.

¿Que vai facer para a recuperación dos bancos? Por exemplo, ¿que estratexia teñen para a recuperación dos bancos? ¿Que estratexia teñen para actuar, por exemplo, na subministración de semente para os produtores? Porque vostedes teñen unha rede de centros de produción de semente que están ou pechados ou parados, e son propios da consellería. ¿Non cre que a Consellería podería ter neste momento un sistema de produción e de distribución de semente para que todos os produtores tivesen ademais semente preparada e acondicionada precisamente para as condicións ambientais? ¡Ah!, non, é que ao mellor é preferible com-prala a empresas privadas ou ao mellor é preferible importala doutros países.

Polo tanto, esa si que é unha decisión súa, señor conselleiro, súa e do seu equipo, e teñen xente, como a do CIMA, que é capaz de poñer en marcha eses sistemas; non xa contando con investigadores das universidades, a propia consellería ten persoal.

Están facendo agora cuestións de efecto —digamos— da situación ambiental e da contaminación. ¿Non teñen datos de contaminación? Se o Intecmar está facendo continuamente estudos en todas as rías galegas de condicións ambientais, de produción, de contaminantes, de produción primaria, de fitoplancto. ¿Non teñen datos? ¿Non poden elaborar un sistema que permita diagnosticar xa o que está pasando para empezar a tomar medidas?

É que non podemos esperar dous anos máis para tomar medidas, sobre todo cando non se garante un sistema estable e continuado de axudas en función das circunstancias que se van sucedendo para que o sector o saiba. O sector non o sabe; non sabe cales son as súas axudas. É máis: acaban agora de sacar a concurso a concesión precisamente por algunhas oficinas de información de como funciona o FEMPA. É dicir, resulta que o sector está neste momento sen saber exactamente que axudas ten e a cales poden optar.



Vostede comenta que, efectivamente, está en contacto co sector. Ben, non sei se o sector pensa o mesmo, porque recentemente nos medios de comunicación representantes do sector acaban de dicir publicamente a súa preocupación pola ausencia de solucións dilixentes efectivas ante os graves problemas que atravesamos o sector marisqueiro-pesqueiro. Non o di o Partido Socialista, dio a Asociación de Confrarías de Pontevedra.

Polo tanto, a ese sector, co que vostede di que está en contacto permanente, explíquenlle como funcionan as axudas. Por certo, do que se queixan é de que as axudas teñen uns criterios e unha forma de acceder a elas que fan moi difícil que a xente poida beneficiarse desas axudas, porque, á parte de anunciar as axudas, hai que convocar as axudas, hai que concedelas e hai que aboalas. Vostede queda soamente no anuncio, na publicidade.

Polo tanto, hai que seguir traballando. E as mesmas confrarías din que non hai dúbida de que existe un incumprimento manifesto do que anunciara a Consellería do Mar. Non o digo eu; repito: dio o sector.

E non soamente iso, vostede segue dicindo que hai un diálogo continuo entre o sector. Neste momento hai —digamos— un enfrontamento entre representantes dos mariscadores, do sector extractivo, e os representantes do sector mar-industria por quen é o que regula e o que funciona. E aí é a Consellería a que ten ...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor ABALDE ALONSO: Si, xa remato, presidenta.

E aí é a Consellería a que ten as competencias exclusivas de regular iso. Polo tanto, pedímoslle á consellería que o regule e que estableza as vías de diálogo con todos os sectores implicados e que non se poña de perfil, como din os propios produtores, os propios mariscadores.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas.

Bo día, señorías, presidenta. Señor conselleiro, moi bo día.

Permítanme que comece dicíndolle que se non soubésemos ben o que hai detrás case nos daría unha envexa sa a súa situación, porque vostede é o conselleiro da Xunta de Galiza que vén aquí estar feliz de terse coñecido a vostede mesmo, estar feliz de como vai todo, e en caso de que algo vaia mal, evidentemente, a responsabilidade non é súa. Polo tanto, claro, vén apostar aquí por unha «aposta renovada» polo noso mar, e nunca mellor dito o de «renovada».



Vostede fixo o seu discurso en tres partes — ¡fíxese que simple é identificar a súa renovación de aposta polo mar!—. A primeira parte, o problemón que temos enriba, que é o maior problema que temos nestes momentos: a situación do marisqueo. Ben, primeiro problema, onde non sei se o saben as súas señorías, pero as competencias exclusivas son da Consellería do Mar.

Pero o conselleiro feliz da Xunta de Galiza vén aquí dicir que, efectivamente, hai problemas, que non nos preocupemos, que son por culpa do cambio climático; co cal cando ao cambio climático se lle ocorra cambiar outra vez ao mellor temos todo solucionado. Antes non, porque, efectivamente, o conselleiro do Mar está moi ocupado e moi preocupado en botar balóns fóra; botar balóns fóra, por exemplo, ¿como non?, ao vello coñecido de Madrid: o Goberno central, estatal, dos señores do PSOE, do señor Sánchez. Este é o que ten a responsabilidade e a culpabilidade de absolutamente todas as cousas que pasan no marisqueo, que —repito— son competencia exclusiva do conselleiro do Mar da Xunta de Galiza.

E a segunda parte do seu discurso —como non podía ser doutro xeito— é a Unión Europea, esa entelequia que nos goberna a todos e a todas. Polo tanto, todo o que pase, sexa bo, malo ou regular, correspóndelle á responsabilidade da Unión Europea, cando non son, efectivamente, de Pedro Sánchez.

E cita vostede, e permítame que llo diga, o anterior comisario de Pesca. Eu supoño que sabe vostede —supoño que o sabe, iso saberao— que o anterior comisario de Pesca foi nomeado pola mesma señora do Partido Popular, a señora Von der Leyen, que acaba de nomear o actual comisario de Pesca. Eu supoño que vostede sabe iso. Agora vostedes din que co novo comisario xa se van solucionar todos os problemas. ¡Ogallá!, porque a primeira forza política en ser crítica coa política da Unión Europea neste país é e foi sempre o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

E dentro das súas competencias fálanos vostede —non podo pararme en todo, porque a min gustárame un día, efectivamente, poder falar vostedes e mais nós, pero con calma, ir punto por punto, pero do máis «destacable» do seu discurso, da súa intervención— do Plan de sostibilidade e competitividade do marisqueo de Galiza, e dixo vostede textualmente: estamos en disposición de facer balance do plan, ¡balance do plan! Ben, pois saiba vostede, señor conselleiro, que nós non, non estamos en disposición de facer balance do plan, entre outras cousas porque nada máis comezar a lexislatura no mes de abril solicitamos este plan polo artigo 9; estamos ou imos comezar o mes de outubro, e o señor conselleiro do Mar, que agora vén aquí facer un balance, aínda non nos entregou polo artigo 9 ese Plan de competitividade e sostibilidade *(Aplausos.)*

Polo tanto, nós non podemos facer balance dun plan, que, iso si, vén envolto desde o primeiro día nunha enorme, inmensa e brutal campaña de propaganda, pero que na realidade, polo pouco que puidemos saber, resulta que consta de todas e cada unha das medidas ordinarias que todos os anos pon en marcha a Consellería do Mar. Colle todo e méteo no mesmo saco, que, en teoría, debера estar única e exclusivamente formado polas medidas dun plan extraordinario para a situación extraordinaria que está a vivir o marisqueo.



Pero, claro, non me estraña que estean vostedes en situación de facer un balance dese plan porque o tema é: culpa de todo, o cambio climático; se queda algo, Pedro Sánchez. E, entón, claro que se pode facer un balance, ¿como non se vai poder facer un balance?

Pois eu agora, señor conselleiro, síntoo moito molestalo, pero voume referir ás súas competencias exclusivas, non só en marisqueo, porque quérolle lembrar que aquí temos outro sector potentísimo, ¿verdade?, neste país afortunado, como é o sector mexilloeiro, que leva xa un par de anos de capa caída, tanto que no 2023 a mingua de produción de mexillón con respecto ao 2022 é case dun vinte por cento, nada máis e nada menos nun ano. Pero o señor conselleiro e a súa consellería, que veñen anunciando desde o ano 2022 unha nova normativa para a extracción da mexilla, ano 2022, estamos rematando o 2024, e Pedro Sánchez, Sinkevičius... ¿A quen lle botamos a culpa, señor conselleiro, da normativa da mexilla? Despois a ver se mo di, porque o sector mexilloeiro está moi preocupado, moi preocupado cunha baixa de produción inmensa, e a Consellería está desaparecida. Outro sector, señoría, señor conselleiro, da súa propia competencia, das súas exclusivas competencias, o marisqueo, como estabamos dicindo.

Non vou resumir aquí todas as marabillas que fixeron vostedes desde que empezou o mes de outubro pasado, no 2023, onde literalmente non só afogou absolutamente todo o marisqueo que había no noso país, todos os recursos que había no noso país, senón que afogaron vostedes aos mariscadores e ás mariscadoras deste país. Viña aquí o señor conselleiro dicir que ese plan de competitividade, que só coñece el e o seu equipo, resulta que estaba formado por fondos propios e por fondos da Unión Europea; fondos propios, señor conselleiro. Desde o mes de outubro, estamos en setembro, vai para un ano, 550 euros por mariscador ou mariscadora de fondos propios. Todo iso foron os recursos propios que dedicou a Consellería do Mar á situación do marisqueo.

E di vostede que *todo lo que hacen* é dialogado e falado e consensuado co sector. Ten vostede algún escape, ¡eh!; xa empezan a ter vostedes algúns escapes públicos, porque internos xa os tiña. ¿Que opina a Federación de Confrarías de Pontevedra das medidas que tomou? Literalmente acaban de dicir que se senten «decepcionados» —que iso lle pode pasar a calquera— «e abandonados», que é o que lle vén dicindo o Bloque Nacionalista Galego desde hai anos: que teñen vostedes abandonado o sector marisqueiro, que é da súa propia competencia exclusiva.

Señor conselleiro, á parte de falar co sector —que, evidentemente, é primordial e hai que estar en diálogo con eles—, nós, os que estamos aquí, as que estamos aquí, non estamos postas polo *ayuntamiento*. A nós votáronnos os cidadáns e cidadás deste país, igual que a vostede, para que os representemos. E, claro, aquí cando nos votan vimos, cando menos os do Bloque Nacionalista Galego, traballar; outros non, pero os do Bloque Nacionalista Galego vimos traballar, e propuxemos aquí unha chea de medidas, non só este ano, nos anos anteriores tamén —nos anos anteriores tiñan vostedes por costume votar en contra; agora non, a estratexia cambiou, agora o tema é: votar a favor e directamente *a la papelera de reciclaje* o acordo proposto polo BNG, (*Aplausos.*) e votado unanimemente—, e aprobamos, señor conselleiro, por unanimidade —os deputados do seu partido tamén, non sei se llo comentaron—, no mes de maio en dúas ocasións, por se unha fora pouco, poñer en marcha este ano,



non para o século XXVI, este ano, poñer en marcha e establecer axudas directas desde o mes de outubro para os mariscadores e mariscadoras que estaban a vivir, que están a vivir unha situación verdadeiramente tremenda, e ata que...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...se recupérase —remato, presidenta— a actividade con normalidade.

¿Onde están as axudas, señor conselleiro? Quiñentos cincuenta euros en case un ano de fondos propios da consellería. Aprobamos por unanimidade, señor conselleiro, poñer en marcha, crear un seguro público de produción marisqueira para asegurar unha produción mínima. Por certo, un seguro público de produción marisqueira...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten unha segunda rolda agora.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...que xa a conselleira emérita anunciou aquí hai tres anos. Vostedes non foron capaces de poñelo en marcha; agora pedímosllo, e tampouco.

E, por último, señora presidenta, acordamos, entre outras cuestións, por unanimidade, comezar a recuperar... A min non me dá a risa e pódolles garantir que o tema é tan serio, tan serio...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo, señora Pérez. Moitas grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...que non teño ganas de rir, señor conselleiro. Se a vostede lle fai graza, pois ...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo.

(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Pérez, vai vostede dous minutos pasada do tempo.

(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Señora Pérez!

(Aplausos.)

Nas comparencias —creo que non é necesario recordar iso— o único interveniente que non ten límite de tempo é o señor conselleiro, o resto teñen que limitarse. Trinta ou corenta segundos sempre se lles respectou, pero pasar dos dous minutos paréceme francamente un exceso, e dígollo co debido respecto, porque vostede ademais coñece perfectamente as regras do xogo.



Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día.

«Galicia sabe a mar», este é o slogan da campaña da Consellería do Mar, unha campaña que está tendo un éxito absoluto e rotundo; o que pretende é defender e poñer en valor os excelentes produtos que saen do noso mar. E un slogan parecido podería resumir as políticas que se están a facer desde o Goberno de Galicia: a Xunta sabe de mar, porque as políticas do Goberno de Alfonso Rueda, que en materia de mar dirixe de xeito impecable Alfonso Villares, cun grande equipo detrás, fanse —como falaba o conselleiro— con sentidiño, a través da cogobernanza, do diálogo constante e continuo, escoitando, porque hai que escoitar aos que máis saben, e traballando cóbado con cóbado co sector marítimo-pesqueiro, miles de mulleres e homes que viven do mar en Galicia. *(Aplausos.)*

É certo que dun tempo a esta parte a pesca está en perigo, e sabémolo, pero a xente do mar tamén sabe que o Partido Popular vai saír na súa defensa sempre, en todo momento e en todo lugar.

Señorías, na actualidade o terreo de xogo da política pesqueira é europeo. O 80-90 por cento das decisións que afectan o noso mar tómanse en Bruxelas. E nos últimos anos a Comisión Europea deulle as costas ao sector da pesca, ignorou a súa importancia social, ambiental e económica; confundiu ecoloxía con ecoloxismo, e tomou decisións —e sábeno— que afogaron moitas iniciativas e proxectos, decisións que seguen a poñer en risco o futuro do sector.

Por iso, todo o Partido Popular, desde o señor Rueda ao señor Feijóo á cabeza, pedimos que se nomease un comisario específico na Comisión Europea, que defendera os intereses da pesca en Bruxelas. ¿E por que? Porque a pesca estivo machacada e castigada polo Grupo Os Verdes/ALE, socios do BNG en Europa, os inimigos da pesca, máis preocupados polos peixes que polos pescadores, e tamén polo anterior comisario, que ata prohibiu a pesca de fondo. ¿Saben o que lle dicimos desde o Grupo Popular? *Bye bye*, señor Sinkevičius, non o botaremos de menos desde Galicia.

Por iso, estes días temos unha esperanza, pois despois de dez anos volvemos contar cun comisario de Pesca e Océanos, o chipriota do Partido Popular Europeo, o señor Costas Kadis, ao cal lle desexamos moita sorte —espero que esteamos de acordo niso— desde o Parlamento de Galicia. Moitos son os retos, pero quizais o máis relevante sexa o da reforma da Política pesqueira común, para que o sector siga sendo sostible, competitivo e resiliente.

Outra das ameazas para o sector marítimo-pesqueiro é sen ningunha dúbida —e xa o dixo o conselleiro— o cambio climático. É evidente que este fenómeno lles afecta, e moito, ás nosas augas e, polo tanto, aos nosos recursos. Desde o Grupo Popular consideramos que hai que seguir con todo este traballo que leva facendo desde hai anos a Xunta de Galicia xunto coa comunidade científica galega: o estudo dos fenómenos atmosféricos, as mareas verme-



llas e a irrupción de especies invasoras, que tanto afectan a produción e a rexeneración dos bancos marisqueiros.

E imos falar de marisqueo. Nós xamais, nunca, negamos a complicada situación pola que atravesamos o sector do marisqueo, algo que nos preocupa e nos ocupa, porque para o Partido Popular o marisqueo é absolutamente prioritario e estratéxico. Señorías, o Partido Popular é moi consciente da grande importancia económica, social e ambiental que ten a actividade do marisqueo en Galicia, xa que estamos falando de máis de tres mil quingentos permisos de marisqueo a pé e máis de dúas mil embarcacións na modalidade de marisqueo a flote. O mariscador e a mariscadora queren vivir do seu traballo, non queren vivir de axudas. Isto é o que dicía exactamente esta fin de semana o máximo representante das confrarías pesqueiras galegas, o señor José Antonio Pérez Sieira.

Por iso, e non por outra cousa, a nosa prioridade é recuperar a produtividade dos bancos marisqueiros, pero tamén exiximos un compromiso de todas as administracións porque ata agora —e dicíao o conselleiro— desde o primeiro momento a única administración que estivo dando solucións foi a Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Estas foron axudas directas aos mariscadores, axudas ás confrarías de pescadores, axudas pola parada temporal da actividade marisqueira, axudas para rexenerar os bancos marisqueiros e xerar novas zonas de traballo, proxectos para facer máis resilientes as nosas especies etcétera. E dígolles máis: o Plan de competitividade e sostibilidade do marisqueo 2024-2025 —do que tanto falan a señora Pérez e o señor Abalde— estase poñendo en marcha, está funcionando; claro que non está terminado, pero son máis de cento vinte e tres millóns de euros co único obxectivo de garantir o futuro do marisqueo en Galicia. Todo isto traballando e falando co sector, tanto onte como hoxe como mañá, con responsabilidade, todos xuntos, señor Abalde, todos xuntos. Unha ecuación na que botamos en falla o compromiso —como dicía antes— do resto das administracións, porque —insisto— ata o de agora e desde o primeiro momento a única que estivo a carón do marisqueo foi a Xunta de Galicia.

Señorías do PSOE e do BNG, ¿por que lle negan a Galicia o que si lles dan a outros territorios? ¿Por que lle negan a Galicia a declaración de zona catastrófica, como solicitou a Xunta de Galicia, polas chuvias producidas no outono pasado? ¿Así é como queren axudar os mariscadores e as mariscadoras de Galicia ou só veñen aquí facer demagogia? ¿Por que obrigan, por exemplo, os mariscadores a seguir pagando a Seguridade Social se non poden ir traballar? Desde logo, isto para nós e para o sector é absolutamente incomprensible. Así que leccións, ningunha. *(Aplausos.)*

E, por último, antes de rematar esta primeira quenda, gustaríame referirme á cadea mar-industria, estratéxica para Galicia, pero que quedou excluída do PERTE agroalimentario. Galicia —como saben— é unha comunidade líder no eido da transformación e conservación dos produtos procedentes do mar, é a maior produtora de conservas de peixes e mariscos de España; no segmento do conxelado aporta máis do cincuenta por cento da facturación do sector a nivel nacional. Pois ben, despois da presión de todo o sector e do Partido Popular conseguimos arrancarlle un PERTE da cadea mar-industria dous anos e medio despois ao Goberno de España, por un total de vinte millóns de euros. Estarán de acordo comigo con que isto non é un PERTE, vinte millóns de euros son un pertiño, sobre todo se os compara-



mos cos catrocentos millóns de euros que pedía o sector e máis aínda cos mil que lle destinaron ao PERTE agroalimentario.

O Partido Popular xa lles anunciou que estes fondos serán insuficientes, e por iso seguiremos a demandar do Goberno central que os incremente. Corenta millóns non serven para nada. ¿Que son corenta millóns de euros para toda a cadea mar-industria fronte, por exemplo, aos vinte e oito millóns de euros que lle custa ao señor Pedro Sánchez a fichaxe do señor Broncano na televisión de todos? (*Murmurios.*) Comparen vinte e oito millóns de euros para Broncano e vinte millóns de euros para a cadea mar-industria. (*Aplausos.*) Iso é a comparación, señor Abale. Por iso, se escoitaran o sector, saben que este PERTE chega tarde, que vinte millóns non chegan para nada e que xa hai que traballar noutra convocatoria.

E como os feitos falan, existen moitos motivos para chegar á conclusión de que aos actuais dirixentes do desgoberno de España non lles interesa nin Galicia nin a pesca. Quizais porque Galicia é a rexión líder en Europa e en España no eido marítimo, e eles para nada teñen que ver con estes resultados. Quizais sexa que tanto o PSOE como o BNG se esqueceron —un detalle sen importancia— ou non se lembraron de incluír nin unha soa palabra sobre a pesca nin o marisqueo nese pacto de goberno que fixeron en Madrid para facer a Sánchez presidente do Goberno.

A única —insisto— administración que está dando a cara polo sector do mar é a Xunta de Galicia, traballando como se teñen que facer as cousas, con responsabilidade; é aí onde nos han de atopar. Onde non nos van atopar é, sen ningunha dúbida, facendo como fan vostedes demagogia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fidalgo.

Réplica do conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señora Pérez, vou empezar polo final. Eu non me río da xente; non, non me río da xente. É un pouco para coñecernos, que tamén é importante ás veces establecer e ir coñecéndonos pouco a pouco, que ao igual tampouco hai ocasións. Eu nunca me río da xente, das persoas, de ningunha persoa, para min todas me teñen o respecto máis grande do mundo. Eu podoo sorrir por algún chascárallo, por algún comentario, pero rirme da xente nunca, xa o saberá e xa o coñecerá. (*Aplausos.*) Non llo digo con acritude.

Evidentemente, podemos ter moitas diferenzas en canto a certas cuestións e podemos discutir. Pero créanme —a todos os da Cámara—: eu non me río das persoas, respéctoa porque son un galego máis coma vostedes, que estou encantado de estar na miña terra, como están todos vostedes. E, polo tanto, eu creo que iso que nos une xa é un principio fundamental co que empezar a sentirnos ben e cómodos os uns cos outros. Polo tanto, eu na miña vida —e levo xa desde o ano 1995 metido en política— nunca me rin das persoas, nunca na vida, porque así me ensinaron na miña casa. Polo tanto, nese sentido, de verdade dígolle que



nunca pense nin nunca faga ese comentario; pode facelo, pero eu xa lle dou agora mesmo a explicación oportuna con toda a sinceridade e con todo o respecto do mundo.

Evidentemente, cando tamén empezaba vostede a súa intervención, de que me sinto feliz. Está claro que os retos de calquera traballo, de calquera labor ou de calquera persoa no día a día hai que afrontalos, e, evidentemente, imos intentar afrontalos con positividade. E intentar afrontalos buscando ás veces sen ningún positivismo pois unha solución a uns problemas que en moitas veces non son nin tan doados e ás veces tampouco se poden alcanzar dun día para outro. Polo tanto, eu creo que é unha actitude positiva que vai atopar tamén sempre en min, non unha felicidade por atoparme eu feliz de terme encontrado... A ver, non, nese sentido sempre fun precavido á hora de intentar esas cuestións, non poñelas en evidencia nin sentilas. Polo tanto, nese sentido tamén lle digo que con toda humildade me considero unha persoa humilde; pero, iso si, intento afrontar os traballos dun xeito positivo.

Está claro que desde que un entra na consellería e ve os problemas, os problemas son diversos e sempre os vai haber, e temos que intentar mellorar sectores coma os que agora mesmo nos atinxen.

No sector do marisqueo atopámonos cunha situación igual máis álxida a finais do ano pasado, unhas consecuencias e unhas circunstancias das que xa falamos moitísimas veces e que todos despois tamén fixemos e puxemos o grito no ceo, uns dunha maneira e outros doutra, para intentar poñelas en evidencia e poñer e buscar unha axuda neste caso para a xente afectada.

A min neste caso resúltame curiosa a xente coma vostede, señora Pérez, representando un grupo como o BNG, que agora realmente falen dos de Madrid dun xeito distinto do que falaba antes, e tamén é positivo. Ou sexa, agora mesmo os de Madrid para vostedes son os seus irmáns, como así sempre tivo que ser; pero, evidentemente, non é o mesmo tratamento que teñen agora que o que trataban antes cando daban *navalladas* á terra os de Madrid. Ben, era un pouquiño..., pois como levo anos en política tamén levo visto moitísimas declaracións de compañeiros seus nese sentido. E, polo tanto, o BNG sempre, evidentemente, cando quere a independencia do resto do país, e neste caso é polo que avoga, pois está claro que non quere saber nada do país. Pero cando nestes momentos falamos de cuestións que tamén son cuestións onde Madrid pode botar unha man e debería botar unha man —como tamén sinaléi antes que o está facendo noutros territorios—, ¡coidado!, vostedes atopan Madrid como un aliado. Cuestión da que me alegro, pero cuestión da que neste caso me sorprende vindo dun grupo coma o seu. (*Aplausos.*)

Os problemas do marisqueo oxalá se puideran resolver dun día para outro. Hai que escoitar a xente, e iso foi o que estivemos facendo durante todo este tempo coa xente os traballadores e traballadoras da Consellería do Mar. No seu día a día, evidentemente, e no seu traballo estamos a intentar buscar solucións ás problemáticas que hai. Estamos a xuntarnos cos representantes do marisqueo de todas as rías, así tamén llelo dixemos aos representantes das federacións provinciais de confrarías de Galicia, e estamos indo ao terreo. Entendemos que as solucións son máis fáciles cando un se acerca ao terreo, fala coa xente que ten a problemática, e entre uns e outros intentar solucionarla. Non soamente desde unha administración



afastada da terra ou afastada do mar; non, a administración ten que acercarse, como se está acercando neste caso, para falar coa xente do mar e escoitalos e ver realmente cales son as problemáticas que eles nos queren plantexar.

Evidentemente, a través de aí e a través dos coñecementos científicos que temos e que ten esta consellería, que eu creo que é un honor para todos, para vostedes tamén e para Galicia. Á fin ao cabo, ter os centros de investigación máis importantes do sector do mar de toda Europa é un orgullo. ¿Que podían ser máis? Poderían ser máis. Pero que son os mellores, os máis numerosos e onde máis fondos propios tamén pon a Xunta de Galicia, a Consellería do Mar, para levar adiante e sentirnos orgullosos do traballo que fan, iso é unha realidade que non se pode discutir.

Polo tanto, nosoutros, co sector, coa xente, co equipo científico da Consellería do Mar, estamos a intentar buscar solucións particulares a cada unha das nosas rías, a cada unha das nosas confrarías. Esa é a nosa forma de traballar.

Nós lanzamos ese plan de competitividade; estámonos a reunir e a falar con todos os representantes das federacións galegas de confrarías, e tivemos diversas reunións. A última foi no mes de agosto, volveremos xuntarnos se non é neste mes, que xa está acabando, vai ser no seguinte, para ver e avaliar esas accións que vostedes lles chaman «ordinarias», pero que son fondos públicos que están postos exclusivamente no marisqueo. Se non estaban no marisqueo dun xeito exclusivo, agora estase dando a orde de priorizar fundamentalmente no marisqueo e buscar a solución para cada unha das nosas rías. Unha solución concreta, unha solución falada coa xente do mar e unha solución tamén compartida con todos os representantes das confrarías.

Pero —como lles dixen antes— as solucións non veñen dun día para outro, oxalá fora posible buscar unha solución e que o marisco e eses bivalvos ou ese ciclo de vida se puidese acurtar. Iso leva un tempo. E eu creo que estamos neste caso tamén a ter unha serie de resultados ou estanse facendo unha serie de plans e unha serie de accións e colaboracións importantes. Nelas non soamente vou falar e destacar os nosos técnicos da Consellería do Mar, que —repítolles— é un orgullo para toda Galicia, senón que tamén quero destacar as distintas colaboracións que estamos a ter coas distintas universidades. Neste caso, señor Abalde, que vostede tamén formou parte neste caso da universidade, sabe perfectamente que é unha forma de facer, unha forma de traballar da Consellería do Mar estar continuamente en contacto con vostedes e pedirllas informes, que, evidentemente, vostedes non os poden facer dun día para outro, porque tamén haberá que traballar, haberá que sentarse e haberá que mirar.

Pois iso é o devir do día a día. Os milagres víaos hai tempo, agora mesmo neste sector no que nós coñecemos non sabemos facelos; non sei se vostedes si pero nós non sabemos facelos. Pero si que sabemos trazar o camiño para intentar buscar unha solución á problemática diversa. É unha problemática que nosoutros sentimos e vostedes senten, que eu non poño en dúbida que vostedes non sintan, todo o contrario, que todos sentimos e que, evidentemente, ten que saír a través dunha forma de traballar, que —repítolles— é esa: co sector, coa compoñente científica da Consellería do Mar e tamén coas distintas universidades



galegas, coas universidades públicas galegas, que nosoutros estamos moi orgullosos dos servizos públicos que ten a Xunta de Galicia, e tamén neste caso no eido da educación. (Aplausos.)

Das distintas medidas que estamos a facer neste caso, que tamén foron algunhas aprobadas no Consello da Xunta, son medidas que eu creo que tamén foron publicadas na prensa, con medidas, neste caso, de investigación ou con medidas que redundan á hora de, por exemplo, firmar un convenio coa Universidade de Santiago para estudar o impacto da contaminación química microbiana na produción de bivalvos. Evidentemente, é un traballo, señor Abalde, que vai durar dous anos, porque é como dicía vostede: «oxalá...». Pero antes deste houbo outros traballos feitos —vostede ben o sabe—, pois vostede ben firmou convenios coa nosa Consellería de traballos e outros proxectos feitos, pois do ano pasado, antes de que vostede se metese, neste caso, na política —que tamén o felicito por iso; pois é importante que todos os cidadáns entren na política e vexan realmente o que é a realidade política, e vexan cal é a realidade cidadá—. Este proxecto vai levar dous anos, pero houbo outros, ata entón, que vostede tamén coñece de sobra, e coñéceos perfectamente porque vostede os asinou. Polo tanto os traballos levan o seu tempo.

E firmamos este convenio: un convenio por 414.000 euros, que foi aprobado no día de onte; tamén mobilizamos 650.000 euros en axudas a entidades do sector pesqueiro para proxectos de protección e de recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas. Pois tamén neste caso foron aprobadas no día 9 do mes de setembro deste ano. Tamén firmamos outro convenio, neste caso, tamén coa Universidade de Santiago de Compostela para avanzar na loita contra as infeccións nos cultivos larvarios invertebrados mariños. Neste caso foi un convenio tamén plurianual de 150.000 euros. Estes proxectos e esta forma de traballar —como lle dixen— sae de falar coa xente do sector, de estar a pé de mar, ao pé da auga do mar, xunto deles, e de preguntarlles: ¿que credes ou que considerades que hai que facer?; de aí saen estes convenios e de aquí saen estas investigacións. Tamén reforzamos a colaboración coa Universidade de Vigo, neste caso, a través da criopreservación da produción de bivalvos no litoral galego; outro proxecto coa Universidade de Vigo. Tamén apoiamos con 800.000 euros, o 24 de xuño deste ano, o fomento da innovación e da mellora tecnolóxica e da competitividade no sector acuícola galego.

Así lles podía ir relatando, así lles podía ir contando un a un todos os proxectos que toda a xente, que é traballadora da Xunta de Galicia —da cal todos nos sentimos orgullosos, e entendendo que vostedes tamén—, está a realizar e estamos a facer continuamente. E os traballos e os proxectos, sen dúbida ningunha, levan o seu tempo. Aquí están e son unha pequena mostra de moitas das accións que estamos a facer. Evidentemente, os resultados tardarán un tempo, pero tamén agora mesmo nos están chegando outros resultados doutros proxectos que, neste caso, foran firmados, por exemplo, cando vostede estaba na Universidade da Coruña. Polo tanto, eu creo que, nese sentido —e tampouco conto nada raro—, o plan está funcionando e estas accións coméntanse tamén aos representantes das confrarías. E tamén, neste caso, aproveito para comentarlle a vostedes, e que vostedes xa sabían, porque son cuestións que están publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Volvendo igual a outra cuestión —que tamén a min me pode resultar un pouco contraproducente ou un pouco chocante— é o feito de que —como vostedes comentaban— eu non



veño aquí tirar balóns fóra, senón que veño poñer unha serie de evidencias encima da mesa, porque, por exemplo, cando foi o problema que tivemos na fin do ano pasado, pois evidentemente o seu grupo, e todos os grupos, sobre todo, o Grupo do BNG e o Grupo do PSOE, mobilizáronse e pediron axudas ao marisqueo ante a mortalidade das rías. Xuntáronse coa xente. Neste caso, o BNG xuntouse cuns mariscadores, (*O señor conselleiro do Mar, Villares Bermúdez, mostra un documento.*) e o PSOE tamén o fixo con outros (*O señor conselleiro do Mar, Villares Bermúdez, mostra outro documento.*) e escoitáronos e escoitaríanlles as súas peticións. As competencias están na Xunta de Galicia —como ben comentou a señora Pérez—, pero Madrid poderá axudar algo; ¡digo eu! —digo eu— que poderá axudar algo. ¡Oia!, se non pode axudar e non está para axudar, pois non sei para que, neste caso, vostedes, señores do BNG, deron o voto ao Partido Socialista; non sei para que, porque goberna. (*Aplausos.*)

E dígoo porque está gobernando. Hai un presidente, que é o presidente de todos os españois; hai un Goberno, que é do Partido Socialista, e uns aliados, entres os cales está o BNG. E eu creo que —vostedes ben saben— a nación ou o país pode axudar as comunidades, como o está a facer noutros sitios. Tampouco vou poñer máis exemplos porque xa estamos todos cansados de escoitalos, pero si que pode. E aí tamén lle pedimos, pediulle tamén o sector axudas —supoño que llas pediría—, neste caso, para a situación que, pola alarma, que percibiamos todos, era unha catástrofe —e dicíano vostedes, uns e outros—; era un tema urxente, catastrófico, era... E así nos puxemos todos. E realmente sentímonos doídos polo que lle estaba a pasar ao noso sector; e por iso pedimos que o Estado decretase a situación de zona catastrófica para Galicia porque iso posibilitaría armarnos dunha serie de axudas —máis axudas— de diversa índole que tamén puidesen complementar o que puidese facer, neste caso, a Administración autonómica, cun presuposto máis reducido en comparación co presuposto da nación española. Nós o que pediamos era algo sensato; algo que pedirían vostedes tamén, polo menos o BNG o ía pedir con máis máis vehemencia se gobernase o PP en Madrid —iso é certo—, pero tamén —entendo— o pediu e o pediu publicamente. O Goberno e os aliados do Goberno pediron publicamente que Madrid fixese algo, porque vostedes se tiraban dos pelos ante a situación que había. ¡Bueno!, pois, evidentemente a resposta de Madrid foi que non, que non había nada, que non había ningún tipo de axuda, que non había axuda ningunha para o marisqueo. Decretáronse zonas catastróficas noutros territorios españois, pero no noso non. En canto ao tema do marisqueo, entón, unha de dúas: ou non souberon entendela, ou realmente non viron como gravoso canto pasou, ou non sei que foi o que pasou.

Incluso, cando realmente nós mobilizamos cartos —poucos ou moitos—, que son de todos os galegos —eu entendo que para facer as axudas directas, señor Abalde, non basta con chegar a unha fila, comprar unha rifa e dar. ¡Oxalá fose así!, porque, ás veces, cando vostede comentaba que este fora un mal deseño... Bueno, deseñouse dunha forma, cumprindo todas as normativas que hai que cumprir e exixindo todo o que hai que exixir, porque os técnicos teñen que firmar, o interventor, o funcionario, o secretario... Tardará porque hai unha normativa que hai que cumprir, e hai que facer as cousas ben —, tentouse facer da mellor forma posible.

Ao final, houbo unha serie de xente que quedou fóra e outra xente —a maior parte—, que quedou dentro, pero, neste caso, o deseño intentouse facer o máis rápido posible para darlle



unha axuda á nosa xente do mar. E foi ese diñeiro o que saíu de fondos propios. E vostedes ridiculizaron ese diñeiro; ridiculizárono. ¡Bueno!, pero foi o que se puido conseguir. Non ridiculicen vostedes un diñeiro, cando, o Goberno de Madrid non deu ningunha axuda para os nosos mariscadores. E, o peor de todo foi que, aos nosos mariscadores —eses que vostedes acompañaban na protesta— os estivo saqueando o Goberno central, cobrando a Seguridade Social a esa xente que o estaba a pasar mal, día tras día e mes tras mes. (*Aplausos.*) A eses mariscadores —que vostedes acompañaban, e cos que estaban, e que escoitaban a súa dor— resulta que, nese mesmo momento, a Seguridade Social, que depende do Goberno central ou que depende do Goberno do Estado, este estáballa cobrando a esa xente que o pasaba mal.

¿E non ten nada que dicir, señora Pérez, ante este tema? ¿Non lle parece moi duro que, ante unha xente que o pasaba mal, o Goberno central lle cobrase igual a Seguridade Social?; ¿non entende vostede que era mellor que non lla cobrase? ¡Pero que fagan algo! Eu digo que se o Goberno central, polo menos, non lle cobrase a Seguridade Social, pois algo era: un grao de area. Algo, era preciso que fixesen algo, polo menos, para axudar eses mariscadores. E digo isto, con esta énfase, porque vostedes ridiculizaron unha axuda que saía de todos os galegos; unha axuda que deu moito esforzo sacala; e unha axuda que, pouca ou moita, foi a única —ja única!— que tivo a xente do marisqueo, neses tempos e nesas catástrofes. Tanto uns coma outros cansaron de berrar e de gritar, pero iso si, aos seus; o Goberno central, onde gobernan uns e son aliados outros, o único que fixo foi nada, e aos nosos mariscadores saqueounos, cobrándolles a Seguridade Social, a todos eles, que o estaban pasando moi mal. (*Aplausos.*)

Temos que seguir traballando, evidentemente. Este plan é un plan que está vivo —como lles comentei—, e sexan medidas ordinarias —como comentaba a señora Pérez—, ou sexan medidas extraordinarias, van ser medidas comunicadas co sector, e van estar feitas man a man con el. E iremos, pouco a pouco, intentando ver o camiño e buscando unha solución para unha problemática, para a cal esperemos que sexa positiva, porque estou seguro de que a xente da Consellería do Mar, e estou seguro tamén que vostedes pensan que todos traballamos en facer as cousas ben, pois aquí ninguén traballa para facer as cousas mal. Polo menos, permítanme que, nese sentido, poida tamén recoller unha opinión, coa que seguro concordan todos vostedes, e facela tamén propia, facela unida. Porque xuntos, traballando xuntos, é o xeito e é a forma como tamén lle ía gustar vernos á nosa xente, e tamén lle ía gustar á nosa xente que cando se reclamasen cousas á Administración autonómica tamén se reclamasen á Administración central. Uns por outros, porque, evidentemente, o importante é a nosa xente e o noso sector, pero cando realmente é tanto —¡tanto!— o silencio e é tan pouco o interese que está tendo o Goberno de Madrid co noso sector do mar, pois, a verdade é que tamén cansa, e é difícil un quedar calado.

Tamén falaba vostede, señora Pérez, das votacións unánimes para poñer en marcha axudas directas que se aprobaron aquí, unha serie de veces. Tamén aquí se aprobou, unha serie de veces, neste Parlamento —non sei cantas veces— que se baixase o IVE ao peixe. Reclamárono vostedes —vostedes— e nós tamén. Estámosllo reclamando ao Goberno central e tampouco. Estámosllo reclamando desde o ano, desde o ano..., desde hai moitos anos, e moitas veces aquí. ¡Bueno!, pois tampouco. Mandámosllo alí e tampouco. ¡Bueno!, pois aínda non está. Eu creo que non é unha boa medida, pero refírome a que, ás veces, hai cuestións que, ¡joia!, imos poñernos colorados todos; se nos poñemos, ímonos poñer colo-



rados todos. Son cuestións que tamén se aproban nos parlamentos, e, nese sentido, era importante tamén que esa baixada do IVE do peixe se levase adiante porque o sector do mar necesita que se consuma peixe e que siga formando parte da nosa dieta e da dieta dos nenos e dos non tan nenos, xa que así tamén, por un lado, a saúde das persoas ía mellorar e, por outro lado —¡como non!—, ao noso sector lle ía ir moitísimo mellor.

E cando falo de Europa, eu espero que haxa un cambio; espero que haxa un cambio en canto ao novo comisario de Pesca. O funcionamento da Unión Europea tampouco llelo vou explicar a vostedes —que ben o coñecen—, pero —como ben comentou a señora Pérez— o anterior comisario, que era o señor Sinkevičius, foi nomeado por unha presidenta.

E en canto ao señor comisario e ao funcionamento da Unión Europea, pois neste caso, hai representantes de todos os partidos. E, neste caso, a área de Pesca e Medio Ambiente tocoulle a este comisario. ¡Bueno!, non sei de onde é o comisario, pero, ¡bueno! É de lonxe. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Desde logo este comisario é de lonxe. E díxeno cun sentido, pois non é de tan lonxe. ¡Non!, o comisario non é de tan lonxe, ¿eh? Porque un pensa que é de lonxe...; ¡non!, é de aló, (*O señor conselleiro do Mar, Villares Bermúdez, eleva o brazo indicando distancia.*) é de aló da... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) ¡Non, non! Resulta que na Alianza do Grupo dos Verdes, cando se entra na páxina web e se ve a foto, vese a Alianza do Grupo dos Verdes, e aquí están (*O señor conselleiro do Mar, Villares Bermúdez, mostra un documento e sinálao nun punto.*) o señor Sinkevičius (*O señor conselleiro do Mar, Villares Bermúdez, sinala outro punto no mesmo documento.*) e a señora Ana Miranda, (*Queixas.*) (*Murmurios.*) que está no mesmo equipo. Unhas veces xogan uns e outras veces xogan outros. (*Aplausos.*) Teñen un equipo montado e, ás veces, saen uns xogar e, outras veces, saen outros xogar. (*Aplausos.*)

E voullas mencionar os distintos comentarios que, non soamente eu, senón que o sector fixo durante todo este tempo con respecto a este comisario Sinkevičius: «*Frustración del sector pesquero europeo tras el cara a cara con Sinkevičius*». Isto referíase a que ese comisario —¡non tan de lonxe, senón que pertence ao Grupo do BNG!; ou sexa, é de ¡moi de cerca!— (*Murmurios.*) foi o que dixo que había 87 zonas ou áreas de pesca, a onde a nosa xente ía pescar, e que decretaron vedadas para realizar a pesca de palangre, é dicir, a pesca máis sostible cos recursos e co medio que, neste caso, realiza a nosa xente do mar. Tamén resulta que contra ese comisario foi todo o sector do mar: «*Carga al unísono contra el impacto y la falta de sensibilidad de la era Sinkevičius*».

E poden sacar moita información a respecto do que este comisario supuxo para a pesca europea. E iso é así: as decisións tomounas quen as tomou, e tomounas un comisario que non tivo en conta, para nada, o sentir de Galicia e o sentir da nosa xente.

Eu creo que, ás veces, un pensa que as cousas que se din a xente non as le, ou que a xente non as ve, ou que a xente, ás veces, anda polo mundo sen preocuparse do día a día dun Parlamento ou duns políticos que estamos continuamente a plantexar unhas propostas ou a plantexar unha serie de cuestións. Non, a xente le e a xente entérase. Por moito que vostedes intenten ocultar ou intenten dicir que a Europa lle imos pedir... ¡Non, non!, vostedes, xunto co seu comisario, porque pertence ao seu grupo, foron os que máis dano fixeron ao sector da pesca galega, e non é dito soamente por nós, senón que é dito polo propio sector en múl-



tiples ocasións. (*Aplausos.*) Son totalmente copartícipes das decisións que o comisario do seu grupo tomou durante estes últimos anos. ¡Quéirano ver ou non o queiran ver! Pero no mesmo equipo están uns e outros; unha veces saen xogar uns e outras veces saen xogar outros.

Esperemos que no futuro haxa un cambio; ese cambio, evidentemente, témolo que facer dun só xeito e —eu creo— o único xeito é facelo xuntos. Así eu tamén llo estou comunicando continuamente ao sector.

Non é un momento calquera; é un momento en que as políticas exaxeradamente medioambientalistas —que eu as chamo de falso medio ambiente— porque Europa nos pegamos un tiro, en Europa, propiamente no pé, e despois deixamos a outras frota a outra xente andar polos mares, que nós deixamos de traballar, e somos os que traballamos de xeito máis sostible de todo o planeta, despois deixámoslles a outros que veñan a onde nós deixamos de traballar.

Non podemos cansar a nosa xente do mar; eses homes e mulleres do mar non os podemos cansar. Galicia ten que seguir vivindo dun sector do cal leva vivindo desde hai moitísimos anos, e sabémolo facer mellor que ninguén. Todos, toda Galicia, todo o sector do mar, pensen uns dunha maneira e outros pensen doutra —eu creo—, Galicia soamente é unha e o sector do mar é soamente un.

E —eu creo— estamos nuns momentos moi delicados e moi duros, e —creo— a clave é a unión: intentar dar a ver, non soamente en Europa, senón tamén no Goberno central, a importancia que para Galicia, que para a nosa xente, que para a nosa forma de vida futura, ten poder seguir vivindo do mar. E temos que evitar que se tomen medidas tan restritivas como se tomaron neste último mandato. Temos que intentar darlle ver á xente que nós somos sostibles, que a nosa xente do mar é sostible e que traballa dun xeito respectuoso co medio. Somos, sen dúbida ningunha, a frota do planeta que traballa de xeito máis respectuoso cos medios mariños. E iso é algo que temos que intentar dicir, plasmar e contar por aí adiante sen cansarnos e sentíndonos moi orgullosos de ser galegos e da nosa xente do mar. Ese ten que ser o noso discurso e temos que intentar plasmalo en Europa.

Veñen tempos duros, veñen tempos complicados e —eu creo— a clave está na nosa unión, e iso é o que eu tamén pido: unha unión de todo o sector e unha unión tamén da Cámara cando se fale de asuntos de pesca, porque cando se fala de asuntos de pesca, señores deputados, a xente non é que non nos escoite, a xente escóitanos, e saímos por aí fóra e escoitamos realmente a súa opinión e eles escoitan o que dicimos uns e outros. Pero se nos escoitan todos dicir o mesmo e criticar a uns porque o fan mal, aínda que sexan do meu equipo, pois críticoos; (*Murmurios.*) se hai alguén do meu equipo e o fai mal, críticoo. (*Murmurios.*) Nese sentido, eu fago un comentario, os risos que lles poida provocar a vostedes serán os seus risos, serán o seu respecto, serán as decisións que vostedes toman ou os que os seus queiran tomar.

Eu creo que, neste caso, cando dicía tamén a señora Pérez —e quero acabar— que non estaban postos polo Concello, que os do BNG traballan e o resto non. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Díxoo así, (*Algúns señores e señoras deputadas: ¡Non!*) (*Murmurios.*) ¡Bueno!, é igual.



Vostedes traballan e o resto non; foi o que dixo. (*A señora Pérez Fernández move a cabeza en sentido negativo.*)

Eu soamente lle digo: moita arrogancia, ¿non lle parece?; (*Algún señor ou señora deputada: ¡Non!*) é moita arrogancia dicir que vostedes son os mellores e os demais non. Todos somos da nosa casa e, seguramente, señora Rosana, igual ten familia que ata vota o PP, (*Aplausos.*) e é unha boa xente, seguro. Non fai falla —je eu tamén, claro!— andar aí co coitelo dicindo: «¡Bah!, ti es dos meus...». (*Aplausos.*) ¡Non, home, non!, ¡a ver!, somos todos dunha terra, pero tanta arrogancia —tanta arrogancia— non é necesaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda especial de aclaracións.

¿O Grupo Parlamentario Mixto? (*Negación.*)

Non, grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Señor conselleiro, só coa rixidez que dá o atril, pero con cordialidade. Esta última reflexión tena que aplicar vostede cando, ante unha intervención da oposición, fan valer os seus corenta votos; iso —digamos— desacredita absolutamente todo o que diga a oposición. Polo tanto, se é de arrogancia, entre todos temos que intentar deixar a situación de arrogancia.

Señor Fidalgo (*Aplausos.*) —non, non fai falla; non fai falla—, (*Risos.*) superouse hoxe, ¿eh? O de Broncano, de verdade, non o previra, e, ademais, con ese nivel de demagogia e de falsidade. Dicir que é Pedro Sánchez quen dá 28 millóns de euros, cando sabe vostede perfectamente que son os presupostos xerais de Televisión Española, polo que, non saen de Pedro Sánchez, senón do ente público de Televisión Española. Vostede pode entendelo, explíquello á xente; polo tanto, de demagogia, mellor non.

Por certo, quero facer un comentario sobre os PERTE. O PERTE, a que vostede se refería, está dotado inicialmente de 40 millóns, que se pode, despois, suplementar con outros 20 millóns; son, en total, 60 millóns —¡si, si, infórmese!—. E, por certo, foi negociado polo Goberno central, en Bruxelas, e o tema é que os fondos europeos dos PERTE non se poden distribuír á vontade do Estado, senón que hai que negociarlos en Europa. Ese PERTE tiña un problema de confluencia con outro financiamento, fundamentalmente do FEMPA, que viña para o mesmo obxectivo. Polo tanto, o Goberno central foi o que negociou ese PERTE, de 60 millóns de euros ao final: 40 + 20; polo tanto, a actuación foi do Goberno central.

Alégrame enormemente de que me comentase que eu firmei convenios —si—; tamén me alegre de que, despois dos que citou, ningún era da Universidade da Coruña; polo tanto,



estou libre para poder falar deles. ¿En que momento dixen eu que me parecía mal que se firmasen convenios? ¡Non!, paréceme perfecto. O que me parece mal é a data en que se firman; o que me parece mal é que un convenio para coñecer o efecto de contaminantes emerxentes e de bacterias sobre a mortalidade de moluscos se asine hoxe. É que sobre iso, calquera persoa que traballe no mar e calquera persoa que traballe e investigue no mar, incluídos os técnicos da Consellería —que son magníficos, por certo, e temos centros de referencia—, sabían que os efectos se estaban producindo. ¿Como é que non temos esa investigación iniciada e realizada hai dous anos, cando empezaron a ver os problemas?

Vostede fixo unha intervención aquí, reivindicando, de novo, o tema da zona catastrófica. ¿Vostede pódeme asegurar que, se se declarase a zona catastrófica, arranxaríanse os problemas do marisqueo? ¡Non!, imposible, porque sinxelamente as zonas catastróficas —ese dato da choiva— son unha mínima parte das razóns que causan a baixa produtividade do marisqueo. Hai outras razóns moitísimo máis importantes, e, polo tanto, se se declarase ou non se declarase a zona catastrófica, teríamos exactamente a mesma situación e o mesmo problema. Polo tanto, «escoitar a xente...», ¡claro!, nós tamén escoitamos a xente; «e chegar a acordos», ¡claro que hai que chegar a acordos!, pero hai que chegar a acordos e, despois, cumprilos. Ese é o tema.

E o tema fundamental é que, neste momento, as propostas, que nós tamén poñemos enriba da mesa, son para defender a pervivencia e a defensa do sector. Por certo, a maior parte delas —como dicía a representante do BNG— é aprobada na Comisión 8ª, por unanimidade; polo tanto, todos os grupos estamos de acordo. Lamentablemente, despois esas medidas a Consellería non as aplica. Polo tanto, indubidablemente, hai que empezar a deseñar e hai que preocuparse polo sector, pero, sobre todo, unha vez que se tomen as medidas, hai que aplicarlas. E, reiteradamente, solicitouse aquí que tiña que haber axudas estables para que, no momento que houberse algún problema, do punto de vista da extracción dos moluscos ou dos mariscos, os mariscadores estivesen protexidos e puidesen ter un sitio onde ir buscar a axuda, e a Consellería, lamentablemente, non a puxo. E estámonos centrando no sector marisqueiro, pero hai outros sectores, tamén da pesca, do marisqueo... —comentábase o polbo—, que tamén están neste momento nunha situación complicada. ¿Que ofrece a Consellería?; ¿que ten a Consellería para eses sectores?

Polo tanto, a min paréceme perfecto, e, por certo, en canto ao tema do deseño das axudas, isto non o di este grupo parlamentario, senón que o din os representantes dos propios mariscadores, que din que iso non é así. Por certo, tamén falaba vostede dun episodio de axuda, pero, para que o axuden a un, ás veces, hai que querer que o axuden. Houbo situacións en que o Goberno central tamén tiña unha serie de condicións para poder prestar axudas, e a Xunta de Galicia non adoptaba as medidas necesarias para que o Goberno central puidese, efectivamente, axudar o Goberno da Xunta de Galicia.

En definitiva, conselleiro, e con toda a amabilidade —creo—, este plan sinxelamente chega tarde; é un plan que non está definido. Por certo, dixo que tiraba do Plan, pero, á parte de tirar do Plan, ¿por que non o presenta aquí, no Parlamento?; ¿porque non nos presenta un documento que estea claramente especificado? Presentáronnos o Plan de investigación en Ciencias Mariñas, por certo, financiado no cen por cento polo Goberno central, por unha



medida complementaria de investigación. Moitos deses pequenos proxectos son os que están vostedes citando neste momento. Esa parte do Plan de 127 millóns está financiada exclusivamente polo Goberno central; por tanto, non é iso. Eu apúntome ao que vostede dicía: «Imos saír todos xuntos, sen soberbia de ningún lado, aceptando que todos podemos ter razón nalgún momento e, polo tanto, apoiándonos entre todos».

A Consellería —repito— leva moito tempo sen facer nada; leva moito tempo perdida, pero o sector xa non pode esperar máis. O sector necesita medidas xa —¡simplemente xa!— neste momento, porque estamos falando de persoas; estamos falando de homes e de mulleres que viven do mar.

Conselleiro, poña en marcha as axudas estables, ese seguro para as situacións sobrevindas no marisqueo, porque, se non, corre o risco de que 7.000 persoas queden sen un medio de vida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, a min paréceme que, efectivamente, é como vostede di, é dicir, que vostede non se ría da xente, pero eu non sei de que ri cando ri, por iso lle preguntaba: ¿de que ri? Non o acusei de que se rise da xente.

E, ¡claro!, supoño que non está a cousa para risos —sexa para o que sexa—, porque, no sector marisqueiro, un sector de competencia exclusiva da Consellería do Mar da Xunta de Galiza —non me cansarei de repetilo—, resulta que, se collemos como referencia o período entre o 1 de outubro e o 1 de setembro do ano seguinte, temos que do 1 de outubro do ano 2022 ao 1 de setembro do ano 2023 —case un ano—, en canto aos bivalvos —competencia exclusiva da Consellería do Mar—, vendéronse en lonxa 6,5 millóns de quilos. Pero se collemos o 1 de outubro do ano 2023 ao 1 de setembro do ano 2024, en canto aos bivalvos —competencia exclusiva súa—, vendéronse 3,1 millóns, é dicir, ¡menos da metade! ¡É unha barbaridade! E, mentres tanto, non nos pode estar pedindo aquí nin nos pode estar dicindo aquí que a culpa é de non se sabe quen, mentres vostedes miran para outro lado.

E mire, señor conselleiro, para que quede claro, dunha vez por todas —porque eu xa non sei como lle vou dicir as cousas; non sei, voume poñer a escribilas e a mandarllas con correo certificado para asegurarme de que as recibe; e de que as lea, diso xa non me podo asegurar, xa non me podo asegurar—, Madrid. ¡Madrid, si!, ¡Madrid, Madrid! Sobre Madrid dixo textualmente vostede: «Que podería axudar algo»; «que podía botar unha man», e non só que «podería botar unha man», senón que «debería botar unha man». E, ¿que quere que fagamos nós, señor conselleiro? Nós estivemos a favor —dixémosllo aquí 25 veces— de que



vostedes solicitasen a zona catastrófica; estivemos a favor, votámola a favor no Senado, por proposta do PP, de que a solicitasen.

Sobre as exencións de cotas da Seguridade Social, señor conselleiro, pero se o aprobamos aquí por unanimidade ¡por proposta do BNG!, señor conselleiro. *(Aplausos.)* Entón, a nós párecenos ben que nos axude Madrid, e nós estamos no mesmo carro, nese sentido. Entón, non nos diga que nós non apoiamos isto —porque non sei que do Goberno do Estado—. Nós temos claro o que temos que apoiar e o que non temos que apoiar, sexa quen sexa o que estea no Goberno do Estado ou no Goberno da Xunta.

E, por último, dixo que as únicas medidas que se puxeron en marcha foron con fondos propios, pero é que, ¡claro!, «o orzamento da Xunta é moi reducido». ¡Oia, señor conselleiro!, ademais de ser reducido —que nós opinamos o mesmo, por iso pedimos todos os anos que se incrementen os orzamentos—, resulta que aínda sobran millóns de euros todos os anos: 21 millóns de euros no último exercicio orzamentario e máis de 40 millóns de euros no anterior. Entón, está pedindo vostede cartos —non se sabe a quen—, pero os que ten vostede, ¿por que non os gasta onde os hai que gastar e cando os hai que gastar?; ¿por que está devolvendo a Europa millóns de euros de axudas de fondos europeos, que resulta que non executa? Entón, ¡bueno!, está ben ver a palla no ollo alleo, pero, ¡joia!, hai que mirar a viga no propio, ¿non lle parece?

E tamén sabemos, señor conselleiro, porque, ¡claro!, somos persoas adultas —sabémolo e compartímolo con vostede—, que os problemas non se resolven dun día para outro. Por iso o Bloque Nacionalista Galego leva, cando menos —xa non me quero ir máis atrás—, cinco anos traendo aquí proposta, tras proposta, tras proposta, sobre as que, por certo, o partido que sustenta o Goberno, onde vostede é conselleiro, votaron —non sei cantas miles de veces— en contra; é igual, agora votaron a favor e tampouco fan nada. Pero, en todo caso, votaron en contra, señor conselleiro.

E, mire, nós, en canto ao tema de traballar para facer as cousas ben, todos xuntos, xuntos máis xuntos, e todas esas cousas, está ben —¡está ben!—, pero entón, ¿que quere que lle exixamos nós, cando vén vostede aquí, se unha tras outra, as propostas do BNG, incluso as que se aproban por unanimidade, non as pon en marcha? Porque, ¡joia!, señor conselleiro, a creación dun seguro público de produción marisqueira para asegurar unha produción mínima, propuxémolo nós e votámolo aquí os tres grupos parlamentarios, pero é que a súa exconselleira xa o trouxo aquí no ano 2021 e nunca o puxo en marcha e vostede tampouco. Entón, xuntos si, pero non revoltos, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

Máis cousas. En relación coa nova normativa —que dicían vostedes da mesilla—, ¿é que vostede se dá conta de que o sector mexilloeiro está vivindo cunha normativa, que non é máis ca parches e ordes que modificaron outras ordes, e que, á súa vez, se equivocaron e as tiveron que volver modificar?; ¿non se dá conta de que son absolutamente todo parches? Esa normativa prometérona vostedes no ano 2001, ou, por exemplo, o Decreto, polo que se regulan as artes e aparellos, e que trouxemos aquí moitísimas veces porque hai moitísimos problemas —e vostede o sabe, e, se non o sabe, deberíao saber—; trouxémolo aquí moitas veces, e resulta que é un Decreto do ano 2011, que vostedes prometeron modificalo —non



sei cantas veces — e aínda estamos agardando. Entón, ¿que nos pide sobre estar xuntos? Nós imos apoiar o que vostede queira; agora ben, se vemos, efectivamente, que vostedes actúan, porque, en realidade, se veñen aquí obter a unanimidade da Cámara, a que lles aplaudamos e a que lles digamos que todo o fan ben, téñolle que dicir que non, señor conselleiro, porque é que vostedes teñen competencias. Xa sei que son poucas; xa sei que non as queren; xa sei que, se puidesen, as devolverían, pero téñenas, e, polo tanto, vostedes teñen que actuar.

O señor PRESIDENTE: Remate, remate...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: ...por favor, remate.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Nós, o BNG, señor conselleiro, non nos cansaremos de facer propostas; vostede sabe que as fixemos para o documento da Unión Europea; vostede sabe que as facemos cada semana, e non nos doen prendas recoñecer cando as cousas están ben.

Pero —insisto— sóbrantlle orzamentos todos os anos, millóns de euros. E nin o que votan a favor nin sequera o que vostedes prometen —e aí están as declaracións da Federación de Pontevedra—, non a nós, senón ao sector, o cumpren. Entón, ¿que quere?....;

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...¿quere que cerremos os ollos e que digamos *es una cuestión de fe*? Pois mire, señor conselleiro, o da fe non é para o Bloque Nacionalista Galego.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fidalgo.

O señor FIDALGO IGLESIAS: Grazas, señor presidente.

Sobre o Bloque, nada novo. Na pesca, cos Verdes; en Venezuela, con Maduro e apoiando a ditadura. *(Queixas.) (Murmurios.) (Aplausos.)* Non se alporicen; é así, é así. As verdades doen. *(Aplausos.)* É así, nada novo *bajo el sol*. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O BNG é que ten como unha lingua propia; parece que ten un idioma propio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ese Consello do Goberno alternativo, ese que non sei cando se reúne, debe ser que na última reunión debeu aprobar por unanimidade o idioma oficial do BNG, que é o benegués, *(Murmurios.)* o benegués; *(Murmurios.)* é o que falan vostedes. Eu levo aquí, no Parlamento, uns poucos meses e só lles escoito falar en benegués. O benegués debuxa un país e unha sociedade submisa, resignada, en que reina a desgraza, a opresión e a amargura. Como se a Galicia lle caese unha maldición bíblica. *(Murmurios.)* O BNG, para facer política, utiliza o pesimismo, o resentimento, o conformismo... Pero se ata lle botan a



culpa ao conselleiro porque sorrí ou porque se ri. Dígollelo con respecto: ¡Galicia, non é así, non é como a debuxan vostedes!; non o é. (Aplausos.)

Aquí vimos falar da pesca, un sector estratéxico para Galicia que factura máis de 9.000 millóns de euros anuais, que exporta 2.400 millóns, que emprega máis de cincuenta mil persoas, que supón un cinco por cento do PIB..., pero que é moito máis relevante que ese cinco por cento para moitas comarcas de Galicia que dependen exclusivamente do mar.

Na miña primeira quenda falei do estado da situación do sector, das súas ameazas, do cambio climático, do marisqueo, da cadea mar-industria... Voulles contar o que pasou onte. Onte, en Vigo, asistín á presentación do libro do biólogo mariño, Ernesto Penas —coñecerá o señor Abalde a Ernesto—, titulado, *A proteína azul. Por que non hai que deixar de comer peixe*. Recomendolles a todos a súa lectura. Este libro é un alegato a favor da pesca; unha actividade moi sacrificada —como saben—, de xentes honestas e traballadoras, pero que nos últimos anos está sendo atacada. A pesca está sendo atacada por *lobbies* ou por certas ONG, que están a investir moito diñeiro para arremeter contra a actividade pesqueira, sen ningunha base científica, pero cunha maquinaria publicitaria enorme e que fai moitísimo dano ao sector —¡Ollo con isto!—.

Este biólogo, que é presidente da ICCAT, dixo tamén publicamente que a Xunta é a Administración que máis e mellor defende a pesca; por algo será. Por iso, señorías, no Grupo do Partido Popular queremos dicir ben alto que nós os galegos queremos seguir vivindo do mar; queremos seguir pescando; e queremos seguir mariscando —e sabémolo facer e querémolo facer— por moitos anos máis. E vostedes, ¿por que non fan algunha proposta en positivo? Só veñen aquí criticar o Partido Popular.

Segundo Pedro Sánchez, a economía española vai como un tiro e os fondos europeos nos ían saír polas orellas. E, ¿por que non lle piden a Pedro Sánchez que deixe de castigar o sector da pesca?; ¿cre que así castiga Galicia porque os galegos non o votan? Os galegos non van seguir votando o señor Pedro Sánchez.

E vostedes falaban do PERTE; falaban de que se era de vinte, de corenta, de sesenta —xa ía crescendo—. Miren, (*O señor Fidalgo Iglesias mostra un documento.*) *Boletín Oficial do Estado*, do 4 de setembro. Aquí fala de 20 millóns, e se hai diñeiro, de 20 millóns máis; pero nunca, de 60 millóns. Son 20 millóns os que teñen comprometidos o Goberno de España.

Xa vimos o que lles importa a vostedes o sector do marisqueo e da pesca; xa vimos os bulos que infundiron na crise dos *pellets*, que ata o propio sector lles tivo que calar a boca. Tamén seguen calados sobre as negociacións polo TAC e polas cotas, polos cales a sardiña, o xurelo e o abadexo, por exemplo, non se poden pescar —por poñer algúns exemplos—; ou tamén seguen calados co tema do IVE do peixe, que non o queren baixar. Así é como defenden vostedes a pesca.

E remato xa.

Xa o dicía na primeira quenda. ¿Ademais da Xunta, quen está dando a cara polo sector da pesca en Galicia? Ninguén, vostedes nin están nin se lles espera.



E por último, non se esquezan de que o PP é o «Partido da Pesca»: «PP».

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fidalgo.

Peche da comparecencia, o conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Está claro que, ademais, moitos dos que estamos aquí, estivemos nas administracións públicas e levamos a súa xestión. Imaxino compañeiros do PP, compañeiros do Partido Socialista e compañeiros do BNG.

E, ás veces, a xestión, por exemplo, nos concellos, non é tan fácil porque a tramitación de moitas cuestións ten unha serie de dificultades, unha serie de informes e unha normativa que cumprir. E, ás veces —eu digo—, como representante que fun dos veciños de Cervo, e despois de estar na Fegamp con outros compañeiros representantes do BNG e do PSOE, nos seus respectivos concellos, aí, nesa casa, falabamos e comentabamos moitas das dificultades que había na xestión dos presupostos, por distintos matices e por distintas cousas —que tampouco é, igual, o sitio para enumeralas—. Esa xestión é complicada e complexa, igual que calquera fondo, neste caso, dunha Administración autonómica e tamén dunha Administración central.

Polo tanto, os presupostos que a Consellería do Mar está a levar adiante, está co seu equipo, intentando facer o máximo posible para executar a maior parte dos presupostos, e, ás veces, existen dificultades. E esas dificultades danse no resto das administracións e, sobre todo, entenderanme moitos dos compañeiros aquí presentes que —como dixen—, seguramente, xa estiveron nalgunha outra administración, nalgún concello —fose o caso— ou noutras administracións, e viron tamén esas dificultades. Polo tanto, iso é así.

Nós, con respecto a cando falan de incumprimentos, estamos a ter un contacto continuo coas federacións de confrarías para o deseño das axudas ao sector, en distintas reunións periódicas. E os criterios que aplicamos, cando falaban de axudas, neste caso, ás mariscadoras e aos mariscadores, para determinar os días con dereito a percibir a prestación económica, así como para determinar a cantidade, pois foron establecidos por un plan polo actual Fempa —que é complexo de levar adiante—, e non é posible que se sinalen contías fixas deste tipo de axudas, xa que se trata de compensar, ás veces, as perdas que sexan debidamente acreditadas. Hai que empezar a acreditar mil cuestións, e é realmente moi farragoso. É unha realidade que está así.

¡Pero, bueno!, está claro que o que si é certo é que imos seguir traballando co sector e intentando sacar todos os presupostos da Consellería do Mar, e que sexan aplicados e que teñan un resultado positivo, que é o que buscamos entre todos.

Aquí eu tampouco trato, señora Pérez, de deostar a oposición e de que non faga o seu papel, nin moito menos. É todo o contrario, porque eu tamén formei parte da oposición nos meus anos, nalgún ano, nalgún período. Pero, cando se enfatiza nunha axuda que deu a Consellería



do Mar para os mariscadores, pois dá a sensación de que a ridiculizan. Eu teño que contra-
poñela con outras axudas que podían axudarnos moi ben, neste caso, pois o sector ía vela
dun xeito moi positiva, e aí non conseguimos nada. Evidentemente, pois está claro que é
dun Goberno, un Goberno no que teñen, nese caso, o seu apoio. Evidentemente, igual non
poderán retirarlles o apoio por esta cuestión do marisqueo, haberá moitísimas máis cues-
tións, pero nesta cuestión do marisqueo, de axudar neste momento puntual, pois non esti-
veron acertados en canto á reivindicación; ao igual que coa reclamación da baixada do IVE,
na cal, tampouco estiveron nada acertados. Só estamos intentando convencer o Goberno
central para que leve adiante esa petición que estamos a facer todos.

Señor Abalde, nós cando que lle falabamos da firma do convenio e vostede dicía que non había
ningún da Universidade da Coruña, si que os houbo —ben sabe dos que citei—; ben sabe que
os houbo. Nestes anos pasados, por mencionar algún —porque parece ser que soamente os in-
formes dos proxectos se están a facer agora—, pois mire, un título dun proxecto que firmamos
foi *Nova metodoloxía para avaliar o impacto dos contaminantes emerxentes en ecosistemas mariños e
o consumidor*; outro foi, neste caso, coa Universidade de Santiago —de anos pasados, ¿eh?—,
Convenio para analizar e controlar a infección por protozoos ciliados, neste caso, no marisqueo.

E despois, quero facer un matiz, cando vostede falaba do Programa de Ciencias Mariñas de
Galicia e dicía que era un programa estatal, ¡bueno!, é cofinanciado polo Estado e a Xunta;
6 millóns puxo o Estado e 4 millóns puxo a Xunta. É un pouquiño para recordarllo, non vaia
vostede dicindo por aí que é un programa unicamente do Goberno central porque estaría di-
cindo algo que non é certo e que non é correcto. Unicamente quería facer ese matiz.

Señor presidente, señorías, a Xunta de Galicia está a usar todas as vías dispoñibles para
apoiar, do mesmo xeito que vén facendo desde hai anos, o sector marítimo-pesqueiro fronte
a calquera tipo de inxerencias. E podo afirmar con rotundidade que o sector deu moitas mos-
tras para ser definido como un sector resiliente, pola súa ampla capacidade de adaptación e
pola fortaleza en cada batalla, tomando protagonismo a definición da nova política pesqueira
común e a catástrofe natural de finais do pasado ano.

O noso sector é aquel que, a pesar das dificultades debidas polas decisións que se estiveron
a tomar en Bruxelas, seguiu traballando a diario para construír un futuro para as súas fa-
mílias, para o noso mar e para Galicia. Unha construción diaria que, no presente, nos expón
diversos indicadores que referendan que o rumbo que fomos tomando foi o correcto. Na ac-
tualidade, Galicia está entre as rexións da Unión Europea con maior dependencia do sector,
polo seu peso económico e pola súa dimensión social, configurándose como estratéxico. E,
proba diso son os indicadores que vostedes ben coñecen: a achega ao PIB, que é case cercano
ao 5 por cento, especialmente é moito máis relevante nas comarcas do litoral, onde a eco-
nomía local depende en moitos casos do mar; o valor engadido bruto, que é do 5,5 por cento,
representando unha porcentaxe que é 25 veces superior a ese mesmo valor da pesca na Unión
Europea e 6 veces superior a ese mesmo indicador en España; é o cuarto sector en exporta-
cións da nosa economía e é o máis importante de Europa, con máis de corenta mil empregos
directos neste campo; e a súa produción pesqueira é superior á de calquera país da Unión
Europea, coas únicas excepcións de Francia e Italia, con máis de catro mil duascenas em-
barcacións no Rexistro da frota pesqueira.



En resumo, somos unha das rexións pesqueiras máis importantes de toda Europa e a principal rexión pesqueira en España. E para que isto siga sendo así, precisamos dun marco de seguridade xurídica e de estabilidade política, para o que a bo seguro contribuirá —e esperamos que contribúa— o novo comisario de Pesca. Unha carteira específica que —espere-mos— vai supoñer ese primeiro paso que estamos demandando para unha reforma da política pesqueira común, que mude, por absoluto, o enfoque, que é, desde o noso punto de vista, excesivamente ambientalista —para non dicir falsamente ambientalista— en relación co do seu antecesor. Demandas como: a atención dos factores socioeconómicos do seu deseño; o protagonismo das rexións pesqueiras na súa execución; a protección da frota da competencia desleal de terceiros países con lexislacións moito máis laxas; e —¿como non?— a aposta pola pesca como instrumento de garantía da soberanía alimentaria de Europa. Temos, polo tanto, a mellor marcación para adoptar o mellor rumbo fóra das nosas fronteiras, pero tamén dentro delas.

Señor presidente, remato, e fágoo, señorías, facendo fincapé no gran labor que están a realizar os técnicos da Consellería do Mar e os investigadores dos nosos centros de investigación e das universidades galegas; un talento que fai avanzar Galicia para que o noso mar teña futuro e a nosa terra siga sabendo a mar e siga sendo un reflexo deste mundo do mar, que é o que nos caracteriza e, polo cal, nos coñecen polo mundo adiante —a todos eles, ¿como non?, moitas grazas—.

Temos que traballar e imos seguir traballando. Haberá cuestións nas cales, igual, non vaia-mos o acertadamente que nos gustaría e esperaríamos todos, pero, desde logo, en canto a empeño, en canto a ganas e en canto a dedicación, non dubiden de que vai ser absoluta e completa a dedicación que se vai dar a este traballo, do cal —como comentei ao inicio— me sinto moi orgulloso, me sinto moi responsabilizado e me sinto un máis de vostedes, é dicir, un galego máis, como vostedes. E coñecendo a xente do mar —que xa a coñecía—, coa cal, evidentemente eses lazos de unión, cada vez, son moito máis fortes; e, ¡bueno!, uns lazos meus, que tamén —entendo— os teñen vostedes.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Suspendemos a sesión ata ás dezaseis horas, ata ás catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e dez minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión. Imos coas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre os modelos de financiamento da construción das grandes infraestruturas públicas

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Elena Espinosa Mangana, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o punto 3 da parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

«O Parlamento galego acorda, previo os trámites legais e regulamentarios previstos, solicitar ao Consello de Contas, no marco da súa función fiscalizadora selectiva e operativa, a realización de maneira inmediata dunha auditoría de resultados que fiscalice xestión realizada pola Sociedade Concesionaria do novo Hospital de Vigo dos servizos que ten concesionada a súa xestión.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Hoxe o BNG trae aquí esta moción despois de interpelar o conselleiro no pasado pleno e ver como fixo o que fai moi ben o Partido Popular, ¿non?, que é botar balóns fóra, non asumir absolutamente ningunha responsabilidade e intentar xustificar o que a estas alturas é xa inxustificábel, que é que xa practicamente non hai ninguén que falte por dicirle que as decisións tomadas polo Partido Popular na Xunta de Galiza respecto da decisión da construción do Álvaro Cunqueiro por un sistema onde os beneficiarios son as empresas supón unha sobrecarga moi importante para as arcas públicas e todo o beneficio para as privadas.

A construción do Hospital Álvaro Cunqueiro estaba destinada a transformar a área sanitaria de Vigo en moitos aspectos. Existía, como xa dixen o outro día, unha reclamación constante da necesidade dun hospital que dese resposta á totalidade da poboación da área sanitaria, das arredor de seiscentas mil persoas que compoñen a Área Sanitaria de Vigo; que non fose un hospital só para o momento, senón tamén un hospital de futuro; e que fose punteiro en investigación, en coñecemento, avanzado tecnoloxicamente e capaz de eliminar as listas de espera. E considerábase que isto ía ser posible grazas á dotación que se tiña previsto para este hospital, os novos recursos e a súa reorganización.

Mais o novo hospital de Vigo non cumpriu os obxectivos que estaban marcados. A decisión do Partido Popular de modificar o proxecto levou consigo redución de camas, de servizos e prestacións e deixou infrautilizadas outras infraestruturas como é o Hospital Álvaro Cunqueiro. Reducíronse camas de hospitalización, quirófanos, servizos de urxencias, salas de radioloxía e desapareceu o laboratorio central. Actuouse convenientemente para que a sanidade privada, en vez de ser complementaria da sanidade pública para cuestións puntuais, se convertese en absolutamente imprescindible e en igualdade de condicións, e, en determinados casos, por encima incluso da sanidade pública.

O resultado da aposta do Partido Popular foi un hospital máis caro, máis pequeno e con menos capacidade asistencial, e non imos cansarnos de repetilo porque esa é a realidade. E



o Partido Popular traballou a pleno rendemento para blindar o beneficio das empresas ás que lles adxudicou toda a concesión, que toparon un nicho de negocio moi goloso na atención sanitaria. Puxo en práctica un neoliberalismo militante, moi militante, que consiste, como todos e todas sabemos, en favorecer o enriquecemento duns poucos a custa da maioría, neste caso, a custa de algo tan esencial como é o dereito á saúde dos galegos e das galegas; un neoliberalismo militante como o que está facendo no espolio das eólicas, da enerxía eólica, tanto sexa terrestre como mariña, como pretende facer coa instalación da macrocelulosa de Altri. É dicir, un neoliberalismo poñendo os recursos do país —sexan financeiros, sexan fiscais, sexan medioambientais ou sexan sanitarios— ao servizo de empresas na súa maioría de fóra de Galiza, multinacionais, e espoliando o que faga falta, sempre que estas teñen beneficio, aínda que non nos reporte absolutamente nada para a maioría dos galegos e das galegas. E o Partido Popular leva quince anos actuando deste xeito, actuando absolutamente deste xeito.

Pola contra, non hai absolutamente ningún empeño en blindar o dereito a unha sanidade pública de calidade para as galegas, nin o dereito dos profesionais a unhas condicións laborais dignas ou a un salario digno. É un neoliberalismo de libro: en vez de —insisto— sanidade complementaria para a sanidade privada, sanidade pública totalmente dependente da sanidade privada.

E actuaron entusiasticamente para ese obxectivo de que a sanidade privada tivese cada vez máis nicho de negocio. ¿Que fixeron? Un hospital máis caro, máis pequeno e con menos capacidade para seguir mantendo o concerto multimillonario con Povisa. E temos que lembrar que Povisa é o gran receptor de diñeiro público a través dese concerto; son máis de 80 millóns de euros. Povisa representa arredor do 40 por cento da actividade sanitaria do Sergas concertada con centros privados, e á que, ademais disto, lle teñen adxudicado especialidades como maxilofacial ou queimados, que non hai na rede pública.

Isto non lle parecía suficiente e o que fixeron foi dar pasos decididos para facilitarlles máis negocio ás empresas privadas, neste caso aos hospitais privados da Área Sanitaria de Vigo. E sacaron a concurso un contrato marco: 8,25 millóns de euros anuais na súa totalidade, coas prórrogas e demais, pode chegar a 50 millóns de euros, para que os hospitais privados rebaixen as listas de espera da sanidade pública. É dicir, non se actúa para que a sanidade pública teña os recursos para atender a súa poboación, para xustificar esta derivación continua e permanente da poboación, da veciñanza desta área, cara á sanidade privada.

E, deste xeito, páganse polo canon e polos servizos do Álvaro Cunqueiro 37 millóns e medio por un lado e case 28 polo outro; os 80 máis IVE do Ribeira Saúde, os 8.250.000 polo contrato marco... É dicir, sobre 160 millóns de euros, que, co IVE, nos poñemos en 200 millóns de euros que directamente todos os anos a Xunta do Partido Popular saca dos recursos públicos, do orzamento dos impostos dos galegos e das galegas e destina directamente para a sanidade privada da Área Sanitaria de Vigo. ¡Así de claro! (*Aplausos.*)

Dende logo, no BNG non nos imos cansar de repetir que é inaceptábel que se destinen estes recursos á sanidade privada mentres se ten a sanidade pública esmorecendo. E as consecuencias están á vista: a área sanitaria de Vigo ten xa 1.100 camas privadas fronte ás 1.976



públicas. E o 50 por cento das camas privadas de toda Galicia están na provincia de Pontevedra, o que supón non ter recursos na pública e ver como aumentan continuamente na privada.

Dende a apertura do hospital non parou de medrar a derivación de intervencións a hospitais privados. No 2015, por exemplo, cando se abriu o Álvaro Cunqueiro, deriváronse á privada para intervencións cirúrxicas 1.977 persoas, e no 2021 xa eran 4.423. E isto foi en aumento co contrato marco, co que se multiplican non sabemos cantas porque o Sergas non dá estes datos. Isto mantéñeno en segredo para poder xustificar que non é certo.

E, mentres tanto, ¿baixa a lista de espera da Área Sanitaria de Vigo? Pois non. Na Área Sanitaria de Vigo neste momento, cos datos de decembro do ano 2023 —porque o Sergas tiña que ter publicadas en xuño deste ano as listas de espera e están sen publicar—, hai practicamente 100.000 persoas en lista de espera: 45.000 para cirurxías, 32.000 para primeiras consultas e 20.500 para probas diagnósticas. Co cal, todas estas decisións tomadas polo Partido Popular non están facendo que a xente estea mellor atendida nin estea atendida en tempo e forma.

Polo tanto, hoxe o BNG trae aquí unha iniciativa moi clara, e é, primeiro, que este Parlamento se declare como defensor da sanidade pública universal, gratuíta e de calidade; que mostremos a nosa oposición a que os fondos de investimento, as multinacionais, sexan as propietarias do Álvaro Cunqueiro e mercantilizen a saúde da área sanitaria; e logo realizar todas as actuacións para revertir esta situación da que son responsábeis. Porque non soamente é o sobrecusto de 470 e pico millóns...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—remato, presidente— do Álvaro Cunqueiro, nin todos estes 200 millóns de euros anualmente, senón que isto ten consecuencias directas na calidade asistencial que se preste.

Polo tanto, o que queremos é que isto se reverta, que se rescate o hospital das gadoupas da sanidade privada e tomar as medidas, todas as medidas estruturais, para que a Área Sanitaria de Vigo teña recursos suficientes para atender o conxunto das 600.000 persoas da área sanitaria no sistema sanitario público.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Parécenos que iso é o menos que se pode facer a esta altura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Espinosa.

A señora ESPINOSA MANGANA: Boas tardes, presidente.



Boas tardes a todos e a todas.

A protección da saúde é un dereito constitucional que se configura como un pilar básico do Estado de benestar. Por isto, os e as socialistas defendemos unha sanidade pública de cobertura universal e de calidade, que garanta o acceso ás prestacións sanitarias a toda a cidadanía e en todo o territorio con equidade, e fixémoslo sempre.

Os servizos públicos de calidade como a sanidade pública son claves para mellorar a vida da xente, e é a razón de ser dos e das socialistas. Por iso, calquera intento de desmantelamento do sistema público de saúde contará co rexeitamento frontal do noso grupo.

Hoxe estamos falando aquí do Hospital Álvaro Cunqueiro. Estamos ante un hospital onde a Xunta de Galicia optou por un contrato de concesión cuxo obxecto inclúe a construción e explotación, así como a prestación de servizos non sanitarios no perímetro concesional do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo. E podemos estar ao bordo de que a Xunta de Galicia dea un paso máis, porque o Partido Popular leva quince anos recortando o sistema público sanitario, leva quince anos privatizando ou, se o prefiren, leva quince anos facilitándolle todo á sanidade privada. E o caso do Álvaro Cunqueiro é un claro exemplo. Non podemos entrar en todos e en cada un dos aspectos, pero parareime nun deles.

Se o Complexo Hospitalario Universitario de Vigo contase coas 2.000 camas e os quirófanos que estaban previstos, hoxe as listas de espera non serían tan avultadas na Área Sanitaria de Vigo, e se non existisen listas de espera ou estas fosen razoables, e se o sistema público atendese os enfermos cando o precisan, non sería necesaria a sanidade pública. Estamos a falar de que en Vigo os hospitais privados concentran o 34 por cento das camas.

Efectivamente, é necesario poñer en marcha medidas para solucionar os problemas estruturais da Área Sanitaria de Vigo para que se poida atender toda a poboación nos centros públicos.

E quero adiantarme a un aspecto que repite día tras día o Partido Popular e o propio conselleiro. Din que o Hospital Álvaro Cunqueiro nunca se saturou e que a súa capacidade é suficiente aínda que non se dotase coas 2.000 camas previstas no complexo. O PP, sinceramente, non sabe como atallar todos os ámbitos do demoledor Informe do Consello de Contas e vai tentando buscar argumentos que son sempre un sinsentido.

Señores deputados do Partido Popular, isto tería sentido se non existisen listas de espera. Pero, ¿como se atreven a dicir que o hospital nunca se saturou se hai miles de persoas na lista de espera na Área Sanitaria de Vigo esperando a ser atendidas? ¿Que pasaría se tentamos ingresar unha pequena porcentaxe de xente que está nas listas de espera? Seguro que non lle gusta responder a isto ao Partido Popular.

E quizais para empezar a dar resposta ás necesidades da Área Sanitaria de Vigo, a Xunta de Galicia poida facelo resolvendo todas as deficiencias que puxo de manifesto o Consello de Contas, que entre outras sinalaba que o novo hospital de Vigo non alcanzou os obxectivos fixados en canto a instalacións, procesos asistenciais e redución do peso relativo co sector



privado. E chama poderosamente a atención que o pasado venres lésemos unha información indicando que a Xunta formaliza o contrato para a redacción do proxecto da nova área de cirurxía maxilofacial, cando era outro dos temas no que o Consello de Contas advertía do incumprimento. Decía exactamente o Consello de Contas que o novo hospital, tal e como fora feito, non era referencia de cirurxía maxilofacial nin de queimados, tal e como estaba previsto inicialmente. ¿Este contrato de redacción do proxecto é pura casualidade? Xulguen vostedes mesmos.

Pero tamén chama poderosamente a atención que o señor conselleiro na interpelación diga: ¿están a pedir realmente que indemnecemos a concesionaria con centos de millóns de euros? E engade: «Sinto dicirles que nun Estado de dereito os contratos públicos se cumpren». E eu dígolle, señor conselleiro —aínda que non estea presente, seguro que le ou o informan— : ¿para a AP-9, si, porque o ten que facer o Goberno de España, e para o Álvaro Cunqueiro, non? O que causou a catástrofe foi exactamente o mesmo responsable, o señor Feijóo. Foino no caso do Cunqueiro, e o señor Aznar, no caso da autopista. Estamos falando de que está sendo o Partido Popular o mesmo responsable.

Pero os socialistas queremos que o Álvaro Cunqueiro non estea nas mans dun fondo. Esta petición non é nova. Diciamos no pasado pleno que os socialistas quixemos cambiar o modelo e trouxemos a este Parlamento a proposta no ano 2015, no ano 2016 e no ano 2020. Non vou entrar en como facelo, porque esa será responsabilidade da Xunta, se teñen a vontade de que realmente recuperemos ese hospital como público ao cen por cento. Pero o Partido Popular volverá dicirnos que o Bipartito tiña un estudo encargado na mesma liña para xustificarse. Aquí podería contestarlle moitas cousas, pero vou entrar soamente en dúas. Se se encargaron os estudos, o que pon de manifesto é a responsabilidade do Goberno bipartito fronte ao que vostedes non fixeron e que lle rechaza o Consello de Contas, sinalando que non realizaron unha planificación idónea do investimento. Esta é a diferenza: a responsabilidade fronte a irresponsabilidade. É dicir, que a Xunta de Galicia se tirou á piscina da privatización de cabeza.

Señores do Partido Popular, estudos pódense facer moitos. Vostedes —ou a Xunta de Galicia— acaban de facer agora un estudo referente á fusión dos concellos, e agora din que non é dogma de fe. Pois non apliquen varas de medir diferentes.

Imos apoiar esta iniciativa. Pero en canto ao punto terceiro, que insta a Xunta a realizar unha auditoría de xestión feita pola sociedade concesionaria, cremos que debe ser realizada polo Consello de Contas, porque os socialistas si confiamos no traballo do Consello de Contas porque cremos que a auditoría debe ser realizada por un ente fiscalizador público e porque no día de hoxe é quizais quen mellor coñece a situación.

E finalizo xa. A Xunta de Galicia ten a obriga cos galegos e coas galegas de solucionar o problema da Área Sanitaria de Vigo, pero hai un que non ten xa solución e que sempre recaerá sobre as costas de Feijóo e de Rueda, que foi o feito de construír un hospital que, ao licitar conxuntamente a construción e os servizos, tivo un sobrecusto de 476 millóns de euros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Espinosa.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

O meu pai foi unha das primeiras persoas que foi usuario, hai uns anos, desgraciadamente —porque esas cousas nunca son para presumir—, do Hospital Álvaro Cunqueiro, e en varias ocasións, primeiro para someterse a unha operación cardiolóxica e despois para outras cousas. Efectivamente, eu tivenme que desprazar durante varias semanas desde Ourense, e ademais cadrou naquela época en que había vendavais —non sei se se acordan—, en que había borrascas, e saíndo dos túneles da Cañiza case me leva o coche o aire... Quero dicir que, con todas as deficiencias que podía ter o Hospital Álvaro Cunqueiro, xa nos gustaría telo en Ourense e non ter que desprazarnos desde Ourense ata Vigo para que persoas como o meu pai se teñan que someter a determinadas operacións cuxos servizos non temos na cidade de Ourense. Entón, aproveitamos agora para reclamar un tamén para a nosa cidade. Xa sabemos que están facendo algunhas obras de ampliación no Hospital de Ourense, pero nós tamén queremos un hospital bo, con todos os servizos, como ten Vigo.

Entrando xa no tema, hai unha comisión de investigación que se constituíu onte, reclamada polo Bloque, onde se vai, supostamente, investigar como foi a xénese, como foi a orixe da construción e da adxudicación da xestión dese hospital. Eu espero que esa comisión —xa saben que eu son un pouco sempre escéptico ante as capacidades desa clase de comisións, pero tamén xa dixen que a ver se é unha excepción que confirma a regra— arroxe luz para poder xulgar con maiores datos como foi o proceso, cales foron as circunstancias, cales foron as necesidades que naquel momento houbo que cumprir e cales foron as prioridades que houbo que alentar, e, ao mellor, como resultado desa comisión de investigación —que espero que xa se convoque pronto e que teñamos á disposición toda a información—, temos máis datos para xulgar e non para prexulgar.

O Bloque Nacionalista Galego, coherente coa súa ideoloxía, loxicamente, pide sempre a xestión pública, non soamente do hospital. Ao Bloque Nacionalista Galego o que lle gustaría sería que todo fose público, e iso é unha postura lexítima e creo que no caso do Bloque está clara. O outro día mesmo a portavoz —que creo que foi a mesma persoa que falou agora— recordou o carácter marxista-leninista da UPG, que, como saben todos vostedes, é o cerebro do BNG. O BNG é unha fronte de partidos. Hai uns partidos que son —por dicilo dalgunha maneira— a carne, os ósos, o sangue, pero logo hai un partido que é o cerebro, e o cerebro do Bloque é a UPG. (*Murmurios*.) E ese partido ten clara a súa ideoloxía, e é unha ideoloxía marxista-leninista, como acaba de recoñecer. Eu non estou xulgando iso, estou sinxelamente describindo a cuestión. O Bloque é un partido que avoga pola independencia de Galicia, pero non por unha independencia calquera, senón por unha independencia sendo socialista e marxista-leninista. Xa digo que non estou xulgando. Entón, nesa coherencia, pide sistematicamente que sexan públicos, non soamente uns servizos, os servizos sanitarios, senón que pide practicamente que sexan públicos cantos máis servizos mellor.



Entenden que un servizo público é mellor que un privado por defecto; ou sexa, esa é unha cousa que non cuestionan. Por defecto, entenden que se un servizo é dado por funcionarios é mellor que se non son funcionarios. Ou sexa, hai unha especie de sacramentalidade no carácter do funcionario. Eu non estou con isto criticando nin moito menos os funcionarios, pero, cando hai un funcionario, «*el Estado se hizo carne y habitó entre nosotros*». Ou sexa, parece coma se o feito de que sexan funcionarios os que dan os servizos os fai mellores persoas ou máis capacitados. E dígolle que iso é unha actitude psicolóxica moi curiosa.

Nós, polo contrario, pensamos que, canto mellores sexan os servizos públicos, tanto mellor, pero non criminalizamos as empresas privadas, entre outras cousas porque nos hospitais as máquinas de raios x e todas as maquinarias terapéuticas, etcétera, fanas empresas privadas. Non hai unha empresa pública que faga, por exemplo, unha máquina de TAC, etcétera. Quere dicir que, se nos metemos noutro ámbito, as empresas que fan os túneles e que fan as pontes e que fan tantas infraestruturas complexas, cos seus enxeñeiros e cos seus arquitectos, son empresas privadas, loxicamente, con profesionais cuxa titulación está acreditada polo sistema público. Loxicamente, os enxeñeiros, os arquitectos, os médicos e os enfermeiros tiveron que pasar por unha titulación homologada e avalada polo Estado, como é normal.

Entón, nós non sabemos a priori —xa veremos nesa comisión de investigación— se o sistema que está agora funcionando no Álvaro Cunqueiro é mellor ou peor. Co que si estamos, efectivamente, de acordo é cunha auditoría, iso nunca está de máis; unha auditoría externa que podería ser do Consello de Contas, e o Partido Socialista confía no Consello de Contas. Aquí hai unha frase que se repite moitas veces e é que os estupendos funcionarios son todos extraordinarios. E a min é unha cousa que sempre me chamou un pouco a atención porque que todos esteamos por encima da media é matematicamente imposible pola propia definición da media. Aquí fálase de que todos son uns estupendos e extraordinarios profesionais. Non, ¡home!, non, serán normais. Isto é unha campá de Gauss, uns serán mellores e outros serán peores, e haberá un meollo central que serán xente normal. Aquí ninguén ten que ser un heroe nin ten por que ser un superman no seu traballo. Iso quere dicir que o Consello de Contas, como todo, estará formado por seres humanos, nese eslabón entre anxos e demos, e terán tamén a súa cousa... Non imos agora tampouco falar da...

En todo caso, ¿que o Consello de Contas faga unha auditoría? Perfecto. ¿Que, ao mellor, hai que rescatar esa cuestión? Pode ser unha decisión política. E, sobre todo, se hai, digamos, deficiencias na xestión, que se terían que ver nesa auditoría e noutras accións semellantes, loxicamente, o poder público podería rescatalos. Agora, ¿criminalizar porque si unha xestión privada? Pois, non. Nós pensamos que moitas veces se realizan servizos públicos. As empresas teñen que pasar polos seus procesos rigorosos de control, como pasan os funcionarios cando aproban unha oposición, e non hai maior problema. O que si que se debe facer, efectivamente, é optimizar os recursos públicos, e que non haxa —pois eu que sei— un trato de privilexio de certas empresas que, por ter, ao mellor, contactos, por ter amizades ou por tráfico de influencias, presten un servizo a sobreprezo e, ao mellor, de inferior calidade. Iso tamén, efectivamente, o temos que evitar. Niso creo que tamén coincidimos todos, e temos que estar sempre encima diso.



En principio, ímonos abster. Algunhas das cousas que pide o BNG, como tomar todas as medidas posibles para que mellore..., iso é moi bonito para poñerlle música e facer unha canción, pero son brindes ao sol. ¿Quen vai dicir que non a tomar todas as medidas para mellorar e para que todo o mundo sexa perfectamente atendido? Xa digo, iso é para poñerlle música e facer unha canción.

Absterémonos, e estaremos pendentes do resultado desa comisión de investigación.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Grazas, presidente.

Señores da oposición, quero comezar a miña intervención cunha afirmación: o Hospital Álvaro Cunqueiro é un hospital público, e todos os servizos sanitarios que se prestan son públicos. *(Aplausos.)* A sanidade pública galega é gratuíta, universal e de calidade. Os usuarios son coñecedores diso, e, a pesar de todos os enredos e mentiras que vostedes verten acotío, eles saben o que teñen. Señores do BNG, xa está ben de tratar de enganar os galegos. Non é de recibo que o principal partido da oposición minta tan descaradamente sobre un tema tan sensible como é a sanidade. A vostedes dálles igual, non teñen nin medida nin vergoña. Cada vez máis a súa desfachatez e o seu descaro non teñen límites. Afortunadamente, a maioría dos galegos non se deixan enganar tan facilmente por cantos de serea como os que vostedes soltan de xeito reiterado, e á vista está en quen depositan a súa confianza. Aí está unha bancada e aí está a outra. *(A señora Amigo Díaz sinala coas mans as distintas bancadas.) (Aplausos.)*

Todos os usuarios do Hospital público Álvaro Cunqueiro e calquera das persoas que se beneficiaron de preto deses seis millóns de asistencia que se prestaron neste centro hospitalario coñecen ben a verdade. Eu espero que ao seu pai lle fora ben, polo que vostede di aquí. Eu, desde logo, a experiencia que teño do Álvaro Cunqueiro é excelente. Ninguén tivo que pagar nin un só euro para ser tratado ou atendido neste hospital público.

E, señora Prado, podería explicar, na quenda que lle queda, por que o Bloque Nacionalista Galego, en catro anos de goberno, despois de presentar varias maquetas, non puxo nin un só ladrillo para a construción deste hospital, tan necesario para o goberno, porque vostede formaba parte daquel goberno, e tamén os señores do Partido Socialista, dese bipartito. Tiñan a conselleira, que era do Partido Socialista.

Mire, cando o Partido Popular, no ano 2009, chegou ao Goberno considerou que a Área Sanitaria de Vigo non podía agardar máis para ter un hospital de primeiro nivel, e executou un hospital público de vangarda e punteiro nos peores anos da crise económica, con capacidade de investigación, de formación, de xestión e onde ningún vigués en todo este tempo quedou



sen atención. Nunca faltou unha cama, ¡nunca!, para ningún ingreso, nin nos peores meses da covid-19. Tivo premios que reflicten o esforzo do persoal nestes cinco anos, conseguiu premios de excelencia, premios Best in Class, certificado de excelencia, innovación e sustentabilidade. Pregúntenlles aos usuarios do Álvaro Cunqueiro se están contentos con este novo hospital. ¿Que pasaría se non tivésedes esta infraestrutura en tempos de covid? ¿Como sosteriamos eses longos meses de pandemia? O propio informe do Consello de Contas recoñece, ademais, que a fórmula elixida era a única maneira viable para construír un centro hospitalario sen comprometer a estabilidade orzamentaria da Xunta nin a prestación de servizos esenciais. Estamos falando dos peores anos da crise económica.

Vostedes piden rescatar a concesión do Álvaro Cunqueiro e que a Xunta pague eses centos de millóns de euros á concesionaria en concepto de responsabilidade patrimonial, lucro cesante e outros. ¿Iso é o que pide o BNG? ¿Vostedes queren que lles entreguemos de golpe á concesionaria do Cunqueiro — unha empresa privada — centos de millóns de euros de fondos públicos dunha soa tacada? A ver, xa sabemos que a referencia do BNG e o modelo de xestión deles é o Goberno de Venezuela. Pero, señorías, nun Estado de dereito, os contactos públicos hai que cumprilos. (*Aplausos.*) Se neste momento se rescata esa concesión, como pide o BNG, a Xunta, ademais de pagar todos estes centos de millóns, tería que asumir a limpeza, vixilancia, mantemento, a xardinería, a desinfección...; todos os servizos que actualmente están incluídos nesa concesión.

E non queda claro a quen está a defender o BNG con esta demanda; non nos queda nada claro, pero, desde logo, o que queda meridianamente claro é que o que non están a defender son os intereses dos galegos e das galegas. E, curiosamente, o BNG pide que se rache coa concesión dos servizos non clínicos, pero nos concellos e nas deputacións onde gobernan teñen vostedes, como din, «privatizados» eses servizos. Aquí mesmo, en Santiago, está externalizada a auga, o transporte urbano, a limpeza, a recollida de lixo... E podía seguir con Lugo, con Pontevedra ou con moitos máis. Eu repítoles, señorías: isto non é Venezuela, aquí vivimos nun Estado de dereito e os contratos públicos hai que cumprilos.

E o seu partido sabe ben que a Área Sanitaria de Vigo ten un concerto singular pola existencia dun centro que colabora na prestación destes servizos, pero sen custo ningún para os cidadáns. E é curioso que veña aquí o BNG pedir que a totalidade da poboación da Área teña a atención sanitaria hospitalaria en centros públicos, cando vostedes mesmos foron os que baixo o seu goberno lle aseguraron o negocio a Povisa por moitos anos máis; concretamente o Goberno bipartito —PSOE e BNG— formalizou un acordo cos sindicatos da Área sanitaria de Vigo e coa empresa para garantir que seguise o plan deste hospital privado, a pesar da construción do novo hospital de Vigo, no ano 2006.

Foi un compromiso por escrito de que o desenvolvemento do novo hospital de Vigo non comprometía a viabilidade económica de Povisa. E eu traio aquí o informe de fiscalización do Hospital de Povisa, onde di aquí (*A señora Amigo Díaz mostra un documento.*) que semella que coa sinatura deste acordo se descartaba eliminar o carácter substitutorio do concerto de Povisa. E nas conclusións —leo literalmente— di: «Mantense o carácter substitutorio do concerto, a pesar da construción do novo hospital de Vigo, debido fundamentalmente ao previsto no Acordo básico pola saúde da Área Sanitaria de Vigo asinado no ano 2006 entre a Conse-



llería de Sanidade, os sindicatos, a Confederación de Empresarios, a Universidade de Vigo e Povisa e ás directrices recollidas no Plan de xestión e no programa funcional do novo hospital de Vigo elaborado no ano 2007 —recordo Bipartito—, que advertían de posibles consecuencias negativas derivadas da desaparición de Povisa como centro provisor da prestación sanitaria pública». Isto está nos informes do Consello de Contas.

É dicir, foi un goberno bipartito o que aprobou os documentos fundamentais que xustifican a continuidade deste formato, da existencia concertada, do que agora parecen renegar. ¿E que fixo o Goberno do Partido Popular cando no 2014 se fixo un novo concerto? O que fixo foi establecer que este centro sexa de adscrición voluntaria. Povisa só atende aqueles pacientes que libremente elixen recibir a súa asistencia sanitaria neste centro. Vostedes, señorías, teñen unha memoria moi selectiva.

E en relación á petición da realización dunha auditoría da xestión pola sociedade concesionaria do novo hospital de Vigo, dos servizos que ten a concesionaria a súa xestión, dígolles que non ten sentido facela polo feito de que esta xa se está levando a cabo. Se en vez de enganar a xente dicindo que o Álvaro Cunqueiro é un hospital privado, prestasen máis atención, poderían comprobar que o control da concesión sempre contou con varios mecanismos, cousa que recoñece o propio Consello de Contas.

E remato xa, presidente, insistindo en que o Hospital Álvaro Cunqueiro é un hospital público e en que non hai nada que rescatar. Os servizos non sanitarios están externalizados, non privatizados, ao igual que fan concellos, deputación e demais administracións públicas onde goberna o BNG. A atención sanitaria na Área sanitaria de Vigo é pública e os cidadáns teñen a posibilidade de adscrición voluntaria ao centro de Povisa, polo que cada persoa decide onde recibir a súa asistencia sanitaria. Isto é grazas ao novo concerto que no ano 2014 impulsou o Partido Popular. E, ademais, existen numerosos mecanismos de control da concesión para garantir en todo momento a calidade dos servizos non sanitarios, cousa que recoñeceu o propio Informe do Consello de Contas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Eu, en primeiro lugar, quero darlle as grazas ao señor Ojea por facernos publicidade do proxecto do BNG, porque cantos máis galegos coñecen o noso proxecto máis e máis nos apoian. (*Aplausos.*) ¡É que é así! E cantos máis galegos e galegas saiban que o BNG defende servizos públicos de calidade, fundamentalmente esenciais, como é a sanidade pública e non o negocio para as empresas privadas, máis e máis galegos e galegas nos apoian, porque neste momento a sanidade pública do noso país está convertida en que: quen teña tarxeta bancaria ou teña conta corrente, pode ter a asistencia sanitaria e, quen non, queda tirado. E cantos máis galegos e galegas saiban... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Deberían salir un



poquito más a la calle. Debería saír un pouquiño máis, si, porque algúns igual, en canto saídes pola porta, non falades nin unha palabra de galego, e por iso hai que traducírvolo. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Efectivamente! (Aplausos.) (Murmurios.)

Quero darlle as grazas ao Partido Socialista por apoiar a iniciativa do BNG. Aceptamos a emenda. E dáme igual que o faga o Consello de Contas, a cuestión é que se fiscalice esa actuación.

E eu vou tamén facer aquí, solemnemente, unha declaración, señora deputada do Partido Popular. O Hospital Álvaro Cunqueiro pertence á concesionaria na actualidade, unha multinacional francesa, ata que no ano 2035 os galegos e galegas acabemos de pagarlle, porque vostedes nos meteron nese fregado. ¡Iso é así! (Aplausos.) Si, si. E dígolle aquí solemnemente que non é certo que non se pague pola asistencia sanitaria; non o paga cada un que vai alí no seu momento, pero resulta que pagamos anualmente sobre setenta millóns de euros para recibir asistencia sanitaria, igual que pagamos máis de oitenta millóns de euros para recibir asistencia sanitaria en Povisa

Polo tanto, non mintan vostedes e digan que non hai que pagar absolutamente nada. (Aplausos.) Pagámolo relixiosamente todos e todas.

E si, si, pedimos o rescate do Álvaro Cunqueiro, igual que pedimos o rescate da AP-9, porque é unha estafa aos galegos e ás galegas. (Murmurios.) E pedimos o rescate, efectivamente; un rescate que aínda non se produciu, porque foi o Partido Popular quen llo entregou á concesionaria ata o 2050. Iso fíxoo o Partido Popular, igual que neste caso o Álvaro Cunqueiro; e é posible e tiveron oportunidades. Por iso dicimos que tomen todas as medidas para facelo en canto teñan oportunidades. ¿Por que? Porque hai un par de anos a UTE, encabezada por Acciona Florentino, vendeu as súas accións, vendeullo á multinacional francesa e outras. ¿Por canto? Por 400 millóns de euros. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿E canto lles queda por pagar —quedáballes nese momento por pagar— a todos os galegos e galegas ata o 2035 por esa estafa do Álvaro Cunqueiro? Pois quedábanos por pagar practicamente 900 millóns de euros. É dicir, quedaban por pagar 900 millóns de euros e non o compraron por 400. Vostedes só traballan para beneficiar as empresas privadas e non a sanidade pública. (Aplausos.) ¡E non a sanidade pública! E só teñen que ir aos orzamentos da Xunta e ver o cadro das colaboracións público-privadas e canto queda o ano 2025, o 2026, o 2027..., ata o 2035, por pagarlle ao Álvaro Cunqueiro, e sáenlle esas cifras. Como hai dous anos, súmanlle outros cento e pico millóns de euros... (Pronúncianse palabras que non se perciben.) e dá iso. É dicir, imos pagar o dobre, e non o quixeron mercar. (Murmurios.) Igual que non quixeron mercar Povisa cando a venderon por pouco máis de vinte millóns de euros. ¿Por que? Porque vostedes non están para garantirles a asistencia sanitaria aos galegos e ás galegas, vostedes están para blindar o negocio das empresas privadas...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRADO CORES: ...a custa da saúde dos galegos e das galegas. Ese é o Partido Popular; queren...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...blindar o negocio ás empresas privadas, aínda que sexa a custa de que haxa miles de galegos e galegas que están quedando tirados...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...porque non teñen recursos para ir á sanidade privada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación da moción

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación da moción. Pechen as portas, por favor.

Acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre os modelos de financiamento da construción das grandes infraestruturas públicas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada o texto transaccionado desta moción.

O señor PRESIDENTE: Rematou esta votación.

Agora hai dúas alteracións da orde do día, que son dúas preguntas que se lle formulan ao conselleiro do Mar.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don Julio Ernesto Abalde, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D. Carlos López Font, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a planificación da estratexia fronte á aparición de especies invasoras que afectan o litoral galego

O señor PRESIDENTE: Señor Abalde.



O señor ABALDE ALONSO: Boas tardes, señor conselleiro.

A presenza de especies invasoras está a producir grandes problemas sobre a biodiversidade nos hábitats que colonizan. Basta citar as avespas velutinas, a planta da Pampa ou o cangrexo americano para darse conta do problema ecolóxico e económico que supoñen. Nas augas das nosas costas está a aparecer un novo risco pola aparición da alga *Rugulopteryx okamurae* —a alga asiática, para ser máis fácil—, que está catalogada como unha especie invasora polo Mineco desde o ano 2020. Esta alga é capaz de vivir desde trinta metros de profundidade ata as zonas intermareais e fixarse sobre todo tipo de substrato. A comunidade científica afirma que non existe outro caso de bioinvasión tan rápida e extensiva. Está a causar un grave impacto ambiental e danos económicos nas zonas costeiras, colonizando a maioría dos substratos duros do leito mariño, provocando unha importante perda da biodiversidade.

O 28 de xullo do ano 2022 o Mineco, en cumprimento da Lei do patrimonio natural e a biodiversidade, impulsa a Estratexia nacional para loitar contra a alga asiática, tendo en conta a natureza e intensidade dos impactos ecolóxicos e socioeconómicos que produce sobre o litoral; a dita estratexia contén directrices de xestión, control e posible erradicación. Pois ben, esta alga xa foi detectada nas costas galegas este ano na zona das illas Cíes e nas costas da Coruña, precisamente polos investigadores das universidades cos que esta mañá comentamos a súa importancia no medio mariño.

O Parlamento de Galicia, a proposta do Grupo Parlamentario Socialista, aprobou por unanimidade solicitar a constitución dun grupo de traballo para poñer en marcha en Galicia a Estratexia nacional de loita contra a alga asiática. O pasado 10 de setembro constituíuse este grupo de traballo da Xunta de Galicia para —cito textualmente da nota de prensa— «elaborar un plan para fixar o protocolo de actuación ante a posible aparición dunha alga asiática invasora»; a pesar de que o Grupo Popular se negou na comisión a incluír «plan» ou «protocolo» na transacción aprobada, a propia consellería inclúe estas dúas palabras. Ese plan debería incluír os procedementos para a recollida, transporte e xestión dos arribazóns nas nosas praias e evitar que se cubran os areas, así como o seu regreso ao mar. No protocolo do Mineco quedan ben indicadas cales son as competencias das distintas administracións, indicando especificamente que as comunidades autónomas deben ser responsables da recollida dos arribazóns que chegan ás nosas costas.

Ante esta situación, preguntámoslle á consellería: ¿que accións ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia ante a aparición e probable extensión da alga asiática polas costas e praias de Galicia? E tamén se ten previsto as consecuencias para o sector pesqueiro e marisqueiro da invasión desta alga e o seu impacto económico.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro do Mar, don Alfonso Villares Bermúdez.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Moi boas tardes, señor presidente.



Señorías.

Señor Abalde, no mes de xuño recibimos as comunicacións por parte dos investigadores das universidades de Santiago de Compostela e da Coruña nas que se nos alertaba da presenza da alga exótica invasora *Rugulopteryx okamurae* por primeira vez no litoral de Galicia. A Dirección Xeral de Patrimonio Natural é o punto focal da rede de alerta para a vixilancia das especies exóticas invasoras, polo que as ditas comunicacións lle foron trasladadas o 25 de xuño, para dous días despois este departamento facer o propio en relación co Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.

Conforme a Lei 42/2007, de patrimonio natural e da biodiversidade, aprobouse a estratexia de control desta alga, que establecía que as comunidades autónomas, a través dos departamentos con competencia en conservación da biodiversidade e en colaboración con outras autoridades administrativas implicadas, debían desenvolver os plans de xestión de biomasa da mesma. Ante esta situación, a Consellería do Mar estableceu dúas liñas de traballo: a primeira, a constitución o 10 de setembro dun grupo de traballo interdepartamental para os efectos de elaborar o dito plan co obxecto de establecer, por un lado, os axentes implicados e responsables en cada unha destas fases; por outro lado, as directrices para unha actuación coordinada; e, por último, os posibles impactos da súa expansión. Participan distintos departamentos da Xunta de Galicia e do Goberno central, a Federación Galega de Confrarías de Pescadores e as universidades de Santiago de Compostela e da Coruña. E cómpre agradecer a colaboración do Goberno central, que puxo en valor a rapidez coa que actuou Galicia no deseño deste plan de xestión; puxo en valor, por un lado, a rapidez, e, por outro lado, a implicación de departamentos da Xunta de Galicia. E, por outro lado, que estamos ante unha situación especialmente preocupante, tendo en conta que os concellos van ser os que teñan que xestionar a chegada da biomasa de algas ás praias, polo que a boa marcha dos labores, chegado o momento, é unha responsabilidade de todos.

Asemade, tendo claro que a competencia do seguimento, protección e control das especies invasoras non é desta consellería, pero que leva transcorrido ademais un curto período de tempo dende que se detectou a alga e que non hai coñecemento da afectación na actividade marítimo-pesqueira pero que poden ter unha gran transcendencia, pois estamos a deseñar, xunto cos investigadores das universidades galegas que comunicaron a presenza da alga exótica, un proxecto de investigación no marco de Redemar, financiado pola Consellería do Mar, para os efectos de delimitar as localizacións da alga exótica na nosa costa, realizar un seguimento detallado da súa evolución e desenvolver ferramentas que permitan a súa detección temperá. Pola nosa banda, estamos a facer todo canto está nas nosas mans para ter baixo control e dentro das nosas competencias unha situación que podería chegar a ter altas afectacións socioeconómicas para o sector marítimo-pesqueiro e ecolóxicos para o medio ambiente, ao tratarse dunha posible ameaza para a biodiversidade do medio mariño.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Abalde.



O señor ABALDE ALONSO: Ben, señor conselleiro, creo que —como comentamos esta mañá— se precisa que haxa unha actuación rápida e urxente da Xunta de Galicia, non só da Consellería do Mar —como ben dixo o conselleiro—, senón tamén a de Medio Ambiente. E, polo tanto, necesítase empezar a facer traballos.

Efectivamente, aquí en Galicia non hai experiencia aínda, porque acaba de chegar a alga, pero si que, por exemplo, en Andalucía teñen moita experiencia de como hai que traballar. Polo tanto, é necesario que a Xunta de Galicia estableza claramente eses protocolos, estableza cales son as funcións de cada unha das administracións implicadas e sobre todo como se vai facer fronte aos custos económicos que vai supoñer loitar contra esta alga. Polo tanto, é necesario que a Xunta de Galicia xa teña preparados os protocolos, que empece a traballar, que empece a deseñar eses procedementos, independentemente de que se poida facer ese proxecto de investigación.

Pero xa hai cousas feitas, xa hai coñecementos desenvolvidos, xa hai incluso algunhas actuacións que teñen que ver con como se pode facer un aproveitamento desa biomasa que chegue ás nosas costas para precisamente sacar valor económico e compensar os danos que poidan producir. E, por suposto, temos que estar absolutamente preparados para que se produza. Non podemos arriscarnos a que nun momento determinado chegue unha cantidade importante desa alga ás nosas costas, ás nosas praias, e, polo tanto, non soamente xeren problemas desde o punto de vista do sector turístico —que é, por exemplo, o que está máis afectado en Andalucía—, senón que aquí sería devastador para o noso sector marisqueiro.

Polo tanto, conselleiro, o que pedimos é que a consellería, a Xunta de Galicia, estea preparada de antemán e non espere a facer os estudos, os traballos, os protocolos e a repartición de competencias unha vez que xa temos o risco aquí. Hai que ser proactivo, sobre todo tendo en conta que o ministerio xa desde hai dous anos ten ese protocolo en marcha. E, por certo, creo que imos ir aprendendo desta colaboración entre a Consellería do Mar e a Xunta de Galicia co Mineco, porque de aí só van saír cousas boas para Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señor Abalde, agradezo —¿como non?— esta pregunta e tamén ese enunciamento cara a esa colaboración que ten que haber sempre entre todas as administracións. E, polo tanto, eu creo —e tamén sei que o cre vostede— que este é o camiño a seguir. Así o comuniquéi e así o contei desde que dous técnicos das universidades —como ben tamén apunta vostede na súa pregunta— nos comunicaron da presenza desta alga. Tanto a profesora Pilar Díaz Tapia —que pertence neste caso á Universidade de Santiago de Compostela— e Rodolfo Barreiro —que pertence á Universidade da Coruña— foron eles os que nos comunicaron a presenza desta alga, e, unha vez que fomos coñecedores dela, pois así xa llo fixemos saber tamén aos dous días ao propio Ministerio de Medio Ambiente. E, a partir de aí —como acabo de comentar—, constituímos esta mesa o



10 de setembro, unha mesa na que estamos todos os departamentos, non soamente a Consellería do Mar, tamén está a Consellería de Medio Ambiente presente nela.

Nós, desde a Consellería do Mar, o que si fixemos foi, ao igual que a Consellería de Medio Ambiente, intentar incluír todos os axentes posibles da nosa Administración para que puidéramos ver e puidéramos tamén ter en conta todas as peculiaridades. E así os departamentos da Consellería do Mar que están presentes nesta mesa son tanto Portos de Galicia como Gardacostas de Galicia, tanto as direccións xerais de Desenvolvemento Pesqueiro e tamén a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. Tamén están presentes as delegacións territoriais da Coruña, de Vigo e de Celeiro; está presente o Intecmar, está presente o Cima.

E así foron, unha vez cando constituímos esta mesa —como tamén indiquei na miña primeira intervención—, as felicitacións que nos deron desde o Goberno central e desde os representantes do ministerio, a quen tamén eu quero agradecerlles a súa boa posta á disposición con nós, sobre todo polo feito de implicarnos con todos os axentes que acabo de enunciar e tamén pola rapidez á hora de constituír esta mesa.

E, a partir de aí —como ben comenta vostede—, temos que facer o posible para que respecto destes axentes que nos veñen —invasores, plantas, á fin e ao cabo este medio que está en continuo movemento e no que á fin e ao cabo tampouco nos estrañan este tipo de plantas invasoras que están chegando ao noso territorio— intentar avaliar todos os impactos que poidan ter. Así o estamos a facer desde a Consellería do Mar, así o estamos a facer cos responsables do ministerio e entre todos imos buscar e intentar facer o posible para que sexan os efectos desta alga o menos prexudiciais neste caso para o noso sector do mar.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Ben, antes de que se formule a outra pregunta, imos saudar os integrantes da Fundación Ronsel, da Coruña, que hoxe nos acompañan, visitan o Parlamento; pois sexan benvidos á institución. E tamén a vostedes que acaban de chegar agora tamén as saudamos; non sei se son da fundación ou non, pero en todo caso quedan saudadas.

Pregunta de dona Rosana Pérez Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Pregunta de D^a Rosana Pérez Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que está a pór en marcha o Goberno galego ante a situación das frotas do cerco e de artes menores derivada da falta de cota de sardiña

O señor PRESIDENTE: Señora Pérez.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



Señor conselleiro.

Moi boa tarde.

A situación do cerco galego e da frota artesanal é absolutamente dramática nestes momentos, tanto que moitos barcos están amarrados a porto. Hai dous problemas principais: o primeiro, un Goberno central e unha Xunta de Galiza que levan décadas cunha nefasta xestión e co abandono do sector, permitindo e promovendo a desaparición paulatina da frota; o segundo, a falta de cota nas principais especies, onde os gobernos tamén poderían facer moito máis do que fan, por exemplo estudos que amosen a verdadeira situación dos *stocks* para establecer un TAC rigoroso en cada caso.

Ao xurelo xa se lle aplicou unha brutal redución dun 95 por cento no 2023, a frota estivo parada obrigatoriamente; e, un ano despois, o Goberno central —todo hai que dicilo— aínda non pagou ese paro biolóxico. O bocarte —xa o vemos estes días, está de actualidade— tamén xa está pechado e agora tamén a sardiña. Na sardiña dáse ademais unha situación —outra situación— tamén discriminatoria para Galiza, que é a distribución que se fai precisamente entre as distintas zonas do Estado. Este ano Asturias, Cantabria, Euskadi e Galiza, que suman máis de 200 barcos, dispoñen de 8.130 toneladas, e o Golfo de Cádiz, con 76 barcos —menos da metade—, dispón de 6.340 toneladas, que ano tras ano nunca chegan a esgotar e Galiza ten que acabar comprándolla. É, señor conselleiro, un sistema absolutamente perverso que o Goberno promove e consente e no que a Xunta tampouco move un dedo para denunciálo e impedi-lo; un sistema que deixa as portas abertas á especulación dun ben público.

Galiza, que ten os barcos, que ten a frota, que ten os tripulantes, está amarrada a porto por falta de cota, que acaba comprando noutra zona do Estado para poder subsistir; é absolutamente surrealista. No BNG demandamos que se acabe con isto e tamén demandamos que se exixa máis cota a partir de estudos avalados cientificamente.

Señor conselleiro, ata o de agora —porque esta non é unha situación nova, agora está agravada— ¿que leva feito a Xunta de Galiza, que está facendo e que pensa facer?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señor presidente.

Señorías, señora Pérez, somos coñecedores, por suposto que si, do duro trance no que se atopa a frota do cerco de Galicia. Non nos é allea a información e por tal motivo non cesamos o contacto cos seus representantes, pero tamén quero dicirlle que, pese á urxencia da súa pregunta, chega preto dun ano tarde nese plantexamento. E dígoallo porque a Consellería do Mar leva traballando moitos meses no cambio de rumbo da determinación destas cotas fundamentais para esta frota.



Xa en novembro do mes pasado sinalamos as dificultades nas que estaría esta frota ante a proposta de peche da cota de xurelo no Cantábrico. Aduciamos que, analizando o impacto da cota determinada, suporía para o ano 2023 a caída das capturas nun 63 por cento con respecto ao promedio anual do quinquenio anterior a ese ano, e a caída de facturación nun 45 por cento, mermando en 11 millóns de euros as vendas nun mesmo período, cerca dos 12 millóns de euros prognosticados no informe realizado en novembro do ano 2022. Mesmo con aquel TAC provisional para a anchoa da zona de Fisterra cara ao sur xurdido no mes de xuño, tamén advertiamos do risco de desequilibrio da pesquería, e volvemos dicir que o recorte proposto para o resto do ano e os seis meses primeiros do ano 2025 non era unha boa noticia.

No referente á cota da sardiña e a este peche prematuro, cabe sinalar que se vía vir e que previamos que se dera esta situación complexa, xa que a rebaixa facía que os números se volvesen apertados para chegar ao mes de novembro, no que a actividade da frota baixa considerablemente.

Con esta previsión celebráronse dous intentos por parte da consellería de fixar un axuste de topes diarios de pesca por barco, de forma que se puidese, por un lado, racionalizar a captura e a descarga e, por outro lado, tratar de estirar a cota un par de meses máis, adecuando a pesca á comercialización.

Coa negativa xeral do sector e chegada a situación de peche da pesquería, o que fixemos foi, por un lado, elevar unha carta á Secretaría Xeral de Pesca para que esta, competente na materia, elevase unha petición á Comisión Europea para que se producise un adianto do 5 por cento da cota prevista para o ano 2025 co gallo de empregala entre os meses de setembro e outubro deste ano; e, por outro lado, realizamos unha petición semellante para a cota de anchoa no Cantábrico, a empregar no mes de setembro, de forma que a aparición de bancos desta especie puidese ser aproveitada de xeito conveniente.

Sendo estas medidas —que agardamos que apoiem— conxunturais, hai semanas que iniciamos contactos para artellar unha planificación estrutural que poida darlle coherencia ao aproveitamento das cotas, das descargas en Galicia e da promoción das especies do cerco. Nisto nos atoparán traballando nos vindeiros meses.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, xa sabemos que son vostedes coñecedores. En realidade, todo o país e todo o Estado español é coñecedor da situación pola que atravesamos a frota do cerco. Non é unha novidade que sexan coñecedores na propia Consellería do Mar, ¡que menos!



Ben, di vostede que nós chegamos tarde, que vostedes xa tiveron contactos cos representantes da frota do cerco, que mandaron non sei cantas cartas e non sei cantas peticións. Está moi ben, señor conselleiro. E eu xa advertín ou xa expliquei na miña na primeira intervención que aquí hai responsabilidades compartidas. Por exemplo, á hora de poñer en valor e en calidade os produtos pesqueiros galegos que permita manter uns prezos dignos en orixe e onde a frota do cerco está a ter problemas gravísimos, vostedes teñen competencias, competencias abondo para actuar. E non vemos que o fagan.

Segundo, este tema non se soluciona, como ben acaba de dicir vostede, só con medidas conxunturais, máis medidas de promoción, porque é certo que temos un problema de perda e de baixada de consumo dos produtos do mar. Agora ben, señor conselleiro, se temos esta perda de consumo, tamén temos perda, como antes lle dixen, de cota.

¿Que fixo o Partido Popular, que fixo a Consellería do Mar para intentar ter máis cota de sardiña en concreto? Por exemplo, vostedes teñen centros de investigación, a Consellería do Mar; hai universidades galegas con científicos magníficos neste país. Pregunta: ¿vostede encargaron —insisto: non é un problema novo—, ao longo dos anos algún estudo precisamente para aportar e para colaborar co Goberno do Estado á hora de saber o estado real dos stocks? Tampouco nos consta.

Terceira cuestión. Poñer en valor medidas que poñan en valor a calidade do produto galego diferenciando. Vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...teñen... *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Aplausos.)*

Peche da pregunta, conselleiro do Mar.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): Señora Pérez, é verdade que a situación é coñecida por todos, por vostedes tamén e pola Administración. Unha situación sobre a que ademais nós estamos a dicir continuamente que estamos cansados de que se tomen decisións que miren dun xeito exaxerado unha defensa que eu sempre comento que é falsa e medioambientalista e que non se teñan en conta os aspectos socioeconómicos de cada zona á hora de tomar esas decisións.

O ano pasado, cando foi a revisión das cotas en Bruxelas, alí estivo a Consellería do Mar; tamén estivo o sector para acompañar o ministerio á hora de intentar facer o posible para que a asignación de cotas fora realmente o que quixera Galicia e o que quixera o noso sector.

Nesa reunión que houbo, nesa negociación, a verdade é que non se nos tivo en conta, e cando foi a saída das conclusións desa reunión, unicamente nós, unicamente a Consellería do Mar, a Xunta de Galicia foi a que, dun xeito claro, dixo que fora unha mala negociación. Fora unha



mala negociación ¿a partir de que? A partir dunhas decisións. E por iso tamén quero recordarlle o que acaba de comentar vostede das decisións compartidas tanto das distintas administracións, tamén da europea, do propio comisario de Pesca, do que falamos hoxe á mañá, e ese comisario de Pesca foi realmente quen tomou as decisións de dar unhas cotas de pesca que eran as que eran. Foi a súa decisión, non foi a doutro. Tendo en conta os aspectos neste caso técnicos, foi o comisario de Pesca o que dixo que se podía pescar o que se podía pescar. E o comisario de pesca, señora Pérez —ben sabe vostede, que llo comentei hoxe pola mañá—, é un comisario de Pesca que pertence ao seu grupo e que está no seu mesmo partido. Á fin e ao cabo vostedes son tamén copartícipes destas decisións.

Polo tanto, iso é unha realidade que está aí e que ao final tamén é moi evidente vela; así calquera dos que nos escoitan o pode atestiguar nas distintas redes públicas de quen pertence a cada grupo.

Polo tanto, esa decisión foi mal tomada e nós sempre defendemos que había que ter en conta os aspectos económicos. E aí estivo a Xunta de Galicia para ir en contra do informe do comisario de Pesca, que pertence ao Grupo dos Verdes, no que están vostedes.

Polo tanto, aí estivemos nós defendendo os galegos ante as decisións de Europa, dun comisario verde europeo do seu grupo e ante un tamén deixar pasar dun ministerio e dun Goberno central ao que tamén a pesca lle importa pouco.

Despois houbo no mes de xaneiro unha decisión do Tribunal Superior de Xustiza Europeo que dixo que non se podían definir as cotas unicamente tendo en conta os aspectos técnicos, senón que había que ter en conta os aspectos socioeconómicos. E así llo fixemos saber ao ministro no mes de marzo nunha conferencia que tivemos. E diso non soubemos nada. O que lle pedimos é que se revisaran as cotas urxentemente tendo en conta esa sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo. E ante esa petición que fixo a Xunta de Galicia atopámonos tamén co silencio do ministerio, neste caso de Pesca e Agricultura.

Polo tanto, a Xunta de Galicia defendeuse ante decisións dun comisario europeo de Pesca que foi negativo para Galicia e tamén ante un ministerio que...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DO MAR (Villares Bermúdez): ...non está tendo a forza que debería ter.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto sexto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Cristina Fernández Davila e D^a Iria Carreira Pazos, sobre as accións que deben desenvolver, respectivamente, as consellarías con competencias en educación e en sanidade relativas á situación da atención á diversidade



O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidente.

Boas tardes a todas e a todos.

Unha nai de Pontearreas contábame mesmo estes días que o seu fillo, Mauro, que así se chama, recén está matriculado en 5º de infantil nunha escola do centro da nosa vila, o CEIP Ramiro Sabell Mosquera, cunha necesidade específica de apoio educativo ben importante. O pasado ano noutro centro doutra vila da comarca tiña cinco horas á semana de especialista de pedagogía terapéutica e outras tantas de audición e linguaxe. Este curso no novo centro dinlle que non vai ter ningún apoio, apoio cero, porque non teñen especialistas suficientes para darlle a atención debida a todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Polo tanto, neste caso o alumnado de infantil vai ser o gran prexudicado.

Este é un exemplo claro das ducias e ducias de queixas que hai a diario en todo o territorio galego. Vostedes, do Partido Popular, ben saben que a atención á diversidade está regulada en Galiza e recolle os recursos e as medidas educativas que van contribuír á inclusión dese alumnado nos centros e, polo tanto, tamén vai facer que formen parte dunha sociedade mellor e máis democrática.

Dentro destas medidas unha ferramenta básica son os equipos de orientación e as persoas especialistas que as integran, verdadeiros piares para que esta inclusión e avance persoal e académico do alumnado poida ser real e efectivo.

Nos últimos anos é notable o aumento dos casos de alumnado con NEAE, case un 30 por cento da media. Polo tanto, se hai un incremento dos casos, tamén é de supoñer que a resposta da Consellería de Educación debe ser aumentar o número de docentes especialistas, orientadores e orientadoras, audición e linguaxe, pedagogía terapéutica e auxiliar coidadores.

Está claro que se este ano imos ter maior número de nenos e nenas NEAE, co mesmo número de especialistas nos centros, o resultado ía ser peor, evidentemente, canto máis se o que fai a consellería este ano é diminuír os recursos e os efectivos, como está a suceder neste comezo de curso.

Na actualidade xa non é posible unha atención individualizada, como di a lei, de cada caso concreto, tendo en conta que a maior parte dos centros comparten orientador ou orientadora. É basicamente imposible que no primeiro trimestre de cada curso estean feitos os informes que se precisan para que a delegación territorial asigne os recursos necesarios para eles. Isto provoca que o alumnado que se reincorpora á etapa educativa en 4º de infantil estea perdendo un tempo precioso que non vai recuperar para avanzar, ademais de formar parte dunha aula onde non se sente incluído nin comprendido.



O que precisan estes centros e as familias, por suposto, é unha maior implicación da Consellería de Educación, que asuma as súas competencias e funcións e garanta a todo o alumnado tan vulnerable unha atención educativa de calidade, tendo en conta precisamente as características e capacidades de cada alumno e alumna.

Pero para iso hai que cambiar o rumbo educativo destes últimos quince anos, en tres cuestións fundamentais: non desviar recursos públicos, asumir plenamente o seu acordo da vergoña e crear máis prazas das profesionais dos equipos de orientación.

Se entramos nestes tres apartados, non desviar recursos públicos aos centros privados, evidentemente, centrar as matrículas no ensino público para non pechar unidades mentres están autorizando as concertadas. O descenso da natalidade é, pois, unha grande oportunidade que temos agora para valorar o número de prazas que se precisa en cada vila ou cidade e implementalas nos centros públicos.

No segundo lugar, que era asumir plenamente o seu acordo da vergoña, asinado o ano pasado, ese que avisabamos dende o BNG que só ía servir para facer un lavado de cara a esas políticas tan nefastas que estaban a implementar, pois xa que está asinado e que se comprometeron, deberán cumprir as *ratios* e desdobrar as aulas se é preciso e contan con espazo en cada centro educativo, non derivando o alumnado a outros centros privados. Tamén contar por dous ou por tres os casos de alumnado NEAE. Nisto están superándose a vostedes mesmos, porque si que o poñen complicado para que se poidan contar por dous ou por tres. E asumir por certo tamén a mingua horaria do persoal docente; ese horario que agora se diminúe debe estar compensado con máis profesionais, evidentemente.

E, en terceiro e último lugar, que é o que nos leva á iniciativa de hoxe, pois crear máis prazas das profesionais dos equipos de orientación. Cada centro educativo debe dispoñer do seu orientador e orientadora, polo menos, que debe contar cunha plataforma que conteña todos os modelos de informes, programas, etc., para cumprimentar *on line* e axilizar os tempos de resposta, e contar con todos os especialistas necesarios para atender todo o alumnado diagnosticado previamente, con apoios e reforzos dentro e fóra das aulas e cunha atención individualizada que os faga avanzar.

Polo tanto, queda ben claro que o modelo do ensino que hoxe traemos a este pleno non ten nada que ver co que vostedes están a desenvolver no ámbito educativo, que prexudica o alumnado máis vulnerable dos centros. O investimento en educación debera ser prioritario para un goberno que pensa na súa cidadanía e que está traballando para mellorar a súa vida, pero non é o caso.

Por todo isto, dende o BNG propoñemos, en primeiro lugar, demandar da Consellería de Educación as seguintes accións: considerar a orientación como motor do cambio pedagóxico dentro dos centros escolares; liberar os equipos de orientación da elevada burocracia, para centrarse realmente na atención que precisa o seu alumnado; dar respaldo aos equipos de orientación dende as direccións dos centros e dende a consellería, para implementar programas dentro das aulas e tamén con respecto ás familias; dotar dos especialistas necesarios para dispoñer das horas que precisan para poder impulsar o avance deste alumnado; crear unha



comisión de debate e planificación con todos os sectores educativos e persoas expertas no ámbito da diversidade da saúde e dos servizos sociais, por suposto; valorar o cambio social existente e futuro para dar ferramentas ás familias para solucionar as situacións non beneficiosas para as súas fillas e fillos; dar continuidade estable, por suposto, a programas financiados con fondos europeos e polo Ministerio de Educación, pero que non mingüe as plantillas de especialistas existentes nos centros (non pode ir unha cousa compenetrada coa outra, son independentes); valorar como corresponde tamén o traballo, responsabilidade e dispoñibilidade dos equipos de orientación, remunerando estas cuestións en relación coa formación solicitada para exercer como profesional orientador ou orientadora.

E, en segundo lugar, instar a Consellería de Sanidade, a través do Sergas, para que tome as seguintes medidas: coordinar e facilitar unha comunicación fluída entre pediatría, neuroloxía, as familias e o equipo de orientación; priorizar as consultas de neuroloxía pediátrica, recomendando recursos públicos de calidade ás familias como primeira opción; dotar de suficiente persoal facultativo o servizo de neuroloxía pediátrica, para axilizar as consultas e os diagnósticos e evitar así que as familias teñan que acudir á sanidade privada; e, por último, que o servizo de pediatría derive as posibles dislexias a neuroloxía pediátrica con axilidade para poder axudar o neno ou nena canto antes.

Este é o noso modelo educativo para o alumnado: non deixar atrás a ninguén.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta. Serei breve.

Hai uns cantos anos, bastantes, eu estaba dando unha clase nun centro a uns rapaces que andarían por 12 anos máis ou menos e de repente a un deles deulle —dentro do meu carácter profano en materia médica— o que interpretei rapidamente como unha crise epiléptica; empezou a tremer; o resto dos rapaces da aula asustáronse, abriron a porta e escaparon, deberon pensar que de repente aquel rapaz estaba posuído, que era o que pensaban noutras épocas. Eu, dentro dos meus escasos coñecementos, díxenlles que avisasen a dirección e o típico que o colles, que non lastime a lingua, que non se golpee coa cabeza, etc., etc.

Veume agora esa lembranza porque, efectivamente, nas aulas existen persoas, alumnos, con necesidades especiais de todo tipo, xente coa que hai que ter previsto casos coma ese e outros similares e despois xente a quen lle hai que explicar as cousas de xeito diferente, adaptándose ás súas circunstancias particulares, tanto de tipo psíquico como de tipo físico, como de calquera outro tipo. Os seres humanos son diferentes e o que non se pode dar é unha educación estándar como se saísemos dunha cadea de montaxe de Gerald Ford.

Entón, dicir que efectivamente todo o que está pedindo o BNG na moción parécenos moi razoable e tamén estamos de acordo. Loxicamente iso exige recursos. Pero, claro, nun esta-



blecemento que nós estimariamos correcto das prioridades a educación debería ser moi prioritaria, por varios motivos.

Vostedes saben, como dicía aquela famosa escritora, que canta máis educación no presente é menos cárceres, menos xuíces e menos policías no futuro. E dicía aquel señor que era tan puntual nos seus costumes, Immanuel Kant: o ser humano faise ser humano pola educación. Entón, todos os rapaces, todos os alumnos teñen o dereito a terminar de ser seres humanos completos e ter unha educación completa con independencia das súas circunstancias deste tipo.

Xa que falaba antes da ideoloxía do BNG, a ver, cando nos gobernan gobernos que na práctica teñen tido lugar no mundo baseados na súa ideoloxía, a cousa vai máis pola uniformización dos cerebros que polo resalte das individualidades; ou sexa, *Libro rojo* de Mao, etc., etc. Quero dicir que está ben que teñan aprendido da historia e que non traten de, se algún día gobernan, uniformizar os cerebros e que efectivamente pensen nas diferenzas das persoas e dos alumnos.

Nada máis e moitas grazas. Apoiaremos a proposta.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda... *(Pausa.)* Creo que está a punto de chegar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois se a vostede non lle importa... Déanlle voz ao escano da señora Longueira, por favor.

Ten vostede oito minutos.

Moitas grazas.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Parece que pecha o ciclo a cuestión da integración neste caso. Falabamos hoxe pola mañá da inclusión, da accesibilidade, da cultura accesible e inclusiva, e agora vemos estoutra faceta que é un paso previo a que esa inclusión, a que esa accesibilidade sexa efectiva.

Dicía Unamuno que a educación é repetición. Non soamente é iso, senón tamén é ter a sensibilidade e a predisposición a que aqueles que non teñen todas as oportunidades posibles para chegar ao mesmo nivel de estándar dun grupo ou dunha clase teñan esa axuda.

Por iso mesmo tamén dicía eu pola mañá, cando me tocaba falar desa Lei de cultura accesible, que vía que había unhas eivas bastante amplas e sobre todo que a lei chegaba tarde e chegaba ademais cunha serie de atrasos, onde a sociedade xa tiña pola súa man tomadas outras decisións.

E é que aquí empeza exactamente esa inclusión e esa accesibilidade da que falabamos pola mañá. Non podemos estar falando dun seguinte paso como é a cultura accesible e inclusiva se non somos capaces no ámbito educativo de dar resposta ao que entendemos o primeiro paso que hai da inclusión.



E é evidente que non soamente por casos dos que se falou aquí, que poden ser casos particulares, ou mesmo cuestións individuais que nos poden afectar a cada un, senón que o certo é que hai un aumento de 30 por cento do alumnado que está dentro do que se chama NEAE, o que son as necesidades específicas de apoio educativo.

No último grao da EBAU foron 450 alumnos con estas necesidades especiais os que deron ese paso para poder acceder a unha categoría superior dos estudos. E, non obstante, non só non aumentan os fondos, non se aumentan os orzamentos para eses —digamos— institutos, estes colexios, onde está a figura do coordinador, non só do coordinador, perdón, a figura dunha serie de profesionais que dentro do ámbito da educación teñen que dar resposta a todas as necesidades do alumnado.

Por iso dicimos tamén pola mañá que de leis e que de normas estamos sobrados. O caso é dotalas e o caso é facelas efectivas e que cheguen a onde teñen que chegar. E isto non está ocorrendo na educación. É volto darlle aquí unha pequena volta a este círculo. Falabamos aquí hai uns meses da atención temperá. Falábase aquí de que se aumentaban os fondos para a atención temperá, e dende o PSdeG dicimos que estupendo que se aumenten os fondos para a atención temperá. Esa non é a cuestión. A cuestión é que se faga de calidade, que se faga de forma rigorosa e que se faga cos matices que necesite.

E isto ao final vai devir precisamente neste tipo de cuestións, que despois nos imos atopar nas aulas tanto de primaria como nas aulas dos IES.

Entón, evidentemente, nós apoiamos esta moción do BNG, ou sexa, porque cremos verdadeiramente nunha educación inclusiva de verdade, pero das de verdade, e non poderíamos non apoialo se non somos capaces de dotar a todos; non digo soamente o profesorado, senón a todo ese equipo que vai dende pediatras nalgúns sentidos ata foniatras e persoas que traballan coa dislexia, outros neurocientíficos que poden traballar con algún tipo de modalidade nalgún caso moi específico e que non existe.

Os colexios están ateigados, os profesionais están desbordados e neste senso moitas veces dependemos —xa o dixemos aquí máis dunha vez— da amabilidade dos estraños, e non soamente da amabilidade dos estraños, senón dos fondos privados que poida ter cada familia para facerlle fronte a esta cuestión, tanto se son a nivel individual como se é a nivel dos do terceiro sector, naquelas asociacións ou dentro daquelas agrupacións nas que se estea a tratar o problema específico da rapaza ou do rapaz en cuestión.

É verdade que tamén dicimos, ou se dixo aquí, que unha sociedade educada vai ter menores ou pode que no seu futuro teña un maior desenvolvemento máis eficaz neste aspecto. E é verdade que con todo o que se invista neste sentido, todo o que se poida estar investindo en paliar e en dar lugar a que estas situacións sexan cada vez máis estrañas, é dicir, que cada vez teñamos esa menor incidencia, poderemos ter xoves que teñan un desenvolvemento moito máis eficaz e moito máis feliz ao longo da súa vida.

Estamos de acordo con todas as propostas que van nesta proposición non de lei e para nós sería unha gratísima cuestión que isto se puidese aceptar. Insisto: hai cuestións colaterais que poden axudar.



Volten a revisar o seu programa, o seu plantexamento de atención temperá, que é un sistema falido, no sentido de que si podemos aumentar máis unidades pero non ten unha continuidade no tempo, non ten cubertas as necesidades das familias, e, se no primeiro nivel isto puidera darse, posiblemente aquí estaríamos falando dun menor número de alumnado con estas necesidades específicas.

Pola miña parte, nada máis. E, como dicía antes, aprobaremos e daremos para adiante esta proposta do BNG.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra dona Cecilia Vázquez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, señora presidenta, e moi boa tarde, señorías.

Corría o ano 1978 e o informe Warnock abordaba recomendacións fundamentadas, progresistas e pragmáticas para o ensino. Entre outros asuntos, consideraba que o alumnado con necesidades educativas especiais debía ser integrado e educado cos seus pares, en centros ordinarios, en beneficio de ambos. Corría o ano 2023 e en Galicia o 94 por cento dos alumnos con necesidades educativas especiais está integrado en centros ordinarios (*Aplausos.*) e o 6 por cento nos de educación especial, co apoio da rede de catro mil profesionais de atención á diversidade. E é por iso polo que Galicia se ratifica como a comunidade autónoma máis inclusiva de todo o Estado. E isto non é autobombo nin é propaganda, esta é a realidade; a realidade que reflicten as estatísticas do Ministerio de Educación, que, por certo, está integrado nun goberno do que non hai ningunha sospeita de que manipule algo para favorecer a Galicia.

A diversidade é unha realidade social e, polo tanto, unha realidade presente no ensino. A resposta educativa á diversidade debe estar presente de xeito transversal en cada proxecto educativo, en cada plan ou iniciativa e, por suposto, tamén na oferta de recursos que aseguren o desenvolvemento persoal e social do alumnado para participar activamente na sociedade.

Isto significa que a atención á diversidade é todo ese conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A diversidade non só significa valorar as diferenzas, senón velas como unha oportunidade para aproveitar as potencialidades de cada persoa, que se sintan incluídas e contén con espazos de participación e de desenvolvemento en liberdade.

A orientación educativa xa se regula dende o ano 1998, tanto no Decreto 120, do 23 de abril, como na orde do 24 de xullo, na que se establece a organización e o funcionamento da orientación.



O Decreto 120 sinala, no seu preámbulo, que a orientación educativa se entende dende dúas perspectivas: por un lado, a realizada por profesionais da atención individualizada, e, por outro lado, a actividade orientadora como un ámbito máis da actuación da función docente, isto é, de todo o profesorado e a toda a poboación escolar, algo que, por certo, o BNG sempre esquece.

Dende o ano 1998 fóronse dotando os centros educativos de departamentos de orientación; por iso hoxe todos os integrantes da comunidade escolar teñen acceso aos recursos da orientación educativa e, polo tanto, poden realizar unha escolarización sen exclusións e en equidade.

Non sabemos se este decreto entende a orientación como un motor, pero o que si sabemos é que integra a orientación en todo o proceso educativo de xeito activo, dende as primeiras idades do alumnado, para permitir a prevención e detección temperá das súas dificultades no desenvolvemento persoal ou da aprendizaxe, e o seguimento continuado da súa evolución.

A Xunta de Galicia está implementando medidas de simplificación da burocracia e facilitando tamén a conciliación e incluso ampliando a posibilidade de realizar reunións telemáticas. Están constituídos catro grupos de traballo, divididos por ensinanzas e etapas e compostos por profesionais do ámbito educativo. ¿Por que? Porque son os que mellor coñecen que procesos cómpre simplificar e como hai que facelo.

Os orientadores contan co apoio do Goberno galego a través de diversas medidas, como é a formación tanto sobre a orientación para o conxunto do profesorado como aquela específica para os orientadores. A formación destes colectivos específicos xoga un papel moi importante, en tanto lles dá a atención ás necesidades concretas de cada grupo, abordando de xeito personalizado aspectos actitudinais, capacidades e habilidades asociadas a cada un dos perfís.

A formación céntrase en ofrecer competencias que permitan aos profesionais estar capacitados nas áreas pedagóxicas e sociais para desenvolver a atención á diversidade e a inclusión do alumnado, a orientación educativa e profesional deste e o asesoramento á comunidade educativa nos procesos de ensinanza e aprendizaxe.

Todos os centros educativos contan cunha persoa orientadora e mesmo dúas naqueles centros de maior número de alumnado.

Non vemos necesario crear unha comisión de debate e planificación, porque a Xunta está en diálogo constante e continuo coa comunidade educativa.

Este mesmo curso iniciouse o Plan Mega, para reforzar as medidas de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais e para garantir o apoio e o éxito escolar dos rapaces en situación de maior vulnerabilidade. Ademais, a consellería segue asinando convenios con entidades e asociacións relacionadas coa atención á diversidade, entre outras accións. Ademais, este ano estanse implementando medidas novas para favorecer a diversidade, como a redución de *ratios* ou a ponderación do alumnado con necesidades educativas especiais.



No Sergas xa existe unha comunicación fluída entre os distintos axentes involucrados na diagnose. Somos unha das poucas comunidades onde a atención pediátrica nos centros de saúde é realizada en case o 90 por cento dos casos especificamente por pediatras, que, por certo, son grandes profesionais perfectamente formados para identificar as necesidades especiais que lles poidan remitir os informes de orientación.

Estamos de acordo na importancia de realizar diagnoses áxiles nos especialistas, e Galicia é un exemplo de como facer ben as cousas, sendo a quinta comunidade con mellores tempos de espera para conseguir consulta cun especialista. E os nenos xa son derivados ao especialista nos casos en que resulta preciso, baixo o criterio do pediatra.

Semella que o Bloque Nacionalista Galego desmerece e infravalora o traballo e cualificación destes profesionais, ao supoñer que non saben facer o seu traballo de diagnose e derivación, cando así o considera.

E, señora Fernández, fala de acordo da vergoña. ¿Parécelle un acordo de vergoña un acordo histórico, que reduce as *ratios*, que impide o peche de aulas e que mellora as condicións laborais dos profesores? Se iso lle parece un acordo de vergoña, en fin... Nós cualificámolo como un acordo histórico, como así a gran maior parte dos sindicatos educativos.

Señorías, evidentemente, ¿queda moito por facer? Si, pero non dubiden de que a Xunta de Galicia vai na boa dirección.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda de peche da autora da proposición, señora Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidenta.

De verdade que no manual e nos papeis vale de todo. O que vostede leu, señora Vázquez, seguro que é un manual de libro, pero sen recursos non vale absolutamente para nada. E aquí as nais e os pais que transmiten as súas preocupacións e as súas experiencias, incluso nos periódicos —que como ten que ser a cousa para que as familias cheguen aos periódicos—, non menten, non menten, menten vostedes. (*Aplausos.*) ¡Vostedes si que menten, descaradamente!

De verdade, e por encima é que están a falar, abren a boca e demostran que neses datos nin sequer cren vostedes mesmos.

Das vacantes colgadas do famoso Plan Mega, que acaba vostede de citar, ese Plan Megatrola que xa lle chama toda a comunidade educativa, pois ofertáronse tan só 163 prazas, e 121 son a xornada completa, pero o resto, 42 prazas, son a media xornada, cando os centros educativos berran a gritos e piden axuda para que se lles manden os efectivos que necesitan para estes nenos e nenas.



Este curso houbo nada máis nin nada menos que 80 especialistas PT e AL menos que o ano pasado, 30 prazas de atención preferente quedaron sen atender para nenos con maior discapacidade. Así que queda claro que ese plan famoso e do que tanto alardean, o Plan Mega, só fai empeorar a situación para a diversidade. Porque antes había apoios polo Plan Proa+ e Acompaña, e agora este último desaparece, e polo tanto se reduce así pois polo menos un PT ou un AL en cada centro.

Ben, eu ao que veño hoxe aquí é a que empaticen con todos os nenos e nenas que están nesta situación tan precaria. Así que falabamos na outra miña intervención dun neno, Mauro, que era de Ponteareas e seguimos nesa localidade. Teño outros moitos máis. Carlota é unha nena de 4º de Primaria cun 70 por cento de discapacidade —(*Murmurios.*) vostede siga falando, que non se entere, que non vai con vostede—, que usa un comunicador alternativo, e cando se frustra autolesiúnase ou agride. Non ten apoios dentro da aula, aínda que o CEIP das Veigas solicitou para ela un PT preferente. Este curso así só terá 5 horas de PT e 3 horas de AL semanais. No seu centro aínda hai máis casos como o dela.

Outro, no CEIP Fermín Bouza Brey, este curso, 60 horas menos de atención á diversidade, por mor de non compensar a consellería con máis persoal esa baixada de horas lectivas do seu profesorado, decisión á que despois se comprometeu a consellería con ese acordo que a vostede non lle gusta como lle chamei, o da vergoña.

A ANPA do CEIP Plurilingüe Castro de Ouro, de Foz, periódico tamén (*A señora Fernández Davila mostra un documento.*), continuará coas mobilizacións. Ademais da falta de persoal docente, as familias denuncian a carencia dunha técnica de pedagogía terapéutica, imprescindible para atender o alumnado NEAE.

Outra, unha nena de Campo Lameiro cun 79 por cento con discapacidade, que empezou a escola sen coidadora; agora xa ten coidadora, pero foi grazas ás mobilizacións das familias e a unha plataforma por certo en defensa dos seus dereitos chamada Loita.

Centros de Rianxo, Boiro e Lousame maniféstanse para reivindicar máis profesores especialistas. Asígnanlle a Rianxo...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: ...un mestre a tempo parcial para o Proa, pero é insuficiente.

Podemos falar de Cabo da Area, da Laxe, Cedeira, da ANPA do CEIP de Ventín, en Ames, Miño, o CPI Castro Baxoi, Valdoviño, cunha praza.

Pero ben, quero rematar con outro caso, e agradezo a presenza das representantes das ANPA e as ANPA de Vigo, que nos transmitiron este caso, o caso de Héctor (*A señora Fernández Davila mostra un documento.*), que está no IES de Valadares e segue sen apoio educativo. En Cabral o CEIP de Santa Mariña, o centro referente para o alumnado con TEA, pasa de compartir medio AL a non ter ningún. ¡É que é increíble!



A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Nós o que queremos é poñerlles voz ás familias que tanto o necesitan, que isto se socialice e se visualice, para que vostedes tomen nota desta gran necesidade, e espero que estes nenos e nenas que hoxe nomeei, e doutros centos e centos que hai por aí por todo o territorio galego, pois non lles sexan totalmente indiferentes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Avanzamos coa orde do día, coa proposición non de lei 6.2.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para avanzar na mellora da transparencia en relación coa contratación menor

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, que leva por número 11716, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Iago Tabarés.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición:

Engadir un novo punto na parte resolutiva, co seguinte texto:

«5. Establecer un sistema de publicación da información e documentación contractual que permita a explotación e tratamento dos datos, así como facilite a localización e seguimento dos procedementos e da actuación e participación dos órganos e adxudicatarias.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para defender a proposición non de lei, por tempo de oito minutos, ten a palabra dona Patricia Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, vicepresidenta.

Boas tardes a todos e a todas.

A contratación pública move moitos cartos, representa cerca dun 20 por cento do PIB en España e tamén en Galicia. E as socialistas en Galicia hoxe estamos aquí con ánimo de poder lograr un acordo de mínimos, precisamente para que o Goberno galego dea ese paso decisivo de mellorar a transparencia da contratación pública e nomeadamente dos contratos menores; eses contratos que podemos definir como contratos a dedo, que se adxudican polas distintas entidades que conforman a Xunta de Galicia (sociedades, fundacións, o propio Sergas)



e que nalgúns deles amosan un fío condutor que nos resulta moi preocupante, por haber lazos persoais e familiares no Goberno, primeiro do señor Feijóo e agora do Goberno de Rueda.

E, señorías do PP, nun Estado de dereito, que tanto din, realmente isto tamén é inadmisibile. A contratación menor representa cerca do corenta por cento de toda a contratación pública do Goberno galego, segundo os derradeiros datos publicados no Portal de transparencia — os últimos son de 2022, levamos dous anos de atraso— e representa máis de oitocentos millóns de euros ao ano. Este é un dato sobre o que o Goberno galego, evidentemente, non debería sentirse orgulloso.

É importante salientar, ademais, que estas adxudicacións de contratos a dedo se producen no ámbito da pura decisión política discrecional. ¿Por que? Porque non hai mesas de contratación, non hai fiscalización previa do gasto polas intervencións. E aquí hoxe, ademais, neste hemiciclo quero deixar ben claro que os socialistas sempre imos defender o bo facer e honorabilidade dos empregados públicos. O contrario sería darlle a volta á tortilla ou desviar a atención. Porque xa me adianto ao mellor ao que vai dicir o deputado do PP, que nestes contratos non hai unha tacha de ilegalidade. Esa afirmación atenta contra a intelixencia, sinceramente; o querer agochar, como sabemos moitos dos aquí presentes, como funcionan moitos contratos menores, nos que hai unha zona de grises, unha zona de brétema moi importante e nos que hai un risco enorme de que se cometan irregularidades. Hai risco de que se que troceen facturas por debaixo dos 15.000 euros nos contratos de servizos para non sacar un concurso público. Eses contratos a dedo son un bo cultivo para favorecer ese clientelismo de amiguetes que prexudica precisamente outras empresas que queren igualdade de trato e lexitimamente poder participar neses contratos menores que fai a Xunta de Galicia. Ademais, hai que lembrar que eses contratos menores se adxudican con cartos públicos de todos os galegos e as galegas.

Por tanto, os socialistas queremos expor, como primeira idea nesta iniciativa, a necesidade de fortalecer as nosas institucións, de pular por unha política máis transparente, máis limpa, máis honesta e máis propositiva. Non debemos permitir que a política se converta nun espectáculo, nun mundo de lameira para acometer aos rivais e que se vulneren todas as liñas vermellas; aquí, sinceramente, a min non me van atopar. Non se me ocorre mellor momento para traer a defender esta iniciativa para unha política vigorosa pero limpa.

Para falar dos contratos menores, cando preparaba esta iniciativa tentei dar resposta a tres preguntas. A primeira delas: ¿hai opacidade nos contratos a dedo que adxudican as distintas entidades do sector público autonómico, do Goberno galego? A segunda pregunta: ¿existen indicios de trato de favor obxectibables na contratación pública do Goberno galego con determinadas empresas nas que hai vínculos familiares e persoais? E terceira pregunta: ¿que medidas poden ser útiles para mellorar a transparencia destes contratos a dedo?

Empezando coa primeira das preguntas, a resposta é un si rotundo. Hai unha falta de transparencia material e real na contratación menor que fai a Xunta de Galicia. Chega con comprobar como funcionan as distintas fontes de información e publicidade do Goberno galego; está claro que están feitas para dificultar ese control. A plataforma de contratos



do sector público de Galicia, o Rexistro de Contratos Públicos, o Portal de Transparencia... Entre toda a información que hai nos sistemas de información non hai homoxeneidade e, sobre todo, non hai vasos comunicantes entre eles. Moitos datos nin sequera son coincidentes dos contratos menores. Esta situación é intolerable. Cremos nós que é moi grave, porque o cumprimento do principio de transparencia actúa primeiro como unha ferramenta fundamental precisamente para diminuír esas irregularidades, eses abusos da contratación menor.

Por outro lado, a transparencia real, a material, a de verdade, evidentemente favorece a concorrência e a igualdade de trato nas empresas que lexitimamente —como dicía— queren ter a oportunidade de participar nesa repartición inxusta e interesada que fai o Goberno galego con determinadas empresas. Vexamos un exemplo. Cando se intenta acceder á información dos contratos menores lémbreme un pouquiño ao cómic ese de *¿Onde está Wally?*, porque realmente para chegar á información temos que facer cinco clics, logo hai que picar unha por unha en cada unha das entidades —das máis de setenta entidades que conforman o sector público autonómico— e logo, ¡sorpresa!, hai que descargar o PDF para analizar cada contrato dos adxudicados a dedo.

En definitiva, hai un sistema obsoleto de transparencia que precisa avanzar para que sexa real a transparencia, que se poidan ver en tempo real con datos abertos e reutilizables todos os contratos menores que adxudican diariamente as setenta entidades que conforman o sector público autonómico de Galicia. Como dicía o xuíz do Tribunal Supremo estadounidense, Louis Brandeis, «o sol é o mellor dos desinfectantes»; e aquí o Goberno galego ten un suspenso de libro na transparencia real e material que fai dos contratos menores.

A segunda pregunta: ¿existen indicios de trato de favor con determinadas empresas nas que hai conflitos de intereses? Pois a resposta a esta pregunta tamén ten que ser un si rotundo. Como dicía ao principio deste debate, isto vai de integridade, de honestidade, de bo facer; máis alá da legalidade, de facer o correcto cando ninguén te estea mirando. E non podemos normalizar que non pase nada porque empresas do círculo familiar —a irmá e o cuñado do señor Feijóo— puidesen ter un trato de favor na contratación pública. ¿Por que? Porque hai indicios obxectivos, que se poden verificar na Plataforma de contratos do Estado —non na Plataforma do sector público da Xunta de Galicia—, polo que podemos dicir que hai indicios. O primeiro, o incremento significativo exponencial do importe adxudicado en millóns de euros nos derradeiros anos dende que Feijóo presidiu a Xunta. O segundo indicio, o favoritismo na contratación a dedo con determinadas empresas nas que hai un vínculo familiar e, por tanto, hai un conflito de interese de libro e non xestionado. E se pasamos os indicios a números, segundo a información de determinados medios de comunicación, resulta que —despois se queredes compróbo, que baixei todos os contratos sacados da plataforma— aí temos que a irmá de Feijóo levou 1,6 millóns da Xunta de Galicia en 124 contratos a dedo desde xaneiro deste ano. A estas licitacións temos que sumar 1.311 facturas asinadas entre 2018 e 2023 polo Goberno galego por case cinco millóns de euros con empresas do grupo Eulen. Isto supón 254 contratos a dedo no ano, que supón case un contrato por día que se lle adxudica á empresa da que falamos.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.



A señora IGLESIAS REY: Pero estas contratacións —e aquí é onde os números son certamente alarmantes— agrávanse cando se fracciona o obxecto do contrato. Noutras verbas, troceamos as facturas para eludir acudir a un concurso público. Evidentemente, iso —e podemos acoutar tamén— é unha ilegalidade de libro, que moitos dos casos tamén conlevan sentenzas penais condenatorias cando se proba o abuso ou o trato de favor nesas contratacións.

Por todo iso, en definitiva, os socialistas amosamos a nosa satisfacción porque se constituía esa comisión de investigación que levamos pedindo desde antes do verán. Evidentemente, o Regulamento da Cámara non nos permite, como grupo, solicitala.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora IGLESIAS REY: Esperemos que o PPdeG non use a apisonadora na maioría absoluta á que nos ten acostumados e permita todas as comparecencias que pidan os grupos da oposición.

Moitas grazas, señorías. Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Quenda do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Moitas grazas, señora presidenta. Señorías.

Alegrámonos de que a señora Iglesias partille con nós a esperanza, a ilusión —inocente ilusión— de que o PP rectifique a deriva na que está e aposte por atender as recomendacións do Consello de Contas e non continúe votando pola arbitrariedade e polo derroche dos recursos públicos. Mais esa esperanza, esa ilusión, creo que máis que nada —como diría Rosana— sería a fe, porque exactamente esta mesma iniciativa foi rexeitada hai tres meses durante os que o Partido Popular reiteradamente ata en tres ocasións votou en contra dunha comisión de investigación ou de fiscalización da contratación a dedo por parte da Xunta de Galiza. Por tanto, esperanzas realmente de que o Partido Popular poida rectificar, de que poida apostar pola transparencia, poucas.

Para completar esta iniciativa, dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha emenda, tamén seguindo as recomendacións do Consello de Contas, na que pedimos que a Xunta de Galiza permita a transparencia e o control na contratación do sector público autonómico. Realmente para ver a procedencia desta iniciativa, para ver que realmente é necesaria, eu, en lugar de pedirles ás súas señorías que me prestasen atención, voules pedir simplemente un exercicio que non é nada complicado: entren durante esta intervención no Portal de transparencia da Xunta de Galiza. Imos facer unha comprobación non respecto a empresas moi complicadas, senón a empresas que lles poidan resultar familiares; a algúns máis que a outros, pero familiares. A ver se localizan os contratos adxudicados a, por exemplo, Allwork Vestuario laboral, S.L.; a ver se poden localizar os contratos menores adxudicados á empresa Eulen exclusivamente para os servizos de limpeza da Escola Infantil de Montealto, na Coruña. Simplemente iso, e non atendan —como seguramente era o seu



gusto— á miña intervención; simplemente entren no Portal de transparencia e a ver se conseguen esa información, porque así poderán votar con máis sentido común e, ademais, poderán votar facéndolle un favor á Xunta de Galiza. Porque levamos 9 pedíndolle vía artigo esa documentación dende hai meses á Xunta de Galiza e seguramente se non a achegou non é porque non respecta este Parlamento, senón que é porque non aportan, non achegan, non encontran esa documentación que vostedes poderán facilitarlles.

En todo caso, dende o Bloque Nacionalista Galego votaremos en coherencia co que fixemos en xuño na Comisión 1ª. Votaremos a favor desta proposición non de lei. Porque esencialmente son reproducións —penso que literais— do que dixo o Consello de Contas e porque entendemos elemental respectar os procedementos de contratación e entendemos esencial o respecto aos principios esenciais da igualdade, transparencia e non discriminación. E porque os procedementos administrativos, a concorrència, a competencia, a publicidade ou a transparencia non están para amolar o Partido Popular; están para garantir unha eficiencia na xestión dos recursos públicos, Poder facer máis con menos. ¿Que quere dicir? Vaiamos ao práctico: que se o Partido Popular non derrochase 470 millóns de euros no Álvaro Cunqueiro, prescindindo de informes administrativos e técnicos, pois probablemente na Galiza poderíamos ter máis médicas; na Galiza poderíamos ter profesional sanitario con mellores condicións; podería haber xente, non moi lonxana tampouco, que non tería que esperar meses e meses e meses por probas de resonancias magnéticas cerebrais para ver se ten unha recidiva dun tumor cerebral. Iso non é algo hipotético, señor Comesaña, iso pode estar pasando aquí. (*Aplausos.*) Ou simplemente en Ourense poderíamos ter, non un hospital *Frankenstein*, onde caen os teitos no parto, caen os teitos —por falar dos últimos meses— na sala de entrada, na primeira planta, ou tamén en Neuroloxía, senón que poderíamos ter un centro sanitario digno e decente, mesmo en Toén, como propuxo no seu día o presidente deste Parlamento.

Tamén poderíamos apostar por unha defensa do tecido empresarial. Porque adxudicar a dedo... Se alguén comprobou, que é complicado, a adxudicación da que falaba antes da limpeza de Montealto, de Eirís ou doutros centro de saúde mes a mes por contrato menor á compañía Eulen, que dirixe na Galiza a irmá de Núñez Feijóo, pois podería concorrer a ese mesmo contrato unha empresa de autónomos ou unha empresa de economía social. Podíamos respectar e protexer a pequena e mediana empresa da Galiza e podíamos contribuír a reducir os riscos de fraude e corrupción e de nepotismo. Porque, segundo os últimos datos publicados —efectivamente, como falaba a señora Iglesias, de 2022; estamos case rematando o 2024 e falamos de 2022—, case o cincuenta por cento do volume adxudicado foi sen procedementos, sen publicidade, sen concorrència e con igualdade limitada. Falamos de 1.130 millóns de euros adxudicados a dedo. Nos anos anteriores foi o mesmo.

Isto levou o Consello de Contas a dicir que a Xunta de Galiza está a converter en ordinarios procedementos que son extraordinarios, como a contratación menor ou como a contratación e os procedementos negociados con e sen publicidade. O procedemento ordinario, legalmente ordinario, na Galiza é excepcional.

Pero non só é que se abuse da contratación a dedo; é que non falamos de hipótese, non falamos —como dicía a señora Iglesias— de posibilidades. Falamos de feitos constatados polo Consello



de Contas: a contratación menor faise na Galiza de xeito irregular; faise vulnerando o límite cuantitativo; faise vulnerando os límites temporais máximos de doce meses; faise fraccionando indebidamente os contratos e mesmo por prestacións periódicas que responden a necesidades recorrentes. Un dos contratos que lles pedía que revisase, que era o de Montealto, non é que mes a mes se lle estea adxudicado a empresas —que si, mes a mes, dende os últimos meses—, senón que tamén desde os últimos anos. Levan anos adxudicándolle eses contactos de limpeza mes a mes á empresa Eulen, o que é absoluta e flagrantemente ilegal.

Agora ben, ¿sabemos todos que este sistema de contratación a dedo quen prexudica? A cidadanía galega en xeral e mesmo as empresas e o tecido empresarial galego. Pero, ¿quen beneficia? Seguramente non lles deu tempo a localizar ese exercicio que lles propuña ao principio da intervención. Pois ben, dende 2018 a 2023 á empresa Eulen en contratos menores a dedo, case cinco millóns de euros. Nestes sete meses apenas que levamos de 2024 foron xa máis de un millón seiscentos mil á empresa que na Galiza dirixe a irmá de Núñez Feijóo.

Dúas das tres principais beneficiarias por contratos a dedo da Xunta de Galiza son tamén as beneficiarias, segundo o Consello de Contas, da contratación a dedo da Deputación Provincial de Ourense cando a dirixía o veloz expresidente. Tamén é coñecido que son beneficiarios dos contratos a dedo compañeiras de altos cargos do Partido Popular ou mesmo cuñados.

E, ante todas estas irregularidades e arbitrariedades, ¿cal é a resposta do Partido Popular? Reiteradamente negarse a investigar eventuais irregularidades denunciadas polo Consello de Contas e que, a pesar de tres veces votar en contra o Partido Popular, grazas ao apoio cidadán e aos 25 deputados e deputadas do Bloque Nacionalista Galego van ser investigados nesta Cámara. Só unha petición: non bloqueen esa comisión; non impidan a transparencia e que se poida velar pola legalidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Tabarés.

Quenda do Grupo Mixto. Ten a palabra o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

¿Imaxino que non me conta o tempo desde alá arriba, non? ¿Ponme o tempo desde cando chego aquí?

A señora PRESIDENTA (Candía López): Si, claro. A todo o mundo cando chega aquí.

O señor OJEA BOUZO: É unha piada; desde alá arriba lévame máis tempo que á maioría dos demais. Ben, tamén para relaxar un pouco o ambiente, ¿non?

Imos ver, o tema dos contratos menores loxicamente está regulado pola Lei de contratos, que ademais non é demasiado vella, pois foi reformada, como saben, non hai demasiado.



A señora portavoz do Partido Socialista falaba do Estado de dereito. Ademais, estes días levamos falado moito do Estado de dereito con motivo de nomear un representante no Consello Consultivo e por outras razóns. O Estado de dereito supón o imperio da lei, que todos esteamos sometidos á lei, tanto os cidadáns, como as empresas, como as entidades públicas, como o propio Lexislativo e como o propio Executivo. Pero o Estado de dereito tamén consiste en non exixirlle a ninguén máis que o cumprimento da lei. Había quen dicía que a diferenza entre unha democracia e unha ditadura é que na ditadura está prohibido todo o que non está especificamente permitido e nunha democracia está permitido todo aquilo que non estea expresamente prohibido. Entón, como dicía, o límite é a lei. Entón, non se pode exixir a ninguén, persoa ou entidade ou empresa, que vaia máis alá do cumprimento da lei, porque iso xa entraría dentro da súa liberdade, o de facelo. Entón, o que habería que facer se se dan eses casos de fraude, eses casos de retorcer a lexislación para acometer esa serie de irregularidades das que se leva falado, é modificar a lei.

Canto ao tema do fraccionamento dos contratos... O fraccionamento de contratos xa está prohibido e xa se leva dito aquí que é ilegal. Entón, se se fai en fraude de lei, terá que ser perseguido polo poder xudicial. O fraccionamento de contrato está prohibido. O que pasa é que, claro, hai que identificalo como tal, e para iso xa están os servizos pertinentes que o valoran e que o avalían. Pero iso xa está prohibido. Pedir que non se permita o que xa está prohibido, pois non lle vexo moito senso.

Efectivamente, hai moitas e moitos contratos sistemáticos que son realmente sospeitosos. E aí é onde entra en xogo a transparencia e que os grupos políticos e os cidadáns en xeral poidan acceder á información de xeito rápido e sinxelo para poder avaliar esa clase de cousas e tomar as decisións pertinentes. Efectivamente, resulta sospeitoso que un determinado servizo se asigne sistematicamente á mesma empresa. A ver, nun concello pequeno ata pode pasar. Cando entrou en vigor a Lei de contratos na súa última formulación, un alcalde díciame: «xa me gustaría a min poder decidir entre dúas opcións. Se no meu concello empresa que presta servizo hai unha e noutros ata non hai ningunha». Quero dicir que, ben, hai moitas circunstancias particulares que habería que analizar. Ás veces é unha mesma empresa a que fai as cousas a nivel de concellos porque ao mellor non hai outra, nun entorno rural e despoboado, como todos vostedes saben. Pero si, efectivamente, o que parece ser a veces un monopolio dunha empresa que sistematicamente factura; dando por suposto que non sexa fraccionamento de contrato, que ao mellor o é. Pero entón iso está prohibido, non se pode facer, hai que perseguilo e hai que castigalo desde o poder xudicial.

Pero cando se está cumprindo a lei non se lle pode pedir. Dicía o señor Iago que se comportaba como unha especie de iluso. Pois si, pois é así. Quero dicir, os partidos políticos e os gobernos soamente se ven limitados pola lei, igual que as empresas e igual que as persoas. Incluso as persoas físicas, que dentro do que queren facer da súa vida o único que os limita habitualmente é a propia lei.

Entón, a señora Patricia forma parte dun Goberno que está en Madrid e que pode modificar a lei. Todas esas melloras que se poden ver e que se poderán facer en relación cos contratos menores o mellor que se pode facer é incorporalas na lei. Facer unha lei nova que afine máis e que non permita esa clase de irregularidades que, xa digo, con independencia de que poden



ser legais, se a cidadanía percibe ese tufo a discrecionalidade inxustificada nas asignacións e nas adjudicacións, pode tomar medidas nas seguintes eleccións. Pero para iso, efectivamente —estamos de acordo coa moción— o que se necesita é transparencia.

A portavoz do Partido Socialista falaba de que o sol era o mellor desinfectante. Ás veces o contrario tamén é certo. Vostedes saben que moitas veces a desinformación prodúcese por un exceso calculado de información que fai que a persoa se sature e non a poida manexar adecuadamente. Dise habitualmente que, cando hai unha inundación, o primeiro que se perde é a auga potable. Entón, hai que buscar o termo axeitado. Unha información que non haxa que ir buscar como en *Buscando a Wally* —como dicía alguén que me antecedeu na palabra— e ao mesmo tempo que non estea tan dispersa que non provoque unha saturación, ás veces calculada ou deliberada para que sexa imposible procesala no seu conxunto. Unha transparencia clara, fácil; con claridade e distinción, que dicía o outro. Entón, a cidadanía pódela xulgar e, xa no nivel político, tomar a súa decisión e dicir: «o Goberno deste partido está sistematicamente adjudicando este servizo a esta empresa; algo cheira a podre aquí etcétera».

Pero sempre, xa digo, a longo prazo a solución é a propia lei. Entón, esta lei ten xa creo que catro ou cinco anos; non sei se era o 2019 cando se fixo. Pois agora, vendo como se foi un comportando a cousa, ao mellor convén modificala. Para iso, ¿quen mellor que o Partido Socialista, que ten o Goberno en Madrid e ten a tixola polo mango? E, desde logo, hai que perseguir as fraudes tipo fraccionamento do contrato.

Por certo, non sei quen me dixo unha vez —non sei se será certo— que o alcalde de Vigo tamén incorrera niso contratando as luces, porque contrataba unha rúa por un lado, outra rúa polo outro... Cando, en rigor, a contratación das luces de Nadal nunha cidade en principio debería ser un contrato maior que ten que seguir unhas cauces moito máis complicadas. Entón, ao mellor dese recurso fraudulento non soamente bota man o Partido Popular.

Nada máis. Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ojea.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra don Roberto Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde a todos.

Imos de entrada co máis urxente. A Xunta está a cumprir toda a normativa prevista na Lei de transparencia e na Lei de contratos do sector público, tamén en relación cos contratos menores. *(Aplausos.)*

Iso si, teño que recoñecerlle, señora Iglesias, a puntería en elixir o día para vir aquí falar de tratos de favor a familiares. É dicir, coa Audiencia Provincial de Madrid autorizando o xuíz Peinado a ampliar os delitos para investigar a muller do presidente e coa UCO entrando outra



vez na Deputación de Badaxoz para investigar os contratos do irmán do presidente. ¡Unha puntería excelente! (Aplausos.)

Señor Tabarés, eu tampouco lle vou pedir a vostede que me atenda. Eu tamén lle vou poñer ou recomendar algunha tarefa. Pode entrar vostede mentres eu falo no Portal de Contratación do Concello de Santiago e vai descubrir que a súa alcaldesa, a señora Sanmartín, está a favorecer a irmá de Feijóo, porque tamén hai publicados contratos a favor de Eulen. (Aplausos.) ¡É increíble! ¡A trama acada unhas dimensións realmente importantes!

Miren, a Xunta garante a transparencia dos contratos menores coa súa publicación no Portal de Contratos e de Transparencia. Pero compartimos a preocupación que expresan na súa iniciativa pola opacidade na actuación das administracións públicas e tamén a súa apelación ao principio de transparencia como ferramenta fundamental para controlar as decisións dos órganos de contratación e minimizar a comisión de abusos ou irregularidades.

Por iso temos que preguntarlles: ¿exactamente cal é o seu modelo de transparencia? Debemos entender que é o que vostedes aplican alí onde gobernan. Sería o lóxico. Daquela, ¿o seu modelo de transparencia é o do Goberno do señor Sánchez? É que nos xorden dúbidas. (O señor Rodríguez Martínez amosa un documento.) «Bruxelas advirte acerca da falta de transparencia na xestión dos fondos europeos». (O señor Rodríguez Martínez amosa un documento.) «Facenda alerta do descontrol dos ministerios». Esta é boa. A Intervención Xeral do Estado conclúe que, na longa lista de 22 ministerios, non hai un só que presente un funcionamento axeitado. Unha vintena deles nin verifica o cumprimento dos obxectivos para os que recorreu á contratación pública e máis da metade nin acredita o seu encaixe en programas orzamentarios nin cos obxectivos estratéxicos do ministerio. ¿Este é o seu modelo de transparencia?

Sigo. (O señor Rodríguez Martínez amosa un documento.) «O Consello de Transparencia suspena a Sánchez.» Máis do sesenta por cento das entidades independentes —que a vostedes tamén os preocupan na súa iniciativa— incumpren as súas obrigas de facilitar información sobre as súas contas, retribucións, altos cargos; entre eles, ademais, entidades dirixidas por persoas estreitamente vinculadas a Sánchez, como o CIS de Tezanos, e outras salpicadas polo escándalo do caso Koldo, como Portos do Estado ou Adif. Portos do Estado: non se localizan informes sobre o orzamento, retribucións anuais de altos cargos, responsables, modificacións de contratos, convenios subscritos, encomendas de xestión e outras contratacións. No CIS, outro tanto. O Adif non reflicte no seu portal aspectos de relevancia organizativa como plans, programas, nin facilita información dos orzamentos do organismo e a execución dos mesmos, nin, por suposto, auditoría ou fiscalización. Por iso, —repito— ¿é este o modelo de transparencia polo que vostedes avogan? ¿É este? Seguindo co Adif...

Mire, ¿non será acaso o seu modelo de transparencia o da trama da señora Pardo de Vera, que se está a estender por toda Galicia? Aínda está por aclarar a súa participación, como directora xeral de explotación e construción do Adif, na venda de terreos da empresa pública no barrio de Cornes, cuxa poxa, a pesar de ser a xoia dos terreos desafectados polo Adif en Santiago, quedou sorprendentemente deserta. Iso si, para seren posteriormente adquiridos por Grupo Arial co seu marido á fronte, que tamén participa no proxecto da nova Hernán Cortés en Vigo, onde o metro cadrado oscilará entre os 2.500 e os 4.000 euros.



Pero é na Coruña onde a trama Pardo de Vera alcanza a súa verdadeira dimensión. Porque o pasado mes de abril a expresidenta de Adif e exsecretaria de stado de Transportes foi presentada a bombo e platillo por Inés Rey (*O señor Rodríguez Martínez amosa un documento.*) como directora do Plan estratéxico da Coruña 2020-2030 e 2020-2050. No día de hoxe, case medio ano despois, o seu nomeamento nin pasou pola Xunta de Goberno nin se deron a coñecer as condicións nin as achegas propostas para realizar o seu traballo. Pode que isto teña que ver —non sei, chámenme suspicaz— co feito de que ata finais deste mes vai seguir cobrando a súa indemnización como secretaria de Estado. Pero o que é certo é que asiste regularmente ás reunións de carácter estratéxico onde se decida o futuro desenvolvemento urbanístico da cidade.

Miren, nós non temos nada en contra de que a señora Pardo de Vera se gane a vida como lobbista, pero o que non é nin ético nin estético é que o faga cos cartos dos coruñeses e, aínda por riba, con serias dúbidas de que realmente estea a defender os intereses xerais dos coruñeses. (*Aplausos.*) ¡É que isto é o colmo! E veñen aquí falar de boas prácticas.

Está acreditada a vinculación da señora Pardo de Vera en varios dos desenvolvementos urbanísticos da Coruña, ben a través unha vez máis do seu marido, como ocorre en San Pedro de Visma, ou ben directa e persoalmente, como ocorre co pelotazo urbanístico que se pretende perpetrar nas Xubias, ao actuar como asesora do grupo Suízo Ginkgo Advisor, ao que a alcaldesa Inés Rei vén de regalar o desenvolvemento deste barrio singular e situado a pé de ría. É patente a incompatibilidade derivada dun máis que evidente conflito de intereses. Polo tanto, non pode ser nomeada. Se está nomeada, debe ser cesaba e, se non o está, non se pode nomear esta muller como directora do Plan estratéxico da Coruña. (*Aplausos.*) ¡É incomprendible! Todo isto, con independencia da súa implicación no caso Koldo, onde se solicitou estes días formalmente a súa imputación, ao recoñecer que puxo a trama en contacto co Adif, tal e como exaltos cargos da empresa xa declararan. Pero a súa falta de idoneidade non ten que ver con esa posible imputación. Nós respectamos a presunción de inocencia e non estamos a afirmar que se cometese ningún delito. Por certo, señora Iglesias, saiba vostede que a imputación falsa dun delito é un delito. Pero, insisto, nós non estamos a imputar ningún delito. Pero, señorías do PSOE e do BNG, que apoian o Goberno municipal na Coruña, o umbral da dignidade para ocupar un cargo público non o marca só o Código Penal; ¡márcao tamén a decencia e o decoro no desempeño do mesmo! (*Aplausos.*)

Salvo que o seu modelo de transparencia sexa o que están a desenvolver na Coruña, co BNG dicindo que chove. A Coruña, onde a valedora do pobo vén ratificar a falta de transparencia do seu Goberno en resposta a unha queixa formulada por este grupo, logo de 227 solicitudes de copia do expediente non entregadas pese a ter dereito a elas. E veñen falar de publicidade na contratación, cando non están —e a valedora tamén vén pedir explicacións diso— publicados os contratos do Instituto Municipal Coruña Espectáculos. ¡Nin o primeiro! ¡Nin un só de toda a súa historia! (*Aplausos.*)

E remato xa. Piden na súa iniciativa planificar a actividade contractual, identificando as necesidades que se van reiterar ou manter ao longo do tempo. Miren, desde que gobernan na Coruña levan pagado 8931 facturas irregulares, un total de 164 millóns de euros. Si, escoi-



taron ben: 164 millóns de euros pagados en facturas que o interventor dixo que non se podían aboar...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: ...por estar sen contrato ou por omitir requisitos esenciais. Repito —e conclúo xa, presidenta—: ¿esta é a transparencia que veñen reclamar? ¡Vostedes veñen aquí denunciar un arrefriado en materia de transparencia, cando nas administracións nas que gobernan teñen pneumonía! Sei que non poden rebater ningunha destas afirmacións, porque o verdadeiramente grave é que son todas certas. Pero o que si me gustaría saber ao remate desta iniciativa é cal é o modelo de transparencia ao que aspiran: ¿o de Pedro Sánchez, o de Isabel Pardo de Vera ou o de Inés Rey?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda de peche para a autora da proposición non de lei. Ten novamente a palabra a señora Iglesias.

Recorde posicionarse sobre a emenda.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, vicepresidenta.

Señor Rodríguez, que puntería ten. A verdade é que o PP é o único partido condenado por corrupción como persoa xurídica en España. O único partido político. No día de hoxe ten máis de trinta causas pendentes penais por corrupción: Gürtel, Lezo, Púnica, Erial, Kitchen, Taula... ¿Sigo ata trinta causas pendentes xa no día de hoxe por corrupción? *(Murmurios.)* É o único partido político condenado por corrupción en España.

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Silencio, por favor!

A señora IGLESIAS REY: Evidentemente, non lles gusta que lles digan as verdades á cara. Eu enténdoo tamén... *(Interrupcións.)* Por favor, ¿podo seguir?

Como dicía ao inicio, señor Rodríguez, evidentemente isto vai de exemplaridade e de facer o correcto cando ninguén te estea mirando; de xestionar de forma eficiente os conflitos de interese que se constatan, se detectan, se xestionan; se existen favoritismos nos contratos a dedo que adxudica a Xunta de Galicia... Porque é evidente que hai vínculos familiares e persoais. É un feito irrefutable que hai vínculos familiares. Non deberíamos ver como normal que exponencialmente se incremente a contratación pública a empresas do grupo Eulen ou a empresas do cuñado do presidente da Xunta de Galicia. Non debería ser normal, señorías, non debería ser normal.

Evidentemente, o Goberno debería ter sempre como premisa que as súas decisións políticas deben atender o interese público, o interese da cidadanía. Iso significa non xestionar



os intereses particulares, xa sexan para un partido político, o Partido Popular, ou xa sexa para intereses dunha rede clientelar ou de lazos persoais ou familiares. Diso vai este debate, señor Rodríguez, de integridade, de transparencia, rexeneración democrática, de dar exemplo sen acudir a debates cheos de confrontacións e hipérboles, que evidentemente inoculan o pensamento crítico. De verdade que me parece pouco intelixente, sinceramente.

Por outra banda, existe unha fenda moi relevante no cumprimento do principio de transparencia real. Existe. Xa o dixen antes: se acudimos á Plataforma de Contratos do Sector Público de Galicia, ao Rexistro de contratos e ao Portal de Transparencia, pois evidentemente esperamos que melloren e que se faga un sistema de información onde toda a información coincida e que todos os datos sexan coincidentes. Polo menos fagan iso, que tampouco é moi complicado, digo eu.

Se ollamos cara a dentro da Xunta, obsérvase que a mesma segue sendo unha administración excesivamente burocratizada, pegada ao expediente administrativo electrónico e moi opaca na contratación menor. É un feito, hai un sistema obsoleto de transparencia e evidentemente poden buscar exemplos: ao mellor no Concello de Lugo, na Deputación da Coruña, onde evidentemente fan unha publicación diaria dos contratos menores. ¿Ou prefiren o *modus operandi* da Deputación de Ourense? Que realmente todas as obras do POS —do Plan de obras e servizos— se adxudicaban con contratos menores a dedo a tres empresas da contorna da Deputación e que afeou o informe do Consello de Contas cando fiscalizou as catro deputacións provinciais. ¿Prefiren ese modelo? Creo que si, ¿verdade?

Logo deste debate, eu lanzo as seguintes preguntas, para que todos podamos reflexionar cando remate esta sesión plenaria: ¿pode haber abuso ou trato de favor en 1.311 facturas asinadas entre 2018 e 2023 polo Goberno galego por importe de cinco millóns de euros a favor de empresas do Grupo Eulen? ¿Pode haber fraccionamento cando se repiten contratos menores con entidades co grupo Eulen co mesmo obxecto e co mesmo órgano de contratación, troceando de forma repetitiva, por exemplo, o contrato de seguridade no Sergas, contratos de servizo de limpeza das escolas infantís, o contrato do servizo de azafatas e figurantes na Compañía de Radio e Televisión de Galicia?

En definitiva, como dixen o noso voceiro no debate de investidura, José Ramón Gómez Besteiro, un dos retos da nosa oposición será que sexa útil e realista e será tamén fortalecer as nosas institucións e pular por unha forma de facer política ben distinta...:

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora IGLESIAS REY: ...máis transparente, máis limpa, máis honesta e propositiva.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¿A emenda?

A señora IGLESIAS REY: Acéptase a emenda.



A señora PRESIDENTA (Candía López): Acéptase a emenda.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Si? Déanlle voz ao escano...

O señor GARCÍA COMESAÑA: Para responder a unha alegación.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Déalle voz... Ah, perdón. Señor Comesaña, dígame, ¿para que quere a palabra?

O señor GARCÍA COMESAÑA: Para responder a unha alegación do señor Iago Tabarés.

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¿Aludiuno no debate?

O señor GARCÍA COMESAÑA: Si.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Diga.

O señor GARCÍA COMESAÑA: Digo que ás veces é difícil estar aquí sentado e escoitar cousas como as que escoito permanentemente cando se fala de sanidade. Hoxe é un exemplo claro. Non sei se por ignorancia ou mala fe fálase de contratos menores no ámbito sanitario. Eu creo que todos vostedes deberían saber, vostede especialmente... *(O señor Tabarés Perez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)* —bueno, se me permiten—. Deberían saber que os fármacos que se contratan no Servizo Galego de Saúde, ao redor de oitenta millóns de fármacos cada ano, a maior parte deles hai que contratalos por contratos menores sen concurso. Os fármacos que vostede toma, que tomamos cada un de nós, probablemente están contratados a dedo; a dedo para cada paciente, en particular. Os fármacos quimioterápicos, moitas destas probas que vostede di ou equipos que se estragan ou esa resonancia da que vostede falaba hai que mercalos por contratos dese tipo.

Se vostedes non coñecen esa realidade, ánimoos a que a coñezan e a que, por suposto, o Goberno cambie a lei para que se poida contratar doutra maneira.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Rodríguez Martínez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que elabore un estudo dos custos que suporía o rescate e a gratuidade da autoestrada AP-9

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia que leva o número 11706, rexistrada por don Carlos López Font.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva, que quedará redactado co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que elabore un estudo, serio e minucioso, sobre o custo que suporía o rescate e a gratuidade das autoestradas de xestión autonómica —AG-55 e AG-57— e a dar traslado do seu resultado ás forzas políticas con representación nesta Cámara.»)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a proposición non de lei, e por tempo de oito minutos, ten a palabra don Roberto Rodríguez Martínez.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, señora presidenta.

Bo día de novo.

Para que sirva de aviso nisto das alusións, eu xa veño insultado da Coruña. É dicir, non se preocupen, a min alí chámanme unha ducia de veces «basura» e outra ducia «sinvergüenza», co consentimento e o beneplácito da nosa alcaldesa —que tamén é a miña—, simplemente por dicir as mesmas verdades que hoxe dixen aquí.

Imos xa coa proposición. Foi no ano 1995 cando o entón xornalista deportivo da TVG, Benito Cores, inventou a pregunta total, dirixida entón a Arsenio Iglesias, lenda do deportivismo e que coma poucos encarnou a forma de sentir e pensar dos galegos cando, micro en man, lle espetou aquilo de «Arsenio, ¿que?» Este pasado domingo podiamos ler na prensa escrita unha entrevista ao presidente de Rueda na que se facía balance da reunión que, logo de sete meses de espera, mantivo co presidente Sánchez. Fixen unha pregunta directa: Presidente Sánchez, ¿ides votar no Congreso «si» ou «non» á transferencia a Galicia da autoestrada? Non foi quen de contestar. Non dixo nada. Iso tamén é un toque para o BNG, que apoiou a investidura. Esta foi a resposta do presidente Rueda á pregunta formulada acerca dos avances na transferencia da AP-9, pero o certo é que tratándose de Sánchez e de Galicia, o xornalista autor da entrevista Xosé Gago, ben podería ter parafraseado a pregunta total de Benito Cores a Arsenio e, á vista do continuo desleixo co que o Goberno do Estado trata Galicia, podería ter sido un sonoro «Sánchez, ¿que?» *(Aplausos.)*

Porque, entre outros compromisos pendentes por parte do Estado, Galicia aspira dende hai quince anos a xestionar a súa autoestrada. Por iso, exiximos e seguiremos a exixirlle ao Goberno que atenda ao acordo unánime desta Cámara, referendado no Congreso dos Deputados hai apenas tres meses, de transferir a Galicia a competencia sobre a xestión da súa autoestrada nos termos indicados nesa proposición de lei orgánica de transferencia. Isto é, por un lado asumir as repercusións económicas e financeiras dos convenios en vigor, das actuacións en infraestruturas xa comprometidas e as necesarias no futuro que non sexan responsabilidade da Xunta de Galicia; en concreto, a posible nulidade das prórrogas. E, por outro lado,



asumir a dotación económica necesaria para ampliar as bonificacións e eliminar o incremento extraordinario do un por cento durante vinte anos acordado polo Goberno socialista do señor Zapatero.

Pero, por desgraza, crece a desconfianza sobre a posibilidade de que esta lexítima demanda vaia ser unha realidade a curto prazo. Desconfianza baseada na falta de vontade expresada polo propio Goberno; primeiro polo ministro de Transportes, o señor Puente, e o pasado venres polo propio presidente Sánchez ao non responder á pregunta que lle trasladou o presidente Rueda sobre o seu apoio ou non á transferencia.

Desconfianza tamén baseada na frivolidade coa que o Goberno aborda o custo deste compromiso. O propio ministro de Transportes, o señor Puente, á parte de mesturar custos de transferencia con custo do rescate, dixo primeiro que o custo estaría entre 1.260 millóns e 2.600 millóns de euros, logo que estaría entre 2.500 e 4.000 millóns de euros e que, por último, a conta redonda serían 6.000 millóns de euros. Calquera día o señor Puente vai dicirnos que, como o ferrocarril, a AP-9 vive o mellor momento da súa historia. É o que lle falta. O certo é que a cantidade na que o Goberno central valora a transferencia da competencia varía —a pesar de que transferencia, rescate e cantidades son conceptos independentes, avaliábeles independentemente— segundo aumentan as incongruencias e contradicións dos dirixentes socialistas sobre este compromiso; alí e aquí.

Todo parece apuntar a que, novamente, vai ser o Partido Popular o que teña que velar polo cumprimento da promesa electoral feita polo señor Besteiro. Prometeunos aos galegos a gratuidade da AP-9 e da AP-53 e cada vez é máis difícil non pensar que foi unha estafa electoral en toda regra.

E, por iso, pese ao avance que supuxo a toma en consideración polas Cortes xerais desta lei orgánica, dubidamos da vontade real do Goberno e dos seus socios para acadar unha AP-9 cen por cento galega e cen por cento libre de cargas. Por iso, hoxe volvemos aquí pedir humildemente rigor e humildade. Rigor que se materialice na elaboración por parte do Goberno de España dun estudo serio e minucioso sobre o custo que suporía o rescate e a gratuidade da AP-9 e unidade para que se cumpra a que foi unha demanda unánime das forzas políticas galegas.

Esta Cámara tamén aprobou no pasado mes de maio outra proposición na que se instaba a Xunta a demandar do Goberno central a anulación das prórrogas, a asunción da xestión directa da autoestrada, a supresión das peaxes e o impulso da transferencia da AP-9 e a ser parte activa deste procedemento a través dun estudo no que se avaliarían as vías xurídicas e os custos económicos que tería para o Estado esa transferencia da xestión da AP-9 a Galicia. (*Aplausos.*)

Ese estudo, encargado pola Xunta e realizado por unha empresa experta, independente e de acreditada solvencia, foi presentado a principios deste mes pola conselleira de Vivenda, Planificación e Infraestruturas. Analiza o custo da transferencia e o rescate desde os puntos de vista económico e xurídico, abordando dous posibles escenarios. O primeiro deles, transferencia sen rescate. A transferencia da titularidade da AP-9 de acordo co previsto na proposición de lei que se tramita no Congreso suporía un custo de algo máis 526 millóns de euros



e suporía o mantemento do contrato actual. O custo da transferencia en si é de cero euros, pero hai que ter en conta os custos derivados do mantemento e extensión das bonificacións existentes e pendentes e da eliminación do incremento extraordinario do un por cento durante vinte anos. Quero salientar que este custo é practicamente o mesmo que lle vai custar ao Estado a anunciada liberalización da AP-7 en Alicante, cifrada en 400 millóns de euros. É dicir, a unha autoestrada que ten unha alternativa libre de peaxes, 400 millóns; pero a Galicia néganselle eses cartos para que poidamos xestionar a nosa autoestrada. Sánchez volve dicirnos «non» e todos vostedes tragan. O escenario dous, transferencia e rescate, suporía a resolución do contrato e o rescate da concesión, movéndose o custo do rescate entre os 1.612 millóns e os 2.355 millóns en función das distintas opcións para o cálculo do lucro cesante.

Polo tanto, a Xunta vén de aportar o seu grao de area nese rigor que estamos a pedir. Pero de nada serve o rigor se non o acompaña a unidade. E, como xa dixen, en maio esta Cámara aprobou unha iniciativa con estas demandas. Tres semanas despois, o Congreso aprobou unha moción cun texto idéntico ao aprobado aquí por unanimidade; pero xa non houbo unanimidade, porque alí o Partido Socialista xa non votou a favor. Tres semanas lle durou a defensa da transferencia e a gratuidade da AP-9. E a pregunta é: ¿esta abstención é o anticipo doutras quince prórrogas á tramitación parlamentaria da transferencia? ¿É o anticipo doutros cinco anos de boicot socialista á transferencia, coa compiacencia dos seus socios do Bloque Nacionalista Galego? Están a tempo de rectificar.

Remato. A Xunta leva desde 2009 reclamando a transferencia da titularidade da AP-9, para acadar unha xestión máis eficiente, pegada ao territorio, e ofrecer unha resposta máis áxil e acertada ás necesidades dos galegos. Galicia merece un trato xusto e equitativo que o Goberno de Pedro Sánchez, co apoio dos seus socios, lle está a negar. É tempo de cambiar e comprometerse firmemente co que lles prometeron aos galegos.

O Partido Socialista debe comprometer o seu apoio á transferencia, que, por cuarta vez, aprobou unanimemente esta Cámara. O primeiro paso é empezar por facer un estudo serio e rigoroso sobre o custo que suporía unha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuíta. E o BNG o que debe de facer é comprometerse a, de non ser así, retirarlle inmediatamente o seu apoio. Non hai outra posibilidade para que poidan recuperar a dignidade de quen di defender os intereses de Galicia en Madrid.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra don Carlos López Font.

O señor LÓPEZ FONT: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e todos.

Non sei quen informa o señor Ojea, pero asegúrolle que as luces de Vigo foron aprobadas en mesa de contratación. Non se fíe de calquera, señor Ojea; tenme moi cerca e podo informalo de primeira man.



Quédame a dúbida de quen representa o PP; se o señor Rodríguez cando di que o rescate da AP-9 para o PP é tan fácil como darlle a un botón ou se é a señora Amigo cando di que non se pode facer o rescate da concesión do Cunqueiro. Di máis a señora Amigo: «*Los contratos públicos hay que cumplirlos.*» ¿Entendo, señor Rodríguez, que tamén vale isto para a AP-9? A maiores, o conselleiro de Sanidade aquí dixo textualmente: «Cando piden rescatar a concesión, ¿están pedindo realmente que indemnizemos a concesionaria con centos de miles de millóns de euros? Sinto dicirlle que nun Estado de dereito os contratos públicos cúmprense.» Emenda á totalidade do señor Rodríguez.

Miren, en calquera debate que se produza nesta Cámara sobre as solucións á AP-9, o PP debería iniciar as súas intervencións pedindo perdón, porque seguimos pagando por unha decisión do Goberno do PP no Estado, con Aznar de presidente. (*Aplausos.*) Na media hora que durará este debate, señor Rodríguez, centos de galegos aboarán unha peaxe que xa debería estar eliminada desde 2023. A hipocrisía do PP é maiúscula á hora de culpabilizar os demais das decisións que teñen a marca e o selo do PP, que é, nin máis nin menos, que preocuparse dos beneficios dalgunhas empresas en detrimento do interese xeral.

A privatización, non o debemos esquecer, e ampliación da concesión da AP-9 é un claro exemplo das operacións deseñadas desde os despachos ministeriais do PP para favorecer intereses empresariais; como digo, marca da casa. Da mesma forma que desde San Caetano se fabricou a operación do Hospital Cunqueiro, castigando as galegas e os galegos a pagar 470 millóns de euros de sobrecusto.

Como ao PP non lle custa repetir as cousas, aos socialistas tampouco nos custa contestar á demagogia do PP cada vez que sexa necesario. Se polos socialistas fose, señor Rodríguez, a concesión terminaría en 2023. Pero tivemos a mala sorte de que gobernaba Rajoy, coa cobertura dunha ministra de Fomento da nosa terra. A toma en consideración de medidas tendentes á gratuidade da AP-9 ten a marca socialista. Repetímolo: a gratuidade é o importante e congratulámonos de que o PP asuma por fin a nosa reivindicación, facéndoa figurar expresamente na súa proposta que defende.

A redución de peaxes foi algo que nunca se plantearon os gobernos de Rajoy. En cambio, si foi unha decisión dos gobernos de Pedro Sánchez. Tanto é así que obrigou o Goberno de Galicia a mal imitar esa redución nas autoestradas que xestiona directamente o Goberno galego. Por tanto, non nos cansaremos de sinalar o auténtico culpable, que é Aznar.

Os socialistas apostamos por unha redución progresiva das peaxes que nos conduzan á gratuidade total da AP-9. Como ao PP hai que explicarlle as cousas máis sinxelas, que interesadamente non queren entender, teño que dicirlles que esas reducións saen dos orzamentos xerais do Estado. É dicir, cubrir o pufo que nos deixou Aznar require de consignar partidas de gasto para cubrir o beneficio destinado aos galegos. Iso faise desde a vontade política, desde a consignación orzamentaria —que xa quixesen outros territorios— e, sobre todo, desde a aprobación duns orzamentos do Estado.

É aquí onde nos achegamos á maior mentira e hipocrisía do PP, porque o PP distínguese por demandar de todo ao Goberno central, desde Génova e tamén desde a sucursal de San Cae-



tano. Pero, cando chega a hora de consignar as dotacións orzamentarias que aliviarán as peaxes, o PP vota en contra. É bo que os galegos e galegas lembren que as bonificacións das que actualmente gozan tiveron o voto en contra do PP no Congreso, e as que veñan tamén terán o voto en contra.

Por tanto, sería bo que todo aquilo que o Goberno de Galicia e o PP solicitan do Goberno do Estado contase cun compromiso favorable de voto cando toca votar os orzamentos xerais do Estado. Nunca foi así e non será mentres Feijóo decida e Rueda asuma os intereses do PP no Estado á marxe dos intereses de Galicia.

Porque isto puidémolo comprobar o pasado venres na entrevista de Rueda co presidente do Goberno, o tan apreciado aquí Pedro Sánchez. O presidente do Goberno de Galicia non foi defender os intereses dos galegos; foi trasladar a axenda política de Feijóo, sumarse ao coro de presidentes autonómicos do PP máis interesados en impulsar a Feijóo que en defender de forma obxectiva os intereses das súas comunidades. Igual empuxan tanto a Feijóo que o despeñan polo barranco, como xa lle gustaría á presidenta da Comunidade de Madrid.

O PP en España debería explicar como é capaz de renunciar a 12.000 millóns de euros para as comunidades autónomas e a 5.100 millóns de euros para os concellos, se non é por un interese partidista que antepoñen ao interese xeral.

E vindo ao que nos importa. En Galicia, desde San Caetano, sucursal da rúa Génova, o PP debería explicar por que Rueda se nega a falar dun financiamento singular para Galicia e dunha condonación da débeda. Rueda súmase, en nome dos galegos, ao coro frentista do PP ao dicir que Galicia non quedará coas migallas do banquete doutros. É dun infantilismo político indignante, impropio de quen representa a Galicia... Afirmar isto significa empequenecer Galicia, dar por feito que estamos máis pendentes dos demais que dos nosos lexítimos dereitos.

Galicia debe ter voz propia, como comunidade histórica; defender o mellor para nós. Desde a solidariedade, si, pero con voz firme sen importar se agradamos a Feijóo e a Isabel Díaz Ayuso. Deixe de preocuparse dos demais, señor Rueda, porque só demostra a incapacidade para ser o presidente que Galicia necesita.

Volvamos á AP-9. Como non teñen forma de tapar as súas vergonzas sobre este tema, agora agárranse á denominada guerra dos informes e das cifras. Claro que a transferencia a Galicia e do rescate da concesión custa millóns. Claro que si. É unha vergonza, señor Rodríguez, que veña presumir aquí dun informe que descoñece o Parlamento. É unha vergonza. E, polo tanto, tampouco teñen autoridade moral cando lle piden ao Goberno do Estado un rescate que non piden para as autoestradas autonómicas que vostedes xestionan. Polo tanto, preguntolles: ¿non están vostedes de acordo en que o obxectivo é que os galegos circulemos por toda Galicia en estradas de forma gratuíta?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor LÓPEZ FONT: Remato. ¿Quéreme contar que diferenza hai entre pagar unha peaxe en Santiago de Compostela e outra en Baiona?



Ben, axudámoslles a emendar o seu esquecemento coa presentación dunha emenda de adición para que ese estudo que vostedes queren sobre a AP-9 se realice tamén sobre as autoestradas de xestión autonómica. E, iso si, señor Rodríguez, unha vez que fagan o estudo sobre as autoestradas autonómicas e a posibilidade de rescatar e de gratuidade...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor LÓPEZ FONT: ...—ao que imaxino que non se negarán—, dean conta a este Parlamento. Porque vir presumir dun informe que descoñece a soberanía deste Parlamento...,

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor LÓPEZ FONT: ...desde logo, descualifícao.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Quenda do Grupo Mixto, señor Ojea. (*Negación.*) Renuncia á súa quenda de intervención.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Paulo Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, presidenta.

Señor Rodríguez, sempre que o Partido Popular vén aquí falar da AP-9 a verdade é que a sensación que deixan é que son vostedes líderes no cinismo, no cinismo máis absoluto. E neste caso, hoxe con esta intervención, con esta iniciativa vostede redobra a aposta para ser aínda máis cínico.

Efectivamente, en maio deste mesmo ano aprobábase aquí por unanimidade unha iniciativa —non dixo vostede que, ademais, foi o BNG quen a trouxo aquí— onde aparecía que a Xunta de Galiza tiña que facer eses estudos económicos e xurídicos para toda a cuestión do rescate da AP-9, o que vostede pide hoxe aquí para o Goberno do Estado. Pero, señor Rodríguez, hai un problema e é que vostedes deron unha rolda de prensa o día 5 de setembro para dicir simplemente cantos miles de millóns ou cal era a diferenza entre a Xunta e o Estado no rescate da AP-9. ¡Pero é que este Parlamento aínda non ten ese estudo na man! Nin desde o punto de vista xurídico, que non falan absolutamente nada del, pero tampouco do económico. ¿Como imos debater aquí algo se vostedes vetan e secuestran completamente a información mentres lle piden ao Goberno do Estado que faga todo o que vostedes non fan? Loxicamente, hai que exixirlle ao Goberno do Estado que faga estes informes e faga estes estudos de viabilidade económica e xurídica. Pero vostedes non son aquí ninguén para vir poñerse unha medalla, cando fixeron todo o contrario. Un informe secuestrado polo Partido Popular, filtrado simplemente á prensa vía rolda de prensa. Ademais, é unha rolda de prensa que lles custou bastante cara aos galegos e ás galegas: 18.000 euros que valeu ese informe, simplemente pagados por unha nova arma arreboladiza que tirarlle á cabeza ao Goberno de Pedro Sánchez. Señor Rodríguez, deixen de utilizar o pobo galego como refén das súas tácticas partidistas. (*Aplausos.*)



Porque a vostedes non lles importa a AP-9, nin sequera lles importa este Parlamento. Se lles importase un mínimo, se tivesen un mínimo de respecto a este Parlamento, teríamos ese estudo na man; vinte días despois da rolda de prensa da Consellería teríamos ese estudo na man e poderíamos debater algo de verdade. Pero a vostedes o único que lles interesa é poder meterlle o dedo no ollo ao Goberno de Pedro Sánchez. Nunca lles interesou a cuestión da AP-9 máis que para forrar os seus amigos e amigas, neste caso da empresa Audasa.

Señor Rodríguez —e xa llelo teño dito a outros deputados do seu grupo, aínda no anterior pleno—, aínda hoxe lembraba aquí alguén do Partido Popular a «navallada á terra». Unha vez máis: ano 1977, a navallada á terra.

Pero para vostedes todo comezou —e tamén llo dicía— no ano 2018. Efectivamente, vostede fai na súa exposición de motivos referencia ao pacto de investidura entre o BNG e o Partido Socialista. Efectivamente, ese pacto fixo que hoxe teñamos unha rebaixa nas peaxes que pagamos, grazas ao BNG. Vostedes, señores do Partido Popular, non tiveron ningún pacto de investidura nin un pacto de goberno que lles permitise meter estas cuestións para que se cumprisen. Vostedes tiveron gobernos con maiorías absolutas en Madrid e isto é o que facían, señor Rodríguez, pode velo aquí. (*O señor Ríos Santomé amosa un documento.*) A verdade é que non o imprimín en A3 nin a cor, pero creo que nos podemos entender: «*El Gobierno de Rajoy veta de nuevo el traspaso de la AP-9 que apoya Feijóo*». «*Tras el rechazo con Rajoy, el PP pide al PSOE que apoye el traspaso de la AP-9*». Señor Rodríguez, é que xa non llo digo eu; sácallo a prensa. A AP-9 só lles interesa para poder guerrear con Pedro Sánchez; non lles importa absolutamente nada máis.

Pero, á parte de facer isto, cando gobernaba Rajoy e vostedes tiñan o Goberno, que vetaban sistematicamente a transferencia da AP-9, vostedes fixeron algo máis nesos anos de goberno. E non sei se vostede se lembra de onde estaba o día 30 de decembro do ano 2017, señor Rodríguez. Eu, por desgraza, si que me lembro de onde estaba. Estaba nas inmediacións da ponte de Rande coa veciñanza do Morrazo e coa veciñanza de Chapela, recibindo paus da Policía Nacional cando nos manifestamos, co señor Rajoy á cabeza e o señor Feijóo á cabeza, porque estaban inaugurando unhas obras da ponte de Rande aínda sen acabar coa única excusa de que dous días despois, o 1 de xaneiro do ano 2018, Audasa puidese aumentar as peaxes. (*Aplausos.*) Eu estaba alí ese 30 de decembro, señor Rodríguez. (*O señor Ríos Santomé amosa un documento.*) Así o recollía a prensa, ademais: «*Rajoy inaugura la ampliación de la AP-9 con 11 millones de euros en obras sin terminar*». E dicía ademais: «*El presidente del Gobierno y Ana Pastor, protagonistas del acto de apertura de los nuevos carriles del puente de Rande, en el que Feijóo...*» —o presidente naquel momento da Xunta— «*...ha evitado reivindicar la transferencia de la autopista a la Xunta*». ¡Señor Rodríguez, tan bravos e bravas aquí e tan dóciles cando en Madrid están os seus! (*Aplausos.*)

Iso non o pode atopar no BNG. O BNG sempre, dende esa «navallada á terra» —que loxicamente o BNG nin existía, pero iso a vostedes dálles exactamente igual—, desde os anos 70 nós podemos estar perfectamente orgullosos e orgullosas da nosas posicións e do noso pasado. Iso eu creo que vostedes non o poden dicir. Non o poden dicir, señor Rodríguez. Porque, ademais, utilizando unha figura retórica que vostede traía aquí, hai outras preguntas que se nos veñen á cabeza: Aznar, ¿que?; Rajoy, ¿que?; Feijóo, ¿que? ¿A que andaron todos estes anos, señor Rodríguez? Ve-



tando a transferencia no Congreso cando Ana Pastor era ministra e Rajoy o presidente do Goberno. ¿Onde estaban vostedes cando tiveron a oportunidade estrela nesta inauguración dos carrís da Ponte de Rande —que serviron, como lle digo, para que dous días despois Audasa puidese subir as peaxes en obras sen terminar— e o señor Feijóo decidiu que aquel non era o momento de *importunar al jefe* con cuestións provincianas da transferencia da AP-9 e estas cousas.

Aquí dende o BNG levamos a mesma postura sempre: en defensa do pobo galego e dos seus intereses. Sempre, sempre, sempre; governe quen governe en Madrid, señor Rodríguez. E por iso hoxe imos votar a favor da súa iniciativa. Entendemos que realizar estudos rigorosos tanto desde o punto de vista técnico como xurídico é algo totalmente fundamental para poder atallar esta situación.

Agardo tamén que o Partido Popular faga gala da súa coherencia histórica neste asunto e nos pase os informes e os estudos que fixo a Xunta de Galiza e que lle custaron 18.000 euros dos galegos e das galegas. Esperamos telos algún día, cando menos para poder debater de verdade e non simplemente filtrar datos sen ningunha base contrastable nin minimamente axeitada nunha rolda de prensa, señor Rodríguez, porque así non se fan as cousas.

Iso demostra unha vez máis que o Partido Popular utiliza as institucións —neste caso a Xunta de Galiza— de xeito totalmente partidario para beneficiar a táctica partidista de Xé-nova e sempre, sempre, sempre en detrimento dos galegos e das galegas. Se queren un lema que repetir de aquí en diante, poden seguir repetindo o da «navallada á terra». Porque, ademais, loxicamente tiñamos razón, por desgraza, porque dividiu este país aínda máis en termos de infraestruturas. Pero poden apuntar este outro lema, señor Rodríguez: «¡AP-9 galega e libre de peaxes, xa!».

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do autor da proposición non de lei. Ten novamente a palabra o señor Rodríguez.

Recorde posicionarse sobre a emenda, tamén.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Señor Font, daquela, ¿quen representa o PSdeG? ¿A señora Espinosa cando pide o rescate do Cunqueiro ou vostede cando defende a concesión da AP-9? Claro, home, é que estas son cousas que van nun sentido pero logo volven.

Mire, sabido é —e hoxe vólvo aclarar— que vostedes non están cómodos xestionando o presente. Están moito máis cómodos xestionando o pasado en calquera ámbito; tanto dá que sexan ditaduras como infraestruturas. Dá igual, o que faga falta menos xestionar o presente. Por iso os galegos nos elixen maioritariamente a nós para facer aquilo ao que vostedes renuncian: xestionar o seu presente para ter un mellor futuro.

Pero o problema que vostedes teñen é que estamos en 2024 e que a transferencia e a gra-tuidade da AP-9 son responsabilidade e competencia do Goberno que preside o señor Sán-



chez, co seu apoio total e absoluto. Iso si; AP-9, non, pero o seu apoio gratuíto a ese Goberno si. E van xa cinco anos sen que se dese nin un só paso adiante. ¡Cinco anos!

Non imos aceptar a emenda do Grupo Socialista. O seu Goberno en Madrid castiga os galegos coas autoestradas máis caras de Europa e veñen aquí desvirtuar o debate para que pareza que todos somos iguais. Señor Font, aplíquense en que as bonificacións prometidas por ambos sexan unha realidade e non veñan enredar. Preséntenlle unha emenda, ¿sabe a quen? Ao ministro Puente, ¡pero á totalidade! Preséntelle unha emenda á totalidade ao ministro Puente. Vostedes prometéronlles aos galegos unha AP-9 galega e gratuíta e no día de hoxe nin é galega nin é gratuíta. É máis, pagamos máis que nunca pola AP-9.

Do servilismo irrelevante do PSdeG ao partido sanchista xa non podemos esperar outra cousa. Pero vostedes, señorías do BNG, non poden vir a esta Cámara pleno tras pleno e falar da AP-9 como se a situación actual non fose con vostedes. Señor Ríos, a ver, vostede vén aquí reivindicar a moción do mes de maio, que é certo que era unha moción do BNG que lle pedía á Xunta elaborar un estudo. Tres meses despois está elaborado e ¿cal é o problema? ¡Non lle gusta! (*O señor Ríos Santomé pronuncia palabras que non se perciben.*) Pero imos ver, ¿como non vai votar a favor se lle estamos a pedir o que o seu Goberno non é capaz de facerlles?

Eu voules ler, a vostedes que tanto se gaban... Claro, é que ás veces penso que debo de estar confundido, que aqueles non eran os pactos. Miren os pactos de investidura. O de 2020: «Aprobar en el Congreso de los Diputados la Proposición de ley del Parlamento de Galicia para la transferencia de la AP-9 a lo largo del año 2020». ¡Ollo! O de 2023: nos Orzamentos xerais do Estado para o 2024 «incluír novos descontos nas autoestradas da AP-9 e a A-53». Miren, imos ver. É que claro, ¿saben cal é o problema? Que a única rebaixa que vostedes conseguiron na AP-9 foi nas súas reivindicacións, porque se baixaron e deixaron de pedir a transferencia do 2020 ao 2023. ¡Lea os seus pactos! Vólvollos traer o próximo día. O que pasa é que veñen aquí e non saben nin en que os estafou Sánchez. ¡Non o saben! (*Aplausos.*) ¡Claro! Home, eu penso que ao mellor, claro, deberon asinar así. (*Aplausos.*)

Miren, ese é o problema que vostedes teñen, e por iso vostedes son o nacionalismo que máis barato lle sae Sánchez e máis caro lles sae aos galegos. Non lles gusta escoitalo, pero é así.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Remato como empecei, citando outra resposta do presidente Rueda a unha nova pregunta acerca do balance da reunión co presidente Sánchez sobre a transferencia da AP-9: «cheguei a preguntarlle a Pedro Sánchez na reunión que ía facer o PSOE cando se votase no Congreso o traspaso da AP-9 e non me contestou, o cal é bastante intranquilizador. Faleille tamén do compromiso en campaña do seu portavoz respecto da gratuidade da AP-9, non dixo unha palabra. Faleille tamén da rebaixa nas peaxes que están no pacto de investidura co BNG e que non se fixeron efectivas; todo o contrario, Óscar Puente dixo que non había cartos para facelo...»;

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que rematar, señor Martínez.



O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: «Tampouco contestou. Polo tanto, a min, sinceramente, nunha reunión man a man deume a impresión de que os pactos acadados co BNG e mesmo o peso do BNG respecto da gobernabilidade España teñen a importancia que teñen». A frase, co permiso do presidente Rueda, remátoa eu: ¡ningunha!

E —repito— remato recordándolles...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: ...que é unha cuestión de vontade política e preguntando-lles, señorías do PSdeG e do BNG: ¿Sánchez, que?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Rematou o seu tempo.

O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coas proposicións non de lei, neste caso coa 6.4.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e D^a Silvia Longueira Castro, sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no que concirne ao incremento de prazas de persoal docente en educación primaria e secundaria logo da previsible eliminación da taxa de reposición

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non se presentaron emendas.

Para defendela, por oito minutos, ten a palabra o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Boas tardes, presidenta.

Deputados e deputadas, imos ver se recuperamos a cordura e volvemos á situación do Parlamento de Galicia, que se ten que preocupar dos problemas reais e cotiáns de toda a comunidade galega e deixar cuestións que moitas veces quedan moi bonitas, pero que non solucionan a realidade do noso país.

Ben, no pleno anterior o conselleiro de Educación tivo aquí unha intervención na que nos presentou un plan marabilloso para o próximo curso, onde incluía o feito de que iamos intentar... Ben, que iamos intentar, non... El aseguraba que iamos cara a unha educación de calidade, equitativa, que garantía a igualdade de oportunidades e inclusiva.

Desde ese momento, que era dous días antes do inicio do curso, iniciouse o curso en Galicia. E, como xa se comentou noutra proposición non de lei comentada e discutida aquí hoxe neste Parlamento, atopámonos con que as protestas, as reclamacións, as solicitudes de redución de efectivos se estenden por toda Galicia. Xa non son casos puntuais, senón que son situacións xeneralizadas e que fundamentalmente teñen que ver coa redución de efectivos e que teñen que ver coa atención aos rapaces e rapazas que teñen necesidades educativas especiais;



fundamentalmente a redución de especialistas tanto en pedagogía terapéutica como en audición e linguaxe.

Estase producindo unha situación absolutamente xeneralizada —repito— de reducións, de compartir este tipo de profesorado, a pesar de que por parte da Consellería se di unha e outra vez que iso vai ser claramente cuberto.

Ademais, non se están producindo os necesarios desdobramentos, e, cando se producen, prodúcense moitas veces co profesorado a tempo parcial, que dificilmente poden ser capaces de levar a cabo todo o traballo que corresponde e que é necesario nesa situación de desdoblamento.

Polo tanto, por un lado, estase incumprindo ese acordo coas centrais sindicais e, por outro lado, estase incumprindo a realidade para a atención dos nenos con necesidades especiais.

O propio conselleiro informou aquí que este curso 2024-2025 contará cun número récord de profesorado, que el cifrou en 31.603 —¡que exactitude, 603!— profesores e profesoras, onde incluía os 400 profesores de reforzo do programa PROA.

Nunha intervención na Comisión de Educación o propio director xeral de Recursos e Centros dixo que o profesorado PROA non ía ser profesorado, que ía ser utilizado para atender os rapaces con necesidades especiais, e que eses ían ser atendidos polos especialistas correspondentes. Ben, xa hai unha incongruencia entre as declaracións e as afirmacións do conselleiro e do seu director xeral.

E podíamos pensar: 31.603 profesores é un número, efectivamente, amplo. Ben, imos ir a datos históricos da propia Consellería. No curso 2020-2021 a Consellería declara ter 31.392 profesores. E no curso anterior, é dicir, o curso pasado, con datos provisionais, informa de que tiñan 31.000 profesores.

Se simplemente nos axustamos á realidade dos 400 profesores do programa PROA... Hai que recordar que son profesores non de plantilla, senón profesores parciais que van ter unha contratación, normalmente, unha parte do curso e que van estar soamente... Quero recordar que o programa PROA é un programa do Ministerio, financiado polo Ministerio, pero que vai ter unha duración única e exclusivamente ata o curso 2028. Polo tanto, o que se está producindo realmente é un estancamento, como mínimo, se non unha redución do número efectivo de persoal docente que está dedicado á educación infantil e primaria dos nosos rapaces e rapazas.

O propio conselleiro afirmou que non se producía unha redución do número de aulas, senón que incluso se producía o incremento en dúas aulas; incremento amplamente significativo porque no número de aulas que hai nos 1.600 centros de Galicia prodúcese un incremento de dúas. É dicir, absolutamente ridículo. Pero imos considerar que, efectivamente, se produce ese incremento. ¿Como é posible que, se se produce un incremento, se manteñen as aulas, se teñen necesariamente que facer desdobres? O cal significa que ten que aparecer novo profesorado. Si se está producindo un incremento significativo dos rapaces e rapazas



con necesidades especiais, e seguimos mantendo unha plantilla que está arredor dos 31.500 profesores e profesoras.

Iso só é consecuencia do proceso que se produciu na educación —na educación e nos servizos en xeral— da aplicación da taxa de reposición desde o momento do Goberno de Mariano Rajoy en Madrid, que estableceu unha taxa de reposición intensa sobre os servizos públicos. Esta taxa de reposición o que xeraba é que se estaba producindo unha redución efectiva do número de profesores, e ademais esta incorporación, como dicía o conselleiro, de 1.600 profesores novos que se incorporaban este ano, non é máis que para substituír xubilacións que se produciran anos anteriores. E hai que dicir que, ademais, nesta convocatoria hai un número significativo de prazas que non foron cubertas.

Isto, ademais, coincide co momento en que se produce aquí, na nosa comunidade, un incremento de entre 140.000 a 150.000 empregados públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. E ademais a Xunta de Galicia, en xaneiro do ano 2023, ten o récord de número de empregados públicos dependentes da Xunta de Galicia, que son 117.000 traballadores e traballadoras públicas.

Polo tanto, ¿que está sucedendo? Que na educación, no profesorado de educación dedicado fundamentalmente á educación infantil e primaria —pero tamén a secundaria e a FP, porque o número global destes profesores que indica o conselleiro se refire a todos os niveis educativos— hai un estancamento no número absoluto e, sobre todo, unha redución significativa na porcentaxe ou na participación destes profesores dentro do emprego público en xeral.

Polo tanto, é necesario que por parte da Consellería se tomen medidas precisamente para producir este incremento, sobre todo —repito— no número de profesores e profesoras dedicados aos rapaces e rapazas con necesidades especiais. Precisamente é inconcibible —e despois, se queremos, xa se comentarán algúns casos— que nun centro educativo, nun CEIP, exista un rapaz cunhas necesidades importantes de dependencia e non teña asignado un coidador. ¡É que é inconcibible! É inconcibible que ese rapaz, que non pode asistir dunha forma normal ás aulas, estea absolutamente abandonado pola Consellaría. Necesítase, por tanto, persoal de apoio, que non debería formar parte do profesorado, para atender esas necesidades.

Polo tanto, o que solicitamos aquí é que por parte da Xunta de Galicia se tome a medida, xa que a taxa de reposición non será de cumprimento no ano 2025, de dotar de prazas que incrementen dunha forma significativa o número de profesores dedicados á educación infantil e primaria e, sobre todo, naquelas especialidades vinculadas fundamentalmente a terapia, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

Estanse producindo, neste sistema educativo tan marabilloso que comentaba o outro día o conselleiro, neste momento, situacións onde por redución do número de profesorado se están suprimindo itinerarios de especialización en ESO. Hai centros onde deixan de poder impartirse determinados itinerarios, porque sinxelamente desaparece un profesor de Economía, desaparece un profesor doutra especialidade e, polo tanto...



A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor ABALDE ALONSO: ...non se pode dar esa situación.

Polo tanto, o que solicitamos aquí é que por parte da Consellería se utilice esta supresión da taxa de reposición para realizar un incremento efectivo dos profesores, sobre todo dos profesores especialistas para os nenos que necesitan atención especial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do voceiro do Grupo Mixto.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidenta.

Vou ser moi breve.

Esta iniciativa está moi relacionada con outra que se debateu á mañá; entón, é previsible que a apoiemos.

Soamente vou aproveitar a miña intervención para pedirlle ao portavoz do Partido Socialista que use todo o poder que poida ter, tanto el como o seu grupo como o seu partido en Galicia, para que sexa efectiva esa eliminación da taxa de reposición canto antes, porque nos está causando moitos problemas a todos os que, dun xeito ou doutro, temos responsabilidades de goberno nalgunha Administración pública.

Entón, cóllolle a palabra. Vostede dixo que posiblemente estaría eliminada no 2025. A ver se pode ser así, e, se pode ser antes, aínda mellor. Faga todo o que poida para iso.

Nada máis. Grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona María Cristina Fernández Davila.

A señora FERNÁNDEZ DAVILA: Grazas, presidenta.

Boa tarde de novo a todas.

¡Que doado é para o Partido Popular reducir custos á custa do persoal que traballa nos servizos públicos galegos! ¡Que doado!

Neste comezo de curso, como xa quedou claro no debate anterior sobre a diversidade, os centros educativos escasean de profesorado e tamén de especialistas.



O Partido Popular dende o Goberno da Xunta está mingando claramente os cupos de profesorado de todas as escolas e institutos, e ao mesmo tempo que ofrece de xeito propagandístico repartir 400 profesores de apoio e reforzo entre aqueles centros que superen nada máis e nada menos que o 30 por cento de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo —unha manipulación en toda regra—, a realidade é que, mentres reducen as plantillas que financia a Consellería, solicitan recursos dos fondos europeos para cubrir un suposto apoio que non é suficiente nin sequera mantendo os cupos de profesorado que tiñamos o curso pasado.

Como xa comentamos tamén hoxe —e aos señores do Partido Popular non lles gusta nada—, a Consellería non asume sequera o decreto de outubro do ano pasado, o chamado «Acordo da vergoña» —lémbrollo porque sei que non lle gusta—; un acordo raquítico, unha trampa, unha fraude que non resolveu ningún problema, como os feitos están demostrando neste momento: nin redución de *ratios*, nin desdoblamento de aulas, nin profesorado de apoio. Deixan ao abandono total a quen máis o precisa. E hai unhas consecuencias claras: maior desmotivación e tamén maior número de baixas por enfermidades mentais do profesorado debido á presión de ter cada vez máis tarefas e funcións, sen apenas unha lixeira formación en moitos casos.

Estudos ao respecto indican que un 212 por cento máis de profesionais da educación que no ano 2016 rexistraron no ano 2022 incapacidades temporais por estrés, ansiedade e depresión e que até un terzo do profesorado do Estado español se sente maltratado, mentres que 1 de cada 4 se autopercibe con síntomas depresivos.

Este mesmo curso contamos en Galiza, como dicía antes na outra intervención, con 80 docentes de PT e AL menos con destino provisional con respecto ao curso pasado. Tampouco están a atender as necesidades de atención preferente de máis de 30 centros que así o demandaban. Nalgún centro incluso solicitaban varias destas especialidades preferentes.

Vostedes, o Partido Popular, dende o Goberno da Xunta, están mesturando interesadamente os datos de programas específicos acadados con fondos europeos, como é o PROA+; onde contratan profesorado que non é estable e desatenden dese xeito as necesidades do alumnado da maioría dos centros educativos.

Se temos este contexto actual, vaíamos ás políticas de contención do emprego público dende o Estado, que teñen a súa orixe, precisamente, nun acordo entre o Partido Socialista e o Partido Popular baixo o mandato do PSOE, que desembocou precisamente na reforma da Constitución e, ademais, nunha batería de medidas económicas, entre as que se atopaba unha taxa de reposición en porcentaxes extremas, como recordarán, a Lei de estabilidade presupostaria do ano 2012.

Polo tanto, o grupo que trae hoxe esta iniciativa tamén ten moita responsabilidade das consecuencias que esta medida ocasionou aos docentes galegos e galegas, mingando preto de mil prazas en todos estes anos. Entendemos que a reposición de vacantes mediante novo ingreso como funcionarios pode estar limitada por unha baixa taxa de reposición, por exemplo, para conter o gasto público nun determinado caso ou porque se considere que os efec-



tivos de persoal son excesivos para determinados servizos públicos. Neste caso, foi a instancias da Unión Europea, certamente, pero esta cuestión debía de ser algo puntual e revisable e, por suposto, isto nunca debía ser usado en detrimento destes servizos, como así aconteceu.

Agora dende o Estado planifican nos orzamentos de 2025 a supresión da taxa de reposición dos empregados públicos, máis ben tendo en conta unha previsión da xubilación dun 60 por cento nos vindeiros anos, que vai producir unha verdadeira crise na atención do alumnado. É, pois, bo momento para que a Xunta faga o propio, adopte esta iniciativa e abra as ofertas de emprego público creando máis vacantes para poder dar cobertura a todas estas necesidades que demandabamos dende os centros escolares.

Fagan vostedes dende o Goberno, a petición expresa da Consellería de Educación, previsión nos orzamentos para o vindeiro ano, avaliando primeiro incluír todas aquelas prazas vacantes que están sendo ocupadas por persoal interino, así como tendo en conta todas as peticións de profesorado estable que están a solicitar dende os centros educativos, sobre todo no ámbito rural. Asuman, pois, da mellor maneira e con persoal docente en número suficiente a redución das *ratios* e os desdobrementos das aulas para aplicar os seus propios acordos de cara a aumentar a atención e a calidade educativa, sen esquecer que hai que compensar tamén con máis efectivos esa redución horaria aplicada aos mestres e mestras neste curso escolar, que baixaron a 23 horas lectivas.

O noso grupo votará a favor desta proposta do Partido Socialista, pedindo ao mesmo tempo ao Partido Popular da Xunta que reverta as súas nefastas políticas educativas que tanto están a prexudicar o alumnado e tamén as súas familias.

Temos claro que é unha necesidade da comunidade educativa poder contar con efectivos de persoal docente e tamén de especialistas en número suficiente para poder dar a atención que merece a todo o alumnado, pero sobre todo a aquel con necesidades específicas de apoio educativo.

Porén, lembramos tamén ao Partido Popular que deben ampliar as prazas de persoal non docente naqueles institutos ou escolas nos que sexa preciso, porque é o xeito de poder min-
guar canto antes a burocracia; esa burocracia que non dan arranxado e que levan estudado varios anos para os docentes, para dar prioridade así ao alumnado e a unha formación que medre de xeito persoal e educativo no alumnado.

Non queremos ter que nomear, como se fixo hoxe en máis ocasións neste Parlamento, salvo para darlles os nosos parabéns polos seus éxitos, a máis Mauros, a máis Carlotas ou a outros Héctor. Espero que o Partido Popular non pase o rodillo unha vez máis esta tarde e se poña, por fin, do lado de toda a comunidade educativa, defendendo, iso si, os intereses deste servizo público, que é básico para a cidadanía galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra a señora Vázquez.

A señora VÁZQUEZ SUÁREZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boa tarde de novo.

A verdade é que é sorprendente esta proposición, señor Abalde, porque parte dun suposto previsible, e así o expresa: a previsible supresión da taxa de reposición polo Goberno central.

É certo que estamos acostumados a que o Partido Socialista prometa e non faga e aos constantes e preocupantes cambios de opinión: «*Nunca pactaré con Podemos*», «*La amnistía es inconstitucional*»... Por iso, perdoe que lle diga, pero este debate non é máis que fume. De feito, tal e como recolleron algúns medios de comunicación, o Goberno eliminaría esta taxa nos orzamentos de 2025. Teremos que esperar a ver se se aproba. Polo de pronto, hoxe retiraron a tramitación da senda do déficit.

Mire, o PSdeG non ten propostas para Galicia, son só altavoces de Pedro Sánchez, e con esta iniciativa non fan máis que demostralo; queren facer ruído e non saben como. Galicia traballa con certezas, con feitos e foi quen de anticiparse a todo isto, e hoxe temos unha das taxas de interinidade máis baixas de España no ensino. (*Aplausos.*) Cada curso refórzase o cadro de profesorado para dar resposta ás necesidades do alumnado. Señora Fernández, este ano temos máis profesores que nunca, a pesar da baixada de alumnos. ¿Como pode ser que empeore a atención neste marco? ¿Como pode ser que empeore, cando se conta cunha rede de máis de catro mil profesionais adicados a atender a diversidade na aula? É necesario ser conscientes e aceptar que calquera administración ten que afrontar en cada curso unha realidade ben diferente. Sempre hai que analizar cada situación e adoptar medidas antes do inicio de cada curso. A xestión e as políticas educativas non se desenvolven nun escenario fixo, sempre hai variacións no número de alumnado, que non é homoxéneo a nivel demográfico, o que obriga a adecuar o número de unidades e de profesores a esas novas necesidades.

A situación educativa é viva, modifícase dun ano para outro, e é preciso, como dicía, adecuar os recursos públicos a distintas modificacións. Pero o sistema educativo galego conta cos profesores que precisa en cada momento, tendo en conta o número real de alumnos e tamén as demandas que hai nas distintas modalidades educativas.

É certo que xa estamos afeitos ao discurso catastrofista da oposición, isto ocorre ao inicio de cada curso, pero o certo é que as clases arrancaron este curso cunha caída de 3.289 alumnos respecto do curso pasado, pero cun aumento do cadro de persoal, 31.603 profesionais. E, insisto, é a cifra máis elevada da nosa historia. Hai máis que cando gobernaba o Bipartito, a pesar da enorme caída do alumnado. Isto só demostra que o cadro de persoal é suficiente para atender correctamente as necesidades de todo, de todo o alumnado.

Estamos aínda arrancando este curso nos primeiros días e é normal que existan casos puntuais sobre os que é necesario actuar. Os equipos técnicos da Consellería están a traballar



para tratar de resolver estas pequenas demandas no arranque do curso. En calquera caso, dende a Xunta continúaase a procurar un ensino de calidade e equitativo para Galicia e para todos, para todos os nosos cidadáns, algo que tanto ao BNG como ao PSOE lles molesta. Pero temos un bo sistema educativo e un modelo propio co que conseguimos grandes avances estes anos, e xa o dixemos en diversas ocasións con respecto aos parámetros que miden a calidade, a equidade, a excelencia e, en definitiva, os resultados.

Temos o maior orzamento da historia destinado a educación, con preto de tres mil millóns de euros. Somos unha das comunidades autónomas que máis invisten por alumno: 8.075 euros fronte á media estatal de 7.043. En canto aos resultados PISA —dos que xa falamos—, en 2006, cando gobernaban vostedes, estabamos por debaixo da media da OCDE en Matemáticas e Comprensión Lectora, e hoxe estamos por enriba da media da OCDE e da española en todos os ámbitos. Somos líderes en ciencia, en pensamento creativo e tamén en equidade. *(Aplausos.)*

Seguimos poñendo sobre a mesa propostas e medidas para continuar avanzando. Xa falamos antes tamén do Plan Mega para reforzar os recursos dispoñibles nos centros e mellorar a atención a todo o alumnado. Tamén estamos desenvolvendo medidas innovadoras e pioneiras, como a ponderación do alumnado con necesidades educativas especiais para efectos de *ratios*, dous ou tres, e en función do grao de capacidade, dependencia ou trastorno grave da conduta, certificado, loxicamente, cun informe médico.

Falemos tamén das prazas. Dende o 2009 convocáronse unhas 18.500 prazas de oposición, e nos últimos anos logramos renovar un terzo da plantilla docente. Somos a comunidade autónoma coa menor taxa de interinidade en España, menos do 5 por cento, que é a inherente ao sistema. Ademais, estamos dous puntos por debaixo do 8 por cento exixido polo Goberno central e moi lonxe da media estatal, que se sitúa no 24 por cento. En concreto, este ano incorporáronse ao sistema educativo uns 1.256 docentes despois de superar o proceso. Isto é unha cobertura de case o 88 por cento das prazas ofertadas de quenda libre que corresponden a quen superaron as probas, e ademais asignáronse 22 prazas de novo ingreso para a cota de discapacidade, cubrindo preto do 21 por cento das prazas convocadas nesta tipoloxía. As prazas foron cubertas polo profesorado que superou as oposicións. Este proceso de adjudicación —tamén hai que dicilo— é unha das vías para dotar de profesorado os centros, pero non é a única.

Por iso e por todo o que acabo de relatar e expoñer, non podemos aceptar esta proposta baseada na imprevisible aprobación dos orzamentos do Goberno central nin na imprevisible supresión da taxa de reposición.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o peche, o señor Abalde.

O señor ABALDE ALONSO: Entón, entendo que o Partido Popular considera que o plantel de profesorado que temos aquí en Galicia é suficiente para facer fronte ás necesidades educativas



e que, polo tanto, non necesitan para nada sobrepasar a taxa de reposición. Iso é o que creo que estamos discutindo aquí, a posibilidade de que haxa taxa de reposición, pero sobre todo a vontade do Partido Popular de se vai incrementar ou non o número de profesorado, de prazas que se convocan, moito máis alá das vacantes que corresponden simplemente por xubilación. Iso é do que estamos falando aquí, señora Vázquez. E, polo tanto, non se trata de futuribles, porque imaxino que a Consellería estará empezando neste momento a preparar a oferta pública do próximo curso e, polo tanto, o que queremos saber é que criterios vai utilizar para facelo.

Por certo, un pequeno detalle, se están dous puntos por debaixo do 8 por cento, é máis dun 5 por cento a taxa de interinidade, pero, ben, esa é unha cuestión correspondente.

Eu, de verdade, é que non entendo esta situación; é dicir, vostedes din que estamos nun sistema educativo marabilloso, e nós, nos medios e na prensa continuamente estamos recibindo información de centros, de colexios, de situacións nas que se están queixando, precisamente, da redución do número de profesorado para os nenos con necesidades especiais, da redución dos coidadores, da redución do persoal de apoio. Aquí hai algo que non corresponde: ou é a información que nos dá a Xunta de Galicia ou a información que recibimos dos pais e as nais. As federación das ANPA de toda Galicia —e hai varias— están neste momento protestando pola situación, e vostede di que estamos calculando. Non, non, estanse producindo reducións significativas do número de profesorado de atención para alumnos con necesidades especiais, cando non se produce unha redución do número de rapaces con estas necesidades nesos centros; ao contrario, en moitos casos increméntase e, como consecuencia, a Xunta de Galicia toma a decisión de suprimir ou de compartir. Iso non pode ser, iso non pode ser unha educación de calidade.

A realidade é que vostede di: cubríronse o 21 por cento das prazas de profesorado de necesidades especiais. Ben, polo tanto, queda o 79 por cento vacante. Esas prazas necesitan, esas prazas son necesarias, precisamente, para cubrir eses rapaces con necesidades especiais, e iso é unha educación de calidade. E non me valen os indicadores e as comparacións con outras situacións, porque nesas comparacións depende dos indicadores que se utilicen e da situación. Falemos do sistema educativo galego; falemos de se este ano a calidade que se está dando do sistema educativo é mellor ou peor cá do ano pasado; falemos do número de profesorado, da atención para rapaces, que cada vez hai máis, máis rapaces, porque vostede anda aquí, digamos, dicindo que temos unha educación inclusiva. Precisamente, se temos unha educación inclusiva, aínda temos que facer máis esforzo. Esa é unha decisión política, e é a decisión política que ten que ter a Xunta, de se vai ir cara a unha educación inclusiva, cara a unha educación de calidade e cara a unha educación equitativa, poñendo os medios necesarios enriba da mesa para que todos os rapaces sexan atendidos, sobre todo os rapaces pequenos e de centros de rural...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

O señor ABALDE ALONSO: Esa é a realidade.

Como xa dixen o outro día, estase producindo aquí, en Galicia, unha situación moi diferente entre os centros do rural e os dos pobos pequenos, e entre os centros das cidades e as posi-



bilidades dos pais das cidades. Iso é responsabilidade do Partido Popular, iso é responsabilidade da xestión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Abalde.

Continuamos coa última proposición non de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e vinte e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe poñer en marcha a Xunta de Galicia co fin de promover políticas para xerar un maior valor engadido no sector lácteo galego e afrontar as consecuencias que sofre pola actual crise de prezos

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei non se presentou ningunha emenda.

Para defendela ten a palabra dona Ariadna Fernández González.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Boas tardes.

Grazas, presidenta.

Señorías, hai unha lámina de Castelao do 1926 dun labrego pobre que moxe unha vaca fraca, e por debaixo di: «Así quixeron que sempre fora esta terra». Hai cen anos, por España adiante, o leite pagábase a 0,63 pesetas; en Galiza, a 0,52. Este conto xa é vello. Agora, en 2024, preguntolles: ¿queren que sexa así a nosa terra sempre, señorías?

No ano 1989 tiñamos 85.000 explotacións gandeiras, no 2016, 10.200 e no 2024, 5.400. E hai unha frase que eu escoito sempre —que ando entre as vacas, que é todos os días—, que é: «Isto acábase». ¿Pero por que se acaba?

Para alguén que moxe vacas todos os días, para alguén que arrima comida, pasa os rodos sete días da semana, para alguén que anda no tractor bastante máis dunha xornada laboral de oito horas, chova, neve ou raie o sol, é evidente por que se acaba este sector, pero para vostedes, que parece que non queren entendelo ou que non queren pór lle solución, vóullelo explicar cunha radiografía clariña.

Miren, este litro de leite (*A señora Fernández González mostra unha botella de leite.*) podía ser dunha vaca de Mesía, da Pastoriza, de Rodeiro, de Lalín ou de Mazaricos, por exemplo. Producimos 4 de cada 10 litros do Estado. Somos referente en calidade, sostibilidade, trazabilidade, etc. Temos unha cultura gandeira propia, que nace nas explotacións familiares que sustentan e permiten a pervivencia deste sector. Somos o 56 por cento das granxas do Estado español, e levamos as entregas de produto un 65 por cento. Pasamos de muxir sentados nun



tallo e levar o leite en bidóns ao medio dunha aldea para que nolo recollese a leiteira nun cabalo a facer os nosos propios queixos, iogures, leite e a ter sistemas robotizados de muxido e tanques refrixerantes nas leiterías.

Situamos o límite da supervivencia nas 50 cabezas de gando. Cada vaca produce máis agora, un 18 por cento máis do que producía. Profesionalizámonos porque nos dixeron que os beneficios serían máis se aumentabamos a eficiencia, e mentíronnos, porque seguimos sen ter cartos.

Entón, vólvolles preguntar, señorías: ¿por que se acaba, se o estamos facendo ben? ¿Por que se acaba? Pois, miren, porque este litro de leite, (*A señora Fernández González mostra novamente a botella de leite.*) ao lado dun tanque de frío galego, vale 0,38 céntimos. Deses 0,38, o 55 por cento vai a insumos, máis da metade. E diso, boten contas, que son bastante fáciles. Iso débese á miseria de políticas de mobilización de terra agraria que levan practicando aquí durante anos.

Cústanos moito producir, vendemos moi barato, e xa dicía a conselleira na súa comparecencia —varias veces, ademais— que a industria láctea está moi, moi contenta co sector lácteo galego. ¡Non me estraña, estámoslle vendendo o leite máis barato do Estado! ¡Como para non estar contento! Había que lles preguntar aos gandeiros e ás gandeiras se estaban tan contentos coma eles. (*Aplausos.*)

¿E saben por que pasa isto? Pois, miren, pasa isto porque na lista das dez industrias do complexo lácteo galego só hai tres de capital galego, e a hexemonía téñena as estranxeiras. Por iso pasa. Temos un produto bo, temos un produto noso, temos un produto de calidade e unha cantidade abrumadora, pero a ganancia, coma sempre, vai para fóra, porque non temos capacidade para transformar aquí o noso produto e que os cartos queden no noso país, nas nosas industrias e nas nosas gandarías.

¿Pero que pasaría se este leite, (*A señora Fernández González mostra novamente a botella de leite e cámbiaa de man.*) en vez de ser galego, fose español? ¿Que pasaría? Pois, miren, que en campo se está pagando a 0,47 céntimos, ¡a 0,47 o mesmo leite! ¿Que pasaría se fose asturiano? A 0,51. ¿Que pasaría se fose de Castela? A 0,49. ¿Que pasaría se fose portugués, danés, alemán ou italiano? Que se estaría pagando máis, porque a tendencia europea do leite está á alza, pero o noso, como é galego, baixa. ¡Fíxense vostedes que casualidade!

¿Non lles dá vergonza que o leite se estea regalando en Galiza, que os gandeiros estean malvendendo o seu produto? Eu sentiría vergonza.

Pero, miren, non pasa nada porque levan dezaseis anos tendo unha capacidade de negociación nula por parte da Administración —¡dezaseis anos!— e as súas negociacións baséanse en que a conselleira apela á industria, á súa boa vontade; apela á industria e dilles: mirade, tedes que conservar os prezos do leite. E dixéronlle que si, dixéronlle que tiñan a vontade de manter os prezos do leite para permitir a estabilidade, pero leva baixando desde o 2023. ¡Fíxéronlle bo caso! (*Aplausos.*)



Aínda así, podemos estar tranquilos porque a Consellería seica está moi implicada. Crearon a nova Dirección Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria, pero moi ben non debe estar funcionando, porque, se estamos nesta situación, será porque non funciona ben. E teñen ferramentas; bótenlles a man, por favor, a esas ferramentas, se as teñen. Unha delas é o paquete lácteo, que leva vixente non sei cantos anos, e outra a Lei de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, que trouxeron —seica— ao sector trazabilidade e transparencia nas relacións comerciais.

Míren, eu levo vendo firmar contratos dende que son pequena, diante do meu establo, diante do establo dos meus pais, e gran parte da industria tráechelo o contrato, cóllelo, retórceste, reméxeste e fírmalo. ¿Sabedes por que? Porque, se non o firmas, déixanche de recoller e tes que tiralo, porque é un produto perecedeiro, porque son miles de litros cada día que van ao chan se non firmas. E dixeron na Comisión —dixo Cerviño— que actuarían con contundencia. ¡Por favor, actúen con contundencia! Pedímosllo de parte do sector lácteo; ¡actúen!

Precisamos informes da Comisión Galega de Competencia e do Comité Nacional do Mercado da Competencia; precisámoslos para saber se realmente a industria... —non, non, non poña cara de susto; precisámoslos—, para esclarecer se mostra un papel dominante e de privilexio nas negociacións. Precisámoslos. Precisamos que se reúnan os distintos conformantes da cadea na Mesa do Leite e que se recupere o funcionamento do Observatorio Lácteo Galego, coa súa mesa sectorial correspondente. Precisámoslo. E precisamos que se prime de xeito importante a calidade, tanto hixiénica como sanitaria do leite, e non só a cantidade, porque, se non, a metade das explotacións de pequeno tamaño van pechar. E esas son, precisamente, as que manteñen este sector lácteo, e a nosa cultura láctea e gandeira propias.

Precisamos que garantan a recollida. E, de non votar a favor, interpretaremos dende o BNG e dende o sector lácteo que é porque queren tirar por Galiza para atrás, en vez de empuxar para adiante, e síntolles dicir que non lles vai valer con subir aos tractores nas mobilizacións que se programen, porque esa foto do Goberno subindo aos tractores é vella, e nós o que necesitamos son solucións.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Daquela, non lles valerá para redimirse.

Para rematar, quero dicir que falaban vostedes antes —con chufa— do Goberno alternativo. ¿Onde estarían as axudas dignas que se van cobrar pola EHE en Galiza se non fose pola presión do Goberno alternativo? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Mixto rechaza intervir.

Ten agora a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Lara Méndez.



A señora MÉNDEZ LÓPEZ: Moitas grazas, presidenta.

Moi boas tardes a todos e a todas.

A verdade é que a urxencia da iniciativa entendiamos que non se xustificaba demasiado, porque viña dicir que a urxencia vén motivada pola situación na que se atopa o sector, que é a mesma que hai unha semana, un mes ou un ano, tal e como acaba de dicir tamén a señora Fernández, na que leva baixando o leite dende o ano 2023, e así o denunciaron tamén as organizacións agrarias. En todo caso, non se pode dicir nunca que este debate non sexa un tema que mereza a pena e do que haxa que falar, porque, á parte, hai necesidade de seguir falando del.

España é un país deficitario en produción de leite, ou o que vén sendo o mesmo: producimos menos leite da que consumimos. Ese é o principal motivo polo que non se entende que os prezos sexan historicamente dos máis baixos en comparación cos principais países europeos. E tampouco se entende que a industria non remunere de forma xusta os nosos e as nosas produtoras, para protexer o sector, garantindo a supervivencia das nosas gandarías, que á súa vez tamén garante a supervivencia da propia industria, que optou en moitas ocasións por traer leite doutros países excedentarios a prezos moi baixos, case sempre a perdas, porque lles sae máis rentable, sen darse conta de que, se os gandeiros acaban por abandonar, a seguinte en caer sería a propia industria, xa que sen produción local pouco lles custaría á gran distribución poñer o leite envasado e produtos elaborados nos lineais de venda españois, sen necesidade de pasar pola nosa industria.

A reivindicación máis básica está clara: necesitamos prezos xustos para os nosos gandeiros e gandeiras, e iso implica que, ademais de cubrir os custos de produción, deben ter un lexítimo beneficio industrial, como ten calquera outro negocio, xa que ninguén traballa só para cubrir eses custos, senón para vivir dignamente do seu traballo; traballo que, ademais, ten implicación noutros eidos do panorama do noso país.

Para conseguir estes obxectivos, o Goberno de Pedro Sánchez puxo en marcha a Lei de cadea alimentaria e o Real decreto 374/2022, que vén garantir —ou debería de facelo— que ningún esclavón da cadea alimentaria venda o seu produto por debaixo do que lle custa producir, pero, por desgraza, isto non se está a cumprir.

Para que isto sexa unha realidade, é imprescindible que os prezos aparezan referenciados nos contratos a índices obxectivos que teñan en conta as [...] nos custos de produción e tamén os prezos en terceiros países, que sempre foron referencia para a formación de prezos no noso país, como pode ser Francia e Portugal; pero ademais dos prezos dos produtos industriais nos mercados internacionais, como a manteiga e o leite en po. É dicir, é imprescindible que o prezo do leite en orixe suba ou baixe en función dos datos obxectivos do mercado e os custos e non en función das necesidades de cadrar as contas dos resultados dalgunha industria. Por iso, é necesario que a Xunta cumpra o seu compromiso co sector de poñer en marcha ese Observatorio Galego de Custos para que os contratos que se asinen no noso país teñan unha referencia obxectiva, con datos obxectivos, que permitan dar estabilidade e proporcionen certeza aos nosos produtores e produtoras, sabendo que, se o prezo sobe ou baixa, o fai porque os datos de mercado o avalan.



¿E por que un observatorio galego? Porque é unha obviedade, porque non custa menos, senón o mesmo, producir en Estremadura nin en Andalucía que en Galicia. O PP falará despois da Conta Láctea —temo—, que pode ser útil para algunhas explotacións con capacidade para levar unha rigorosa contabilidade e que saiban canto lles custa producir, pero isto ten efectos á hora de usar este dato na negociación dun contrato cunha industria láctea. Porque ¿alguén cre que un gandeiro de maneira individual ten capacidade para negociar o seu contrato? Todos sabemos que todos os contratos dunha industria son iguais e que non atenden a individualidades, polo que é preciso que este Observatorio dea luz á formación de prezos para os contratos, como tamén é preciso que a Xunta de Galicia poña en marcha a figura do mediador, que sería o recurso ao que gandeiros e industrias terían que acudir en caso de non chegar a acordos, evitando así situacións de abuso que se están a dar, onde se lles di: ou firmas este contrato que che poño enriba da mesa ou non che recollo.

Pero, ademais de todo isto, o sector en Galicia vese discriminado dende sempre por algún motivo difícil de coñecer, polo que sempre os prezos en orixe en Galicia son máis baixos que noutras comunidades. E esta situación vólvese aínda máis esperpéntica cando se trata de comunidades limítrofes, que se pode dicir que teñen os mesmos custos de produción ou similares, e cando os grandes centros de consumo son similares tamén, polo que o transporte tampouco xustifica esa diferenza á baixa nos prezos percibidos en Galicia. E, se queremos rizar o rizo, aínda é peor cando se trata de empresas como a que se cita na exposición de motivos, CAPSA, que recolle en Galicia e Asturias e, segundo teñen denunciado organizacións agrarias, pagan menos aos gandeiros galegos que aos asturianos. Precisamente, Unións Agrarias denunciaba este feito publicamente dicindo que era indefendible que un gandeiro en Vegadeo —dun lado da ponte— cobrase 5 céntimos máis por litro que un gandeiro en Ribadeo, simplemente polo feito de cruzar esa ponte, sendo un produto, como mínimo, da mesma calidade que o do outro lado da Ponte.

A raíz destas declaracións, a industria en cuestión, CAPSA, denunciou esta organización agraria, denunciou a Unións Agrarias no xulgado por verter falsas acusacións contra esta industria. Esta denuncia vén de substanciarse no Xulgado de Primeira Instancia de Instrución número 3 de Pola de Sieiro, e fallouse a favor desta organización agraria, desestimando a dita a demanda e impondo, ademais, as custas á citada industria en sentenza de data 4 de setembro de 2024, hai escasos días. Foi comunicada aínda a posteriori.

Visto isto, parece xusto que a Xunta de Galicia utilice todos os medios que ten ao seu alcance para impedir que se discrimine os nosos gandeiros en detrimento doutros de comunidades limítrofes. ¿E como pode facelo? Pois unha idea é supeditando as axudas públicas que se dan a industrias lácteas a que non se discrimine os gandeiros galegos. Non pedimos que se trate mellor os nosos gandeiros que aos doutras comunidades a cambio de axudas, senón que non se lle dean axudas a quen discrimine os nosos gandeiros. Simplemente pedimos igualdade de trato e igualdade de condicións.

Por iso, é preciso que a Xunta de Galicia poña en marcha as ferramentas inspectoras de que dispón para garantir que se cumpra a Lei da cadea alimentaria e que ningún gandeiro cobre por debaixo dos custos de produción, dotándoa de orzamento e medios humanos. Tamén é pre-



ciso poñer en marcha esta figura do mediador para que nos casos onde non se chegue a acordos se poida facer uso dela ou condicione as axudas ás industrias a que non discriminen os nosos gandeiros e gandeiras. É preciso ese Observatorio Público Galego de Custos que garanta a obxectividade na formación de prezos para asinar os contratos entre gandeiros e industrias.

Por iso, nós votaremos a favor desta iniciativa. E tamén —reitero— quero dicir que non nos cansaremos de seguir falando do tema porque moito temo que nos tocará seguir falando deste tema nesta ocasión e en moitas outras porque a Xunta non está a carón dos nosos gandeiros.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Viso.

O señor VISO DIÉGUEZ: Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

En primeiro lugar, quero agradecerlle a oportunidade de debater hoxe sobre un tema crucial para o noso rural, que é o sector lácteo, no que este goberno leva anos traballando para garantir o seu desenvolvemento sostible.

Tras analizar con detemento a súa proposición non de lei —que é ao que viñemos—, quero comezar destacando que moitos dos puntos que vostedes propoñen xa están en marcha tras as políticas implementadas por este goberno. Polo tanto, señores do BNG, señora Fernández, benvidos ao traballo que xa estamos avanzando. Pero, se analizamos máis de fondo e debullamos máis ao detalle, teño que sinalar a falta de rigor e a confusión que vostedes transmiten. Non só manexan información contraditoria, senón que tamén están a xerar un clima de desconfianza inxustificada cara a un sector que debemos protexer. Este tipo de discursos non benefician en absoluto os nosos gandeiros e gandeiras. Polo tanto, señorías, fagamos unha reflexión sobre a realidade do sector lácteo en Galicia.

Xa se falou aquí —e é un dato que todos coñecemos— nas últimas décadas de que a reconversión do sector lácteo nos levou a un aumento significativo no tamaño das explotacións, pero tamén é certo que Galicia segue sendo a comunidade que máis leite produce en todo o Estado español. Ademais, somos unha das dez rexións europeas con máis vacas de muxido, aínda que seguimos mantendo un número relevante de ganderías de pequeno tamaño.

Señorías, este é un sector fundamental para o noso rural, non cabe ningunha dúbida, e por iso o Goberno está comprometido a garantir as explotacións grandes e pequenas, as pequenas e as grandes, que sigan sendo viables. Agora ben, vostedes propoñen que a Comisión



Galega da Competencia e a Comisión Nacional dos Mercados da Competencia investiguen as supostas prácticas abusivas das grandes industrias lácteas. Ben, esta proposta, señorías, é unha reflexión que merece ser revisada en profundidade. Aínda que compartimos a preocupación por manter a equidade no sector, por suposto, debo sinalar que a súa proposta carece de fundamento sólido. Xa existen mecanismos como o Plan galego de control do sector lácteo no ámbito da cadea alimentaria —do que se falou aquí— que realiza inspeccións rigorosas para garantir que os prezos acordados cubran os custos de produción. Señorías, neste caso —no caso de incumprimento—, aplicaranse as sancións, aplicarase a lei, para iso temos a Lei 12/2013 —e sei do que estamos falando—. Señorías, non podemos aceptar as súas insinuacións de que existe un abuso masivo e desproporcionado por parte das grandes industrias, e así o vemos na súa PNL. As medidas que xa temos en marcha son suficientes para garantir o control efectivo e para calquera intento de distorsionar esta realidade. Polo tanto, vostedes con isto só xeran unha desconfianza innecesaria. A min gústame definilo como que vostedes fan lameiro.

Por outra banda, propoñen solicitar un informe sobre a distorsión dos prezos do leite entre os distintos territorios do Estado. Entendemos que vostedes —se volvemos á PNL— se refiren á diferenza dos 5 céntimos dos que falan entre o leite de Galicia e o leite de Asturias. Ben, unha diferenza que —se seguimos lendo e seguimos desenvolvendo esa PNL— vostedes mesmos xustifican na súa exposición de motivos ao mencionar o «reparto do valor» das cooperativas asturianas. Esta é unha realidade clara. Os gandeiros asturianos reciben un retorno cooperativo, e iso explica esta diferenza de prezo. Pero, non obstante, vostedes caen nunha contradición ao indicar que, a pesar de que en Asturias se pague máis polo leite —iso dino na súa PNL e, se non, léana, non sei se a leron todos—, a pesar diso, en Asturias seguen pechando explotacións. E, curiosamente, se imos ao dato de porcentaxe de abandono de explotacións leiteiras no ano 2024 entre Galicia e Asturias, vemos que o dato é moi similar. Polo tanto, señorías, isto, ¿que demostra? Temos que facer unha pregunta: isto, ¿que demostra? Pois isto demostra que o prezo do leite non é o único factor que explica o abandono das explotacións e que hai causas máis complexas que deben ser consideradas. Polo tanto —insisto—, non sexan vostedes superficiais nesa análise.

Tamén falan das necesidades de garantir igualdade de negociación no sector. Isto, señorías, non se pode simplificar. A realidade do sector lácteo é diversa e complexa e non todas as transaccións se realizan en condicións de dominio dunha parte sobre outra —da industria sobre os gandeiros—, ou iso parece que nos fan entender na súa PNL. Voulle poñer un exemplo: pensemos nunha miniqueixaría que lle compra o leite a unha explotación de 500 vacas. Ben, ¿cal é a posición dominante nesta transacción? Polo tanto —insisto—, non podemos caer en estereotipos sen analizar caso por caso, e isto é o que fai o Goberno galego mediante inspeccións regulares e rigorosas. Si, señorías, si.

Cando falan vostedes tamén de trazabilidade e de transparencia nas transaccións, debo lembrarllas —e aquí falárono, e a señora Lara comentouno— que o Observatorio Lácteo de Galicia leva anos funcionando, por suposto; non obstante ese Observatorio, nas próximas semanas publicarase un novo regulamento, un novo decreto, que reforzará a súa estrutura



e mellorará o seu funcionamento co fin de garantir aínda máis a transparencia e de mellorar a comunicación entre todos os actores.

Tamén outra cousa é que vostedes solicitan manter reunións coas industrias transformadoras para revisar as primas de volume e as características hixiénico-sanitarias. Volvemos ao mesmo, outra vez caen en contradición. Por un lado, solicitan que se fixen primas de volume producido, pero, ao mesmo tempo, reclaman que os gandeiros de baixa produción sexan remunerados de maneira equitativa cos de alta produción. Ben, señorías, se len ben, daranse conta de que están nunha contradición.

Ademais, vostedes tamén nos falan na súa PNL de impulsar iniciativas industriais. Chegan tarde. Debo recordarlles que xa temos traballado nese sentido. A creación do grupo cooperativo Clun, froito da fusión, como ben saben, de Feiraco, Melisanto e Irmandiños, é un exemplo claro. Esta gran cooperativa produce, recolle, transforma e comercializa. Recordemos que estamos falando dunha industria de 314 gandeiros e de preto de 14 millóns de litros, segundo os datos do ano 2023. Por iso, estamos avanzando cara a unha industria láctea, indubidablemente, cada vez máis forte e competitiva, loxicamente, que é o que vostedes tamén propoñen aquí, e este goberno xa está traballando niso.

E tamén falan de desenvolver medidas que poñan en valor o leite galego. Volvemos ao mesmo, imos á PNL. Quero recordarlles que a Xunta de Galicia leva anos promovendo o leite galego a través de distintas marcas de calidade: aquí temos «Galega 100 %», «Galicia Calidade», «Artesanía Alimentaria» ou as diferentes campañas de promoción das denominacións de orixe de queixo galego. E, ademais, para reforzar, proximamente vaixe lanzar o que é o selo de «Leite de pastoreo», que reforzará, por suposto, aínda máis este sector.

Polo tanto —en conclusión—, señorías, o Goberno galego está comprometido co sector lácteo e traballamos arreo para garantir o seu futuro. A súa proposta cae en erros de análise e de falta de rigor. Estamos, por suposto, xa a facer moito do que vostedes propoñen, e seguiremos traballando co mesmo compromiso para apoiar os nosos gandeiros e gandeiras, que son a base do noso rural.

Polo tanto, saian dese lameiro. E, por suposto, non podemos apoiar a súa PNL.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o peche, a autora da proposición, a señora Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Eu tamén sei de que falo, basicamente porque muxín onte pola noite; iso, o primeiro. *(Aplausos.)* Isto *(A señora Fernández González fai un xesto cos dedos índice e polgar que indica que é moi pouco.)* é o que lle queda de ganancia a un gandeiro galego por cada litro de leite, e isto *(A señora Fernández González fai novamente o mesmo xesto.)*



é o que fan vostedes por ese sector todos os días. Isto (*A señora Fernández González fai novamente un xesto cos dedos.*), case nada. (*Aplausos.*)

Pecharon —voulle dar datos— 400 explotacións en 2023. En Europa cada explotación ten 40 hectáreas de media; nós, 25, repartidas en 60 parcelas. Aquí a terra mídese en ferrados, señoría, non en hectáreas.

O límite da supervivencia das explotacións está en 50 cabezas; primase a cantidade, non a calidade. As explotacións pequenas están condenadas a desaparecer; de feito, desapareceron o 40 por cento nos últimos catro anos. Son datos da prensa, non os inventamos no BNG, señoría.

O diferencial de prezos co resto do Estado é un escándalo, ¡un escándalo! (*Aplausos.*) Pero aínda é peor sabendo que a manteiga chegou a prezos de cotización históricos; é dicir, en Europa sobe o leite e en Galiza, baixa. Ben, o 85 por cento do volume do leite galego que se entrega faise en contratos de menos de seis meses. Oito de cada dez gandeiros galegos non saben que vai pasar coa súa empresa en seis meses. ¡Mirade vós que situación tan boa temos no sector, vamos! (*Aplausos.*) E o leite baixa xa catro veces máis para o produtor que para o consumidor. Hai oito distribuidoras que son sospeitosas de incorrer en ilegalidade, porque teñen o prezo de todas as súas marcas brancas igual. ¡Que casualidade!

Ben, pero para exemplos de irregularidades e do ben que nos foi, póñolle o do cártel do leite. A Audiencia de Madrid acaba de darlles a razón aos gandeiros. Parte dun grupo de empresas do sector lácteo pactaban prezos e os gandeiros non tiñan ningunha capacidade de negociación.

E voulle ler, para que saiba, que aqueles que estamos coas botas de goma na lama, que vostede di... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Son moi pesada! ¡Eu son pesadísima! ¡Somos pesados falando do sector lácteo, chicos, hai que estar calados! (*Aplausos.*)

Direille a pregunta. A miña pregunta aos gandeiros era: ¿cando a industria che leva o contrato do leite, ¿tes capacidade para negociar? O primeiro respondeu: «O contrato vén para firmar, non che dan opción». O segundo: «Vén cuberto. Se firmas ben e, se non, búscaste a vida». O terceiro: «O prezo vén posto por eles, ¡home claro!» O cuarto: «Viña feito. Nós unha vez puxémonos moi duros porque eramos os que máis leite produciamos e conseguimos un céntimo de máis» —¡Unha vez!—. Outro: «Non se negocia nada; firmas se queres e, se non, non che recollen máis e buscas quen cho queira, que non é fácil, porque lles sobra a todos. E pagan todos parecido, con contratos do leite firmados; baixaron os prezos e rompéronse. Firmáronse á baixa e, cando soben, ¿que pasa? Que estamos atados ao papel. ¡Fixádevos vós que igualdade de negociación!» (*Aplausos.*)

Non é raro que isto se acabe e que non teñamos relevo xeracional, señorías. Agora a pregunta é: ¿Vostedes respectan aos gandeiros ou gobernan só para uns poucos?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.



A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: —Agora mesmo, presidenta—.

Debuxou Castelao un rapaz que lle preguntaba á súa nai: «¿É para que valen os deputados?»
E contestáballe ela: «Non o sei, meu fillo».

Espero non ter que dicirles eu aos gandeiros e ás gandeiras que non sei para que valen os deputados do Goberno, porque nesa botella de leite que traía eu está a dignidade dun sector. O leite é noso e a razón, señorías, tamén. *(Aplausos.)*


A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Suspendemos a sesión, e retomarase mañá ás 10 horas.

Boa tarde/noite a todos.

Suspéndese a sesión ás oito e catro minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

